

ONS

A ILLA QUE NAVEGA NO TEMPO



Arturo S. Cidrás

**ONS. A ILLA QUE
NAVEGA NO TEMPO**

© Arturo Sánchez Cidrás

«Ons. A illa que navega no tempo»

© Limiar - Xaime Toxo

«As paisaxes humanas»

Colabora o grupo “O mar por diante” e o Ateneo de Pontevedra

Depósito legal:

Impreso en Irisar deseño e impresión – Cangas 2021

Editado polo concello de Bueu

*Para que Emma, Martín, Carmen e Juan
sigan o camiño comezado polo pasado
do seu pobo.*

Limiar

AS PAISAXES HUMANAS

Os que tratamos a Arturo Sánchez Cidrás desde hai tempo sabemos do compromiso fundamente humano que late nas investigacións de carácter histórico que o autor leva a cabo. Hai unha profunda análise e tratamento psicolóxico de dous personaxes neste excelente traballo elaborado por Arturo Sánchez para presentar ás xornadas de O MAR POR DIANTE correspondentes ao verán do 2021.

Detrás dos grandes decorados históricos, que refulxen con luz propia, aparecen os persoeiros aos que lles tocou vivir ese instante para iluminar ou ensombrecer determinados acontecementos, situacións..., avatares dotados dun inevitable contido moral, épico e tamén – por que non dicilo – trágico.

Na década dos anos setenta do século pasado saímos dunha ditadura que secuestrara a historia de todos para ofrecernos unha única visión edulcorada, mistificada e interesada a favor dos grupos de poder que saíran triunfantes da guerra civil española.

Investigar os feitos acontecidos como consecuencia do golpe de Estado de 1936 era nese momento sumamente complexo debido á memoria do terror e a represión imperante que o exercito golpista e os grupos paramilitares impuxeran sobre a sociedade.

A non asunción de responsabilidades por parte de sectores conservadores e reaccionarios da súa participación nuns feitos que orixinaron un enfrontamento civil de incalculables consecuencias mantiña o estado da cuestión nunha latencia inadmisíbel para unha sociedade que aspiraba a regularse por mecanismos legalmente democráticos. Un deles, fundamental para a dignidade cívica de calquera grupo, é a análise e coñecemento veraz da propia historia.

Unha das figuras que metaforicamente representaba mellor ese silencio imposto era a de Didio Riobó Bustelo (1888-1936), dono da illa de Ons, pertencente a unha ilustrada familia de clase media alta, “presumiblemente” masón e republicano, morto en circunstancias trágicas de suicidio por aforcamento nunha dependencia da súa propiedade na illa nunha madrugada de outubro de 1936.

Arturo Sánchez elabora cos vimbios da estirpe familiar da familia Riobó un mural extraordinario da historia de Bueu durante unha época que vai de 1860, cando nace Manuel Riobó Guimeráns, pai de Didio, ata o falecemento deste en 1936. Posúe este traballo o tratamento rigoroso que o autor concede a todas as investigacións que emprende e, ao mesmo tempo, consegue transmitirnos a vibrante esencia dun relato histórico daquela España en decadencia, onde non acaba de agromar a modernidade reformadora que dea lugar a un auténtico Estado Constitucional de dereitos democráticos.

Ler este texto de Arturo Sánchez non é só descubrir e coñecer unha parte fundamental do que foi a nosa historia local, polo demais imprescindible para entender o presente, tamén supón afondar no temperamento, motivacións e personalidade de dúas figuras reais ás que Arturo Sánchez logra iso tan difícil que é convertelas en paradigma (épico no caso de Manuel, trágico no de Dídio) dunha época.

Xaime Toxo, verán 2021.

**« Outras miradas
aos Riobó, últimos
donos das Illas de Ons»**


«Outras miradas aos Riobó, últimos donos das Illas de Ons»

A mirada amable á historia dos lugares que marcan a toponimia dun pobo a máis das veces ten o foco nas xentes que os habitaron, que os fixeron ou reivindicaron coma seus. Esta premisa permitírame trazar o fío condutor deste artigo onde o triángulo Cela-Bueu-Ons será o espazo de acubillo dunha familia coma os Riobó. Paisaxe este que os viu nacer, posuír e repousar a perpetuidade.

Como en toda biografía, e máis se é familiar, os datos, como os feitos, amósanse complexos e de incerteza dado que percorren camiños coincidentes, paralelos e ata diverxentes en todas e cada unha das combinacións dos seus membros. Para evitar colapsar co exceso de datos que se crucen, eludirei estenderme no que se pode atopar noutros medios de forma máis ou menos monográfica. Así tamén conseguiremos ter moitas máis pezas do crebacabezas que nos permitirá achegar con criterio documentado e con información oral contrastada á familia Riobó e, dentro desta de forma un pouco máis ampla, a Manuel Riobó Guimeráns e ao seu fillo Dídio Riobó Bustelo por seren os personaxes centrais da illa de Ons do século pasado, os últimos donos-administradores.

Ascendentes

As primeiras veces que temos contacto documental co apelido Riobó na circunscrición de Bueu é en setembro de 1687 no Procedemento para o apeo e recoñecemento do muiño da Casela que enche e posúe Pedro da Portela, Juam de Riobó, Pedro Martínez de Quintas e outros consortes presentándose ao Prior de Ermelo Frei Juan de Salinas. Pero a partires do século XVIII atopámolo en bastantes árbores familiares tanto como apelido



Apeo Conde de Maceda

paterno coma materno e repartido por diversos lugares e parroquias de Bueu repetíndose con máis frecuencia dende o lugar de A Torre ata a Paradela, na parte alta da parroquia de Cela. Outros apelidos que tamén se asocian con Cela, polo alto número de poboación que o levan, son Lo(v)beira, García e Freire.

Este último apelido, Freire, está fortemente ligado co lugar de A Torre e non tanta coa “torre” que hai no lugar que foi “casa de Cela” dos Alvar Páez¹, Paio Gómez de Soutomaior (1454), Diego Álvarez de Soutomaior (1581), condes de Maceda², marqueses de Castelar e da Sierra, etc.

O vínculo dos Freire vén desde que o familiar do Santo Oficio, Benito Freire e a súa muller María Freire construíron casa anexa á “torre” mencionada. Os seus descendentes (labregos podentes, escribáns, curas, etc.) foron os que exerceron propiedade na contorna e familiares destes, como Bernarda Freire que casou con Manuel Riobó, bisavós paternos de Manuel Riobó Guimeráns que, sen acadar o empoderamento dos seus devanceiros, seguiron a vivir das terras no lugar de A Torre. Ao inicio dos anos oitenta do s. XVIII tiveron un fillo chamado Vicente que foi zapateiro no lugar de A Pena onde casou e outro ao que puxeron Manuel que seguiu o oficio de labrego dos seus pais no lugar de A Torre onde seguiu a vivir logo de casar cunha veciña chamada María da Costa del Río (filla Gerónimo e Antonia). Manuel e María tiveron catro fillos (Agustina, Manuela, Manuel e Juan). Manuela, solteira, e Manuel de solteiro e de casado, viviron cos seus pais en A Torre. Os demais o fixeron ata que se casaron, como Agustina, ou se independizaran como no caso do seu

¹ Cando este recibe do Arcebispo Rodrigo Moscoso a metade da freguesía de Cela.

² En 1691-95 o escribán de Castrelo-Vigo Francisco Malvido Varela realiza un Apeo para Joseph Benito de Lanzós Noboa Andrade Taboada coa intención de poñer en claro os seus bens e dereitos sobre estes no Morrazo e, dentro destes, do lugar de A Torre.

The chart illustrates the lineage of the Guimerans family across three generations. The top generation includes Manuel Riobo, Bernarda Freire, Gerónimo da Costa, and Antonia del Río. The middle generation shows their descendants, including Vicente Riobo Freire, Manuel Riobo Freire, Maria Dacosta del Río, Juan Guimerans de Bueu, and Dominga Portela Soliño. The bottom generation features Agustina Riobo Dacosta, Manuela Riobo Dacosta, Manuel Riobo Dacosta, Juan Riobo Dacosta, M^a de la Cruz Guimerans Portela, Benita Guimerans Portela, Manuel Guimerans Portela, Manuel Riobo Guimerans, José Riobo Guimerans, and Dominga Riobo Guimerans. Each entry includes the individual's name, their role or occupation, and their birth and death dates.

```

graph TD
    MR1[MANUEL RIOBO  
zapateiro ±1781  
A Pena +14-4-1856] --- BF[BERNARDA FREIRE]
    MR1 --- GDC[GERÓNIMO DA COSTA]
    BF --- VRF[VICENTE RIOBO FREIRE  
zapateiro ±1781  
A Pena +14-4-1856]
    BF --- MRF[MANUEL RIOBO FREIRE  
Labrego de Cela  
±1781/+27-7-1868]
    GDC --- MRD[MARIA DACOSTA DEL RIO  
Torre-Cela  
+17-12-1860]
    GDC --- AR[ANTONIA DEL RÍO]
    MRF --- AR
    MRF --- MRD
    MRD --- JR[D. JUAN RIOBO DACOSTA  
nado en Casa aos 33  
Zapateiro  
+26-10-1868]
    JR --- MRG1[MANUEL RIOBO GUIMERANS  
Igrexario de Cela 2-2-1860  
+30-12-1933]
    JR --- JRG[JOSÉ RIOBO GUIMERANS  
Igrexario de Cela 5-4-1862  
+1-12-1866]
    JR --- DRG[DOMINGA RIOBO GUIMERANS  
Igrexario de Cela 11-2-1865]
    MRD --- JG[Juan Guimerans de Bueu]
    JG --- MDC[Ma DE LA CRUZ GUIMERANS PORTELA  
Nada en Bueu en 1822  
Casa 17-3-1859 con 34 anos  
+9-4-1894]
    JG --- BG[BENITA GUIMERANS PORTELA  
Neiro ±1824  
+27-6-1894]
    JG --- MG[MANUEL GUIMERANS PORTELA  
Neiro ±1832]
  
```

MANUEL RIOBO
zapateiro ±1781
A Pena +14-4-1856

BERNARDA FREIRE

GERÓNIMO DA COSTA

ANTONIA DEL RÍO

VICENTE RIOBO FREIRE
zapateiro ±1781
A Pena +14-4-1856

MANUEL RIOBO FREIRE
Labrego de Cela
±1781/+27-7-1868

MARIA DACOSTA DEL RIO
Torre-Cela
+17-12-1860

JUAN GUIMERANS
de Bueu

DOMINGA PORTELA SOLIÑO
de Neiro

AGUSTINA RIOBO DACOSTA

MANUELA RIOBO DACOSTA
±1810

MANUEL RIOBO DACOSTA
zapateiro ±1818

JUAN RIOBO DACOSTA
nado en Casa aos 33
Zapateiro
+26-10-1868

M^a DE LA CRUZ GUIMERANS PORTELA
Nada en Bueu en 1822
Casa 17-3-1859 con 34 anos
+9-4-1894

BENITA GUIMERANS PORTELA
Neiro ±1824
+27-6-1894

MANUEL GUIMERANS PORTELA
Neiro ±1832

MANUEL RIOBO GUIMERANS
Igrexario de Cela 2-2-1860
+30-12-1933

JOSÉ RIOBO GUIMERANS
Igrexario de Cela 5-4-1862
+1-12-1866

DOMINGA RIOBO GUIMERANS
Igrexario de Cela 11-2-1865

Cela
Mant Parti le 22 M^{re} Vela pour Esquivans
N^{re} 2 Feb^r 1860 Sglt. L^{re}

13

1865) a quen puxeron o nome da súa avoa materna, Dominga³. Durante catro anos estivo a familia ao completo: os pais e os seus tres fillos. A gadaña da morte con forma de febres segou a vida do irmán José (1-12-1866). Deste irmán, poucos lembraron a súa existencia xa que faleceu moi novo, acontecemento que debeu deixar un baleiro no corazón do neno Manuel que estaba a pouco de cumprir 7 anos.

A Manuel lle quedaban máis despedidas dolorosas que marcarían a súa existencia no futuro. Sería o 1868 un ano aciago, no que faleceu primeiro seu avó Manuel (27-7-1868) e logo o seu pai, que o levou unha pulmonía o 26 de outubro deixando unha familia desfeita con dous fillos orfos e a unha viúva sen moitos medios para sacalos adiante.

Foi un ano duro para a familia na que nai e fillo que, aínda que de curta idade, tiñan que coidar unha nena de tres anos (morrería pouco despois) e arrimar o ombreiro nas tarefas da casa e do campo.

A escola

Manuel ía medrando e en Cela non había escola. O seu futuro camiñaba á par de case todos os nenos da parroquia, polas leiras, viñas e montes como un pobre labrego máis e, por enriba, analfabeto.

A luz acendeuse coa creación dunha escola incompleta de nenos para Cela da que estaba pendente a figura do mestre que se comeza a resolver (30-5-1869) pola Xunta Provincial de Instrución Pública designando a Manuel Antonio Bares Fariña. Nomeamento do que se tivo constancia o día 13-6-1869 no Pleno Municipal, que presidía o alcalde José Domínguez Fontenla.

³ Tamén coincide o nome co dunha tía que morrera o ano anterior. Estaba Casada con Manuel Riobó Dacosta.

Días despois, no pleno do 20 de xuño, vólvese a retomar o tema da escola de Stª María de Cela e “... *acorda a Corporación que de conformidade ao que por aquela ordena expedir ao agraciado o título de emprego autorizado na forma que se prescribe e quede verificado e proporcionado o local en que se deba impartir a ensinanza se lle dea a posesión del coa brevidade...*”. O 1 de xullo toma posesión das credenciais e o aspecto do local para casa-escola resólvese o día 18 do mesmo mes proponendo para a mesma alugar por cento corenta reais anuais a casa de Benito Garrido Beloso que ten no lugar de A Torre.



Lugar de A Torre-Cela

O 1 de xullo toma posesión das credenciais e o aspecto do local para casa-escola resólvese o día 18 do mesmo mes proponendo para a mesma alugar por cento corenta reais anuais a casa de Benito Garrido Beloso que ten no lugar de A Torre.

Manuel Antonio Bares (1-6-1823/+8-10-1891) era un mestre nado en Bueu, pobo do que foi alcalde en dúas ocasións (1862-63 e 1868-69). Antes de optar á escola incompleta de Cela daba clases particulares nun baixo da actual Montero Ríos. Foi pai, entre outros, de mestres como Matilde Bares e Manuel A. Bares Giráldez.

Morreu sendo mestre de Cela, na mesma escola que dirixiu durante 22 anos.

Os estudos de Manuel Riobó

Sería Manuel A. Bares o primeiro en decatarse da valía académica do seu alumno pois en pouco tempo o temos en disposición de acceso a estudos máis alá da Educación Primaria. Pero para iso precisábase un respaldo económico que a familia non posuía. Para estes casos o habitual nas parroquias do rural era a intervención do párroco que adoitaba canalizalos cara á carreira eclesiástica. Non temos constancia de que o cura de Cela, Manuel de Lis Meijón, o intentara ou que, co mestre Manuel Antonio, se buscasen outras

fontes de financiación na procura de darlle saída ao talento do neno Manuel.

O que si sabemos é que Manuel Riobó acabou facendo bacharelato no instituto da cidade de Pontevedra polo que, ante as difíciles comunicacións desde Cela coa mesma non tivo máis remedio que residir nela durante os cursos escolares. Rematados os estudos estivo vivindo en Santiago un tempo. Tanto en Pontevedra coma en Santiago “*ocupouse de certos traballos de escritura*” e Manuel axudaba tamén á súa nai cos cartos gañados, e outras veces era a súa nai a que aportaba algo. Pero coas contribucións esporádicas da nai e do propio Manuel non era suficiente para unha dedicación estable ao estudo fóra da casa, polo que nalgúns momentos e ante as dificultades económicas tivera que deixar de estudar en Santiago. Así tivo que pasar todo un ano (1879) e parte doutro (1880) traballando na casa de Cela ocupándose dos labores propios da labranza, podado da viñas, etc. pero sen abandonar de todo os libros.

Dende que comezara o instituto o seu mantemento tiña unha fonte de financiamento máis ou menos axustada, pero case sempre estable. Logo, de onde viñan os cartos? Quen foi o mecenas que se fixo cargo da máis grande parte dos gastos dos seus estudos e por que? As respostas durante moito tempo foron un ruxerruxe de todo tipo.

Presentación a quintas

Unha primeira e incompleta resposta a estas interrogantes as dou súa nai cando presentou alegacións para que Manuel fora excluído de ir ao servizo militar coa desculpa legal (Lei de Quintas parágrafo 2º artigo 92) “*fundada en que sendo viúva e pobre, o mozo de que se trata é quen a sostén en termos que sen o seu auxilio non podería subsistir [...] aínda que era certo estudiaba, é debido a unha persoa*


caritativa que lle aporta os indispensables medios por carecer a mesma dos suficientes.”

Por certo, nesa presentación das Quintas de 1880 non concorreu Manuel “*en razón de atoparse indisposto*”. A pesar de todo, o concello o declarou «soldado» polo que para conseguir a exclusión do servizo militar tiveron que recorrer o fallo ante a Deputación, onde foi excluído na sesión do 10 de abril, pero “*suxeito a presentarse nas sucesivas quendas como incluído na reserva.*”

1881 é un ano crucial para Manuel Riobó pois comeza a carreira de Medicina e faino dedicándolle todo o tempo e interese pero sen esquecer á súa nai “*a quen axuda entregándolle os socorros que lle é posible e procura o mozo axenciar polas ocupacións que se proporciona nas horas e días que lle é compatible e prestándolle o seu servizo persoal nos labores do campo cando vén á casa...*”.

Será na revisión de exención a Quintas deste ano, á que Manuel Riobó de novo non se presenta por, segundo a súa nai, estar “*en Santiago actualmente onde se dedica ao estudo por conta dunha persoa caritativa que o protexe*”.

Pero a clave a moitas das cuestións que vimos expondo vén da man dunha das catro testemuñas, todas elas veciños da parroquia de Cela. Trátase de Domingo Antonio Lobeira que na súa declaración “*adianta que por razóns de consideración é el quen segundo llo permite a súa fortuna, soporta os gastos de estancia del Manuel fóra da súa casa para que adquira algúns coñecementos en razón de non poder verificalo súa nai a quen considera pobre en formas que sen o*



Certificado do cura de Cela

seu fillo malamente poderá valerse cal tamén aseguran as demais testemuñas”. Xa temos ao mecenas:

Domingo Antonio Lobeira Santaclara naceu en 1828 no lugar da Paradela-Cela, era o segundo dos fillos de Francisco e Dominga. Seus imáns emigraron e súa nai enviuvou polo que quedou na casa con ela e a irmá pequena para traballar as terras, que eran moitas. No 1851 casa con Josefa Riobó Carballo e teñen catro fillas, María, Francisca, Benita e Manuela. Anos despois, Domingo Antonio e Josefa Riobó pasaron a vivir ao lugar do Igrexario.

Con este pequeno marco real e documentado mesturáronse moitas interpretacións e xustificacións que chegaron de forma oral e escrita ata os nosos días. Se Domingo Antonio, persoa instruída, era tamén de profesión perito a máis de labrego rico; que se o fixera como inversión para asegurar o futuro dalgunha das fillas, concretamente a máis pequena, Benita, que segundo dicían namorara Manuel Riobó (Benita casou ao ano seguinte que Manuel); que se (aquí poderíanse engadir unha morea de especulacións).

Se pensamos na relación de parentesco que tiña, por parte do pai, Manuel Riobó con Josefa Riobó Carballo, muller de Manuel Antonio Lobeira, encaixa como máis normal o de que un familiar cunha economía máis folgada axude a outro desvalido pero con grandes posibilidades de triunfo e máis de prestixio como é ser médico. O certo é que si foi relevante a axuda para a biografía de Manuel, polo que non nos debería importar tanto o por que da mesma. Deixaremos que o tema siga no campo da especulación porque a verdade levárona á tumba M^a Cruz Guimeráns, seu fillo Manuel e o matrimonio Domingo Antonio e Josefa Riobó.

Nos anos 1882 e 1883 segue a estudar en Santiago pero cun baixo rendemento académico motivado pola atención á súa nai xa que “lle

manda de vez en cando algún diñeiro dos aforros e o que pode proporcionarse por traballar de Escribán e outros, [...] ademais de que se dedica a certos labores do campo cando vén á casa e todo iso por servir á súa nai e axudala en todo". Pero tamén o distraen os amoríos coa filla da Sra. Concha, gobernanta e dona da casa-pensión na que se aloxa na rúa dos Bautizados (céntrica rúa que baixa da praza do Toural cara o Parque Alameda santiaguesa).

E así chega a 1884, ano importante no persoal e nos estudos para Manuel Riobó. No persoal, Manuel casa con Dolores Bustelo Tojo, unha das tres fillas de Concepción e José donos da pensión citada onde viviron un tempo, xa que tamén o fixeron noutra casa que os sogros tiñan no nº 2 da rúa Camiño Novo.

No académico lle quedaban unha gran cantidade de materias por presentarse. A necesidade de acadar a meta de ser médico vese acrecentada polas responsabilidades familiares o que o levou a incrementar o número de materias a examinarse, neste caso as facía por 'libre', e a opositar no Hospital Clínico da Facultade de Medicina de Santiago como alumno interno numerario. Ao aprobar esta oposición estivo traballando, o que implicaba ter un soldo de 39,38 pesetas/mes, dende novembro de 1884 ata finais de outubro de 1886 (1 ano 11 meses e 27 días).

O sábado, 5 de setembro de 1885, á familia Riobó-Bustelo nácelle en Santa M^a de Conxo, termo municipal de Santiago, o seu primeiro fillo ao que poñen o nome de Alfonso Narciso. Este evento reforzou a vontade de Manuel de facer un esforzo máis e rematar os estudos de Medicina. Pero para obter o título final, debía someterse a un exame de diagnóstico e o tema que lle correspondeu a Manuel Riobó era sobre a *lordose* ou curvatura cóncava cara atrás da columna na rexión cervical ou lumbar; exame que resolveu sen moitas dificultades obtendo a licenciatura en Medicina.

Xa co título de doutor na man deciden virse a vivir e traballar a Bueu. Nun principio o fai na casa natal do Igrexario-Cela, que segue a estar habitada pola súa nai, para logo probar durante un tempo preto do mar. Alugan unha casa no lugar de Loureiro onde Dolores deu a luz unha nena o día 2 de maio dese ano de 1887 á que puxeron de nome Sofía, e que sería a única rapaza da familia e, co tempo, a que levaría as rendas do fogar e do coidado do contorno do seu pai.

Dende o mes de setembro chegaban noticias de que na illa de Ons asentara un preocupante brote epidémico de febre tifoide. Por esas datas o ex-ministro de Fomento, o Sr. Montero Ríos, está a percorrer os distritos de Noia e Muros e tiña na axenda ir tamén á Illa de Ons. A última hora decide cancelar a visita ante as noticias alarmantes que recollen os medios de comunicación, como *El País*, *La Iberia* e outros (5-9-1887), que seguen á noticia: “*existe unha epidemia tifoide que aniquila aos seus habitantes e outra epidemia de miseria que decimara aos mesmos*”. Falan tamén de remediar dito mal da man da Deputación e a través das xestións do mesmo Montero Ríos. De feito, no xornal *El Lucense* do mesmo día, di que o gobernador recibiu unha petición dos habitantes da illa solicitándolle facultativo, menciñas e roupas; e que este ordenou que vaia á illa un médico da capital para que estude as causas do mal e propoña medidas hixiénicas para atallalo.

Manuel Riobó Guimeráns facía pouco máis dun ano de que se licenciara en Medicina e que trataba de facerse un oco como médico do seu pobo, polo que decide presentarse voluntario (1888) para ver de axudar a atallar o brote en Ons. Os resultados foron altamente favorables xa que non morreu ninguén máis de tifo ao longo do ano e o recoñecemento ao seu labor foi grande tanto das autoridades como dos seus conveciños. O alcalde Manuel González Plá lle estende un certificado resaltando a súa actuación na Illa de Ons

combatendo o tifo «que tanto alporizaron os ánimos daqueles míseros habitantes».

Con 28 anos comezara con bo pé a súa carreira como médico e o ano aínda lle reservaba máis momentos felices. Como na noite do xoves, 6 de decembro, a familia Riobó estaba na casa que alugaran no barrio da Praia sen número, á que pouco antes se trasladaran para estar máis preto do centro do pobo. A súa dona, Dolores Bustelo Tojo, ás 22 horas daba a luz a outro fillo, un neno ao que lle puxeron o nome de Dídio Ismael.

Os Riobó en Filipinas

A familia ía medrando e había que facer fronte ás dificultades para acadar un futuro venturoso para a mesma, e o pai de Dídio apúntase, un ano máis tarde, voluntario como médico para Filipinas onde foi admitido e destinado a Romblón (5-6-1890). Como a súa muller estaba de novo embarazada quedou en Cela na casa familiar coas avoas dos nenos, M^a de la Cruz e a súa nai, Concepción Tojo Guldres. Dídio e os seus irmáns Alfonso e Sofía estiveron con elas ata que, pasadas as festas de Nadal, parten todos para xunto o pai, pero o fan cun membro máis do que puxeran o nome de Eligio, que nacera o 8 de decembro de 1890. Manuel agora estaba destinado na cidade de Cagayán de Misamis na illa de Mindanao ao que accedera por concurso interno “*entre os médicos titulares propietarios*”.

Será nas Illas Filipinas onde transcorrerá para Dídio e os seus irmáns unha parte importante da súa infancia, se exceptuamos algúns dos períodos que pasou en Bueu como o ano 1893 e parte do 1894, tempo que precisou seu pai para repoñerse dun paludismo crónico e dunha gastroenterite que se contaxiara nas terras filipinas. Estadía que tamén aproveitou Manuel Riobó para doutorarse en

Madrid defendendo a tese “*Regulación da calor na febre e as súas relacións coa temperatura hiper-pirética post mortem*”.

Nos primeiros días do mes de xaneiro, a familia Riobó parte de novo para Filipinas onde Manuel toma posesión (16-4-1894) da súa nova praza por permuta en Cápiz (Panay). Será aquí onde lle chegue a triste noticia do falecemento da súa nai M^a de la Cruz, ocorrida o 8 dese mesmo mes de abril.

Ao pouco tempo cesa “*nesta provincia para pasar a ocupar igual cargo cos seus respectivos anexos na segunda capital deste arquipélago provincia de Iloílo, en virtude*” dunha nova permuta. Será aquí onde comece o seu labor complementario de industrial coa instalación de pequenos negocios. Os rigores do clima tropical, a falta de hixiene na poboación e a proliferación de enfermidades endémicas, axudaron a menoscabar a saúde da súa muller Dolores Bustelo que faleceu deixando catro nenos aínda pequenos.

O 10 de abril de 1897 celébrase en Bueu a voda de Mercedes Bustelo, cuñada de Manuel Riobó, co monfortino Perfecto Somoza Arias, que neses momentos estaba dentro “*do cadro orgánico de recrutamento afecto á Comandancia de Pontevedra*” como tenente de carabineiros, persoa que chegaría na escala de mando a acadar os máis altos graos.

Anos despois falando deste acontecemento con Manuel Gutiérrez⁴, comentaba que de estar Dídio en Bueu nesa data, sería un día inesquecible para el, pois non só o pasaría ben na voda por compartir espazo co polígrafo Said Armesto⁵ e outras personalidades, senón que estaría no epicentro do día que marcaría o futuro das súas relacións familiares pois, como veremos, á súa querida tía Mercedes únese D. Perfecto, que formarán un tándem co que compartirán

⁴ Estivo con Dídio na Directiva da Sociedade Recreativa.

⁵ Testemuña da voda, co mestre Ramón Bares.

moitas veladas de lecer e, sobre todo, que lle servirán a Dídio de grande apoio nos momentos difíciles.

Na mañá do 11 de febreiro de 1898, na cidade de Iloílo onde vivía Manuel Riobó e os seus fillos, entran as tropas americanas e como consecuencia da ofensiva militar, amplificada pola actuación de bandas armadas do pobo filipino, unha parte importante da cidade queda reducida a cinzas. A súa casa foi unha das destruídas perdendo todo o que tiña: aveños, instrumentos, libros, etc. Na reclamación posterior ao exército americano valórao todo en 10. 614 pesos filipinos. Toda unha fortuna!

Ante o avance dos acontecementos, bélicos na capital Iloílo, o seu papel como médico do Escuadrón de Cabalería foi relevante na atención á poboación e ás tropas españolas que se viu reforzada coa fundación e dirección dun Hospital Militar Provisional, motivos polos que sería condecorado coa Cruz ao Mérito Militar con distintivo vermello.

No día de Noiteboa de 1898 as tropas españolas abandonan a praza de Iloílo e a Manuel Riobó ordenóuselle ir a Manila onde foi incorporado como médico da Comisión de Facenda Española.



Lucila e Emma Somoza cos seus pais

Con todos estes acontecementos, a familia Riobó comeza os preparativos para regresar a España definitivamente e os primeiros en facelo son os pequenos Dídio e Eligio que se veñen para Bueu onde quedan baixo a tutela da avoa Concepción e a tía Esperanza. Atopáronse coa novidade de coñecer a un primo pequeno bueués, chamado Alfredo, fillo da tía Mercedes e Perfecto (logo terían a Emma e Lucila). Mentres tanto, seu pai e os irmáns Alfonso e Sofía quedan un tempo máis en Filipinas, ata que os tres chegan a Barcelona repatriados en abril de 1900.

Os Riobó de novo en Galicia

Iniciado o curso escolar 1899-1900, atopamos a Dídio Riobó matriculado, en Pontevedra, no *Colexio da Inmaculada Concepción*, de ensinanza oficial privada. O alumno destacaba, como pode comprobarse polas boas cualificacións obtidas nas materias que rematado o curso se presentara: Relixión: Notable. Xeografía: Notable. Latín: Sobresaliente. Matemáticas: Sobresaliente.

Manuel Riobó segue a exercer de médico así como de empresario, poñendo unha tenda a partir de 1904 no baixo da vivenda que en anos sucesivos definirá tamén coma “*lugar onde se venden augardentes ao por maior*”, “*bazar de roupa feita*” ou lugar onde hai un “*grande surtido en azúcar, aceite, raba, sulfato, etc.*”. Pero tamén incrementa a súa faceta de inversor, como cando se asocia en «*Domínguez y País Sociedad S.C.*» dedicada ao negocio de compra e venda ao polo maior de produtos coloniais, ferraxería e efectos navais. Eran socios xerentes José Domínguez e Emilio Pais, e comanditarios Manuel Riobó (aportou 2.500 pesetas) e Francisco Garrido. Coma socios comanditarios non participan na xestión e a súa responsabilidade é proporcional ao capital aportado. Esta sociedade dissolveuse o 17-03-1904, pero Manuel aínda pasaría oito anos a voltas nos xulgados con demandas contra os socios xerentes para solucionar definitivamente as contas da sociedade que se resolvería en contra dos seus intereses en 1912 por fallo dun xuíz de Pontevedra.

Sinalar que nese mesmo ano houbo unha compañía xurdida “*dalgúns entusiastas fillos do país*” relacionados co clero local que promoveron unha subscrición, de 25 pesetas/acción para montar un Centro de ensinanza para Clases de Comercio e Idioma onde sacar os futuros xestores das empresas locais. Para falar diso convocouse unha “*reunión a todos os que representan algo en Bueu*”. Feita esta, todos os asistentes aprobaron unha serie de bases do proxecto

(expostas por Martínez Casamande, cura de Bueu) e para levala a cabo, nomeouse unha “*xunta provisional ou comisión xestora presidida polo médico Sr. Massó e composta dos Sres. Dr. Riobó, farmacéutico Prieto, Garrido, Lago e o Sr. Sánchez, párroco de Cela, coma secretario levando a presidencia de honra o veterano médico titular querido no país señor Pérez Lapido*”. Desta iniciativa non quedou ningunha constancia máis que das intencións.

Dídio: accidente de caza

Dous meses logo de cumprir os 14 anos Dídio vai pasar uns dos transos cruciais da súa vida. Vivirá momentos nos que unha nai na compañía dos seus fillos lle berren, Asasino! E os mesmos, levados da desesperación, o queiran matar. Cousa que lograrían de non intervir o xuíz, Sr. Pimentel, que estaba a levantar acta do cadáver do seu amigo Manuel Barreiro, xa que el era ao que por “*un movemento mal feito disparóuselle a escopeta*”.

Ocorrera todo un luns, dous de febreiro, cando Dídio e o compañeiro Manuel Barreiro estaban a preparar, nun caseto de Ouril, unha escopeta para ir cazar pombas. A escopeta de caza que manexaba Dídio era a do seu pai. O amigo Manuel, aínda que a nai era de Beluso, nacera en Uruguai, tiña 18 anos e traballaba de dependente no comercio local⁶.

Esta situación traumática tivo consecuencias na conformación da personalidade de Dídio ou como me dicían algunhas persoas que o coñeceron: “*quedou tocado*” en canto ao seu carácter, á súa capacidade de afrontamento e/ou resolución de situacións que no

⁶ Nos xornais (*Gaceta de Galicia* 6-2-1903 pág. 2 ou *La Correspondencia Gallega* 9-2-1903 pág.3) que deron a noticia, describindo os feitos, hai una serie de imprecisións que habería que acoutar para unha correcta información coma o apelido do morto que poñen Rúa ou Rúa Barreiro; ou do neno que disparou chamándoo Alfonso ou Alfonso Dídio; Oureal por Ouril, etc.

futuro revivirán cando ante a visión dunha posible ameaza ou bloqueo no razoamento fai que aparezan mecanismos de colapso, ansiedade, de fuxida, etc.

A vida segue...

Pero a vida segue, e seu pai continúa co seu labor de médico, industrial, concelleiro e ata conferenciante, como exemplo temos a disertación que deu, o sábado 16 de maio de 1903, para o Instituto de Sociología no Centro Galego de Madrid co título «*Enseñanza técnica y elemental de Galicia*». A Correspondencia de España destaca que “*Manuel Riobó deu unha brillante conferencia [...] Abogou polo desenvolvemento da ensinanza agrícola, robustecendo a acción da granxa modelo de A Coruña; sostivo a necesidade de establecer na rexión galega unha escola semellante á vinícola de Haro, e outra de Horticultura como a pedida para Valencia, crendo tamén necesario o establecemento dunha Escola de Piscicultura, con sistemas de pesca axeitados ás rías galegas*”.

Para estas datas, volvemos a ter información documentada de Dídio centrado nos estudos, pero esta vez acompañado do seu irmán Eligio. Era o curso 1903-04 e estaban en calidade de internos seguindo a ensinanza non oficial no Colexio San Luís Gonzaga de Pontevedra, na rúa Real (nº 31-33). Neste centro impartíanse Primeira, Segunda Ensinanza e outras carreiras ‘especiais’ como perito, profesor normal, etc. Ao rematar o curso por ‘insuficiencia do local’ trasladouse a un edificio novo da rúa San Telmo (nº6). Para dar validez oficial á ensinanza cursada nun centro coma este tiñan que examinarse “por libre” no instituto. Eligio, aparte de presentarse as materias de Xeografía (notable) e Gramática (aprobado), aprobou o Ingreso no Instituto. Dídio examinouse de Aritmética de 2º, Xeometría, Historia Universal e Francés de primeiro. Significar á súa

vez que nese mesmo curso estiveron no centro alumnos relacionados con Bueu coma Gaspar Massó García e os irmáns Luís e Jesús Prieto García.

E así Dídio continuou a súa formación académica ata que, ao rematar a segunda ensinanza no Instituto de Pontevedra, comezou a formación en Contadoría e Administración que o facultaban para a contabilidade, correspondencia,... e xestión empresarial. Máis tarde o seu labor de formación o levará por varios países europeos e americanos.

Manuel Riobó na política local

O cambio de século supón tamén un cambio de ciclo para a familia Riobó. Agora pasan a asentarse un tempo no barrio de A Praia en Bueu. O médico Manuel entra na política local en calidade de concelleiro, cargo no que estará catro anos (xaneiro de 1902 ata decembro de 1905).

O día primeiro de xaneiro de 1902 hai un Pleno Municipal no que os novos concelleiros toman posesión dos seus cargos e, a continuación, elixiron de alcalde (recaeu en José Rodríguez Estévez) e tres tenentes de alcalde para logo *“cada rexedor pasar a ocupar seu lugar polo número de votos obtidos nas eleccións respectivas de cuxo acto resultou o seguinte: o número primeiro correspondeulle a D. Manuel Riobó Guimeranes...”*

Unha semana máis tarde noméanse os compoñentes das Comisións Permanentes do Concello e a Manuel Riobó elíxeno para a Comisión permanente de Presupostos e na Comisión de Abastos *“ou sexa recoñecer as medidas e pesas onde se expenden as especies de consumo para a localidade”*

O 21 de febreiro, logo da renuncia do Depositario Municipal por ter perdido unha cantidade grande dos fondos (logo recuperada) o

concello vese na obriga de cubrir provisionalmente ese posto de tanta responsabilidade e o fai co concelleiro Manuel Riobó.

O papel de Manuel Riobó como concelleiro acada o seu punto de “ebulición” na Sesión Ordinaria do concello do 18 de xaneiro de 1904 cando presentou unha moción na que, entre outras cousas, non deixaba en bo lugar a compañeiros da corporación: *“Clama ao ceo que personalidades con tantos anos de exercicio ‘concellil’, dito sexa co debido respecto, sexan rémora a todo adianto e obstáculo a todo progreso sobre todo tratándose de arranxos de vías públicas e de desenvolvemento moral, intelectual e material deste distrito; dígaos as sesións que case a diario teñen lugar, a falta de augas potables, falta de luz, o abandono da ensinanza nas escolas e oposición sistemática a todo o que tenda a mellorar a capitalidade do distrito ou modificar a Praia como camiño veciñal, eixo sobre o que xira nos seus distintos movementos a vida do distrito, núcleo importantísimo e único de poboación que pola súa importancia mercantil industrial e situación tipográfica está sendo envexada de todos os estraños que a visitan; digna polo tanto de mellor sorte administrativa...”*. Moción esta que foi apoiada en todo só polo Sr. Galup e que levantou bochas entre os concelleiros que se sentiron aludidos. E tal como se quedara nesta sesión déuselle resposta na seguinte do día 8 de marzo por parte da Comisión da Policía Urbana e Rural: *“...que rexeitan dita moción porque os conceptos nela expresados son de todo incertos e están destituídos de todo fundamento legal pois todo elo non para de simples ditos que non tenden a outra cousa máis que molestar á maioría deste concello sen razón nin dereito. O que clama ao ceo é que os Sr. Riobó e Galup teñan tan pouca comprensión para afirmar con evidente inexactitude que personalidades con tantos anos de exercicio ‘concejil’ sexan a rémora a todo adianto e obstáculo a todo progreso, frases que se lle devolven porque a eles e só a eles lle cadra*

mellor tal cualificación...” Logo a resposta continúa cunha ampla de xustificacións da actitude dos concelleiros ante as acusacións do Sr. Riobó.

A pesar do cal o ‘sangue non chegou ao río’ ou si como pensan outros, xa que miran coma desquite da corporación cando, das dúas prazas vacantes de médico titular no concello⁷, o día 22 deste mesmo mes, só se cubre unha a favor de José Massó Ferrer e a outra deixárona deserta pese a presentarse Manuel Riobó que, como é lóxico, este recorreu tal decisión e co tempo obtivo a praza.

Os últimos anos de Manuel Riobó como concelleiro aínda deu algúns titulares que a modo de exemplo poderíamos resumir:

- Na sesión Ordinaria do concello (2-5-1904): *“Polo concelleiro Sr. Riobó chamouse a atención da Corporación cara o beneficio que redundaría ao distrito en xeral de proceder aos exames nas escolas públicas. Decatado o Sr. Alcalde da anterior moción quedou en convocar á Xunta Local de 1ª ensinanza para o obxecto...”*.
- En setembro de 1904 foi seleccionado o Sr. Riobó para formar parte da comisión dos concellos de Moaña, Bueu, Cangas e Marín para exporlle ao deputado pontevedrés Eduardo Vincenti as pretensións dos concellos coa Mancomunidade de Municipios recén creada.
- En outubro de 1905 Manuel Riobó reclama ao concello *“vinte e sete pesetas, importe dunha caixa de petróleo para os farois da rúa do Príncipe e unha pala de ferro para o sobrestante municipal, o concello determinou se lle satisfaga dita suma con cargo ao capítulo de imprevistos.”*

⁷ Os outros que xa tiñan praza eran: Salvador Avilleira exercía en Cela, Gumersindo Meira en Beluso e José Meira en Bueu.

- Na sesión de finais de xuño do 1905, Manuel Riobó presenta unha moción para que no presuposto de 1906 se teña en conta o *“alumeado público, a imitación de pobos de menor importancia e movemento que gozan deste beneficio a fin de que durante a noite poidan verificar as faenas de carga e descarga, e dar maiores facilidades para verificar as correspondentes transaccións...”* así como chama a atención para que os *“gardas municipais que ademais da funcións que se encomenden garantan a orde, vixíen os intereses diseminados na praia, obriguen ao cumprimento dos mandatos emanados da autoridade local e ordenanzas municipais tantas veces inflixidas por falta de aqueles”*. E remata dando indicacións á Comisión de Facenda para poder facer fronte aos gastos ocasionados.
- Nas últimas sesións coma concelleiro métese coas obras do concello e se quéixase da cociña que se construíría no faio proponendo que se suprima por *“ser unha ameaza constante”* e tras despedirse (20-11-1905) o fai opoñéndose á proposta de pechar a base das escaleiras do concello con parede de ladrillo para facer departamentos para ferramentas e outros útiles.

Artigo de Manuel Riobó

Non temos constancia de que Manuel fora escritor, cronista ou algo semellante, a pesar do cal non teríamos que descartalo aínda que fora ocasionalmente. No mes de marzo deste mesmo ano de 1904 aparece un artigo asinado por el no nº 5 do xornal bueués *La Voz de Bueu*⁸ que a continuación transcribo literalmente:

⁸ *La Voz de Bueu*, xornal que aparece ao público do 14 de febreiro de 1904 ata o 26 de maio de 1906 (120 números), definíndose así mesmo como "Semanario defensor dos intereses xerais". Estaba administrado por Francisco Pardo e dirixido por Ramón Galup Maneiro. Dende

CELA!

Ao sentir as iniciais vibracións da voz do progreso que se difunden cal esencia vivificadora no espazo e con elas as necesidades de novas actividades a que nos impulsa a vida dos modernos tempos, non podo subtraerme a dedicar un momento de atención á parroquia que me viu nacer, que acariñou con man pródiga as evolucións dos primeiros anos da miña existencia, berce que lexitima a miña natureza e cadaleito que encerra as sacras cinzas dos meus pais e da maioría dos meus parentes. Rica polo seu chan e laboriosidade dos seus sufridos fillos, os que en escaso número posúen mediana cultura e a maioría xoiás naturais en bruto, mesturados en tumultuosa masa, que para manifestar o escintileo das súas almas nobres e intelixentes, espera o sopro da educación e a cultura. Cela, ao invocarche e concibir o contraste da túa grandeza en submisión e laboriosidade co abandono en que che teñen sumida, o meu espírito aflíxese! Levántate deste profundo sono a que a ignorancia che conduciu, e coa xustiza do que paciente paga, co dereito do deber cumprido e até o subxugado sen protesta, reclama os teus dereitos, que che dean vías de comunicación, que atendan e obriguen á instrución, para que eses seres cultivables que no teu seo encerras deixen sentir os seus efectos no desenvolvemento deste envexable distrito ao que con honra pertences, persegue sen descanso escolas con profusión, rexidas por profesores dignos que se inspiren na elevada misión que o seu ministerio impón e saiban espertar amor ao traballo e esculpir e gravar con ese buril inapreciable do ensino, os deberes e dereitos que os teus fillos teñen contraído con deus e co gran exército social do que forman parte.

*Xa que a situación topográfica que ocupas dentro deste termo illache da gran arteria que proxecto que ha de conducir o zume do porvir de Buen, Beluso, Aldán, Hío, Cangas e viceversa, exercita os teus dereitos perseguindo a acción colectiva do distrito para que por conduto dos nosos dignos representantes déanche tamén unha arteria que co desenvolvemento dos seus colaterais nútrase e rexenere, se non queres condenarte a unha morte por inanición. **MANUEL RIOBÓ***



aquí volva a facer un chamamento ao actual posuidor dos exemplares *La Voz de Bueu* do concello que polo ben do patrimonio cultural de Bueu o achegue pola vía que considere.

Irmáns Riobó, na promoción anual de soldados

Alfonso

Aínda que a Alfonso Riobó, por nacer en Conxo-Santiago, non lle correspondía ser incluído no Alistamento dos mozos de reemprazo polo cota do concello de Bueu, na sesión celebrada a primeiros de 1905 baixo a presidencia do alcalde José Rodríguez Estévez, estando entre os concelleiros Mauel Riobó Guimeráns *“manifestou que o mozo Alfonso Narciso Riobó Bustelo, fillo do que fala e Dona Dolores nado no concello de Conxo (Santiago) en 5 de setembro de 1885 debe ser incluído no alistamento deste pobo por levar en residencia dende neno con el mesmo na súa compañía. Visto polo concello o exposto determinou se inclúa dito mozo no alistamento deste termo ...”*.

Meses despois na acta de clasificación e declaración de soldados en canto a Alfonso di: *“Ao ser chamado non se presentou pero si o pai manifestando que dito seu fillo atópase en activo servizo formando parte da primeira compañía do segundo Batallón do Rexemento Infantería de Murcia nº 37. O cal dá a talla de un metro seiscentos doce milímetros⁹ e é útil para o servizo das armas. Fixado o Concello no relatado e de conformidade ao síndico declarou ao mozo: soldado”*.

A pesar de xa estar no servizo do exército, a Comisión Mixta de Recrutamento da Provincia de Pontevedra acordou contabilizar a súa praza como un posto máis na cota de mozos de Bueu.

Nas alegacións presentadas polos mozos para ser excluídos atopamos como curiosidade que as enfermidades que expuxeron os mozos ese ano, 13 de 32 (un 40,6%), entre os que se atopaba Alfonso,

⁹ Sendo a media dos quintos de Bueu 1609 mm

din “*Padecer do peito e votar sangue pola boca*”¹⁰ a pesar do cal foi declarado Soldado (o foron o 43,7%).

No primeiro trimestre 1906 remata a súa actividade como sarxento no Rexemento Infantería Murcia nº 37 co seu pase á reserva activa. Tras un tempo na casa axudando nos negocios a seu pai, este o envía de novo (1908) a Filipinas para tratar de recuperar e continuar con algúns dos negocios que quedaran naquelas illas. O fixo na contorna da capital Manila asentándose na cidade de López.

Dídio

En 1909, unha vez máis, outro membro dos Riobó é reclamado para alistarse nas Quintas. Neste caso é Dídio e, como os seus familiares anteriormente, non se presenta ao recoñecemento médico e tallaxe. No seu lugar o fixo seu pai, solicitando que fose declarado soldado, obrigándose a presentalo dentro do tempo legal ou a redimilo en metálico no caso contrario. O concello, visto o parecer do Síndico, acordou declaralo soldado pero o certo é que iniciado 1910 a súa situación militar era a de *Excedente* a (pesar do cal tiña que pasar a revista militar, cousa que fixo en decembro dese ano).

Eligio

Como curiosidade dicir que ao ano seguinte, na documentación que utiliza o concello no alistamento das Quintas, o mozo Eligio é chamado *Eligio Amadeo* e no apartado de “Rúa e número da casa e habitación” pon que habita no lugar de O Burgo, lugar que moitos especularon sobre si este era o lugar exacto, e non o igrexario, de procedencia da familia Riobó.

No mes de marzo de 1911, na acta de clasificación e declaración de soldado podemos ler:

¹⁰ Outras enfermidades que expuxeron, como padecer tuberculose pulmonar un 25%, padecer epilepsia o 9%, hemicránea crónica (migrañas) 9% e outras bronquite crónica, dor de peito, etc.

“Eligio Riobó Bustelo de Manuel e Dolores de Bueu (Praia). Chamado presentouse e tallado que foi deu a de un metro cincocentos oitenta e sete milímetros (1,587 m). Sabe ler e escribir. Recoñecido facultativamente resultou inútil por padecer afeccións crónicas ao peito.

Invitado para que alegue os motivos que tivese para eximirse do servicio militar, contestou padecía del pecho e oídos. O concello mirado o parecer do señor Síndico, acorda declarar a dito mozo excluído temporalmente sen prexuízo do resultado que ofrezca ao ser recoñecido definitivamente ante a comisión mixta”.

A Comisión Mixta recoñeceuno apto para soldado e no 1912, xa no exército, logo de examinarse e aprobar os exames extraordinarios na Escola Xeral de Telegrafía do Exército, foi ascendido a *“Telegrafista Primeiro eléctrico e óptico”*. No mes de decembro dese ano recibe, con outros moitos compañeiros do *“Centro Electrotécnico e de comunicacións”* do exército, a Cruz de prata do Mérito Militar con distintivo branco, en recompensa polos *“extraordinarios servizos que prestaron e méritos que contraeron con motivo da folga de ferroviarios e restablecemento da circulación de trens.”*



Primeiros pasos de Manuel Riobó na conserva da sardiña

Manuel Riobó segue principalmente coa súa profesión médica en Bueu e cun recoñecemento amplo pola súa actividade en Filipinas e o boa praxes médica cos pacientes da veciñanza. Ao que habería que engadir a fama de competencia como cirurxián como cando acompañou aos médicos Celestino López Castro (pontevedrés) e a José Massó (bueués), nunha difícil e exitosa operación, xuño de 1908, realizada en Bueu a unha doente (*“coñecida señora”*) consistente nunha resección dun anaco de intestino gangrenado por estrangulación dunha hernia.



Celestino López de Castro
(Pintos- Vida Gallega)

Manuel Riobó dende a súa chegada de Filipinas unha das súas actividades, ata agora non mencionada, era a de prestamista.

A raíz de tentar cobrar unha desas débedas, neste caso 785 ptas, solicita un Acto de Conciliación. Na Conciliación, Manuel e o debedor, Alejandro López (14 de marzo 1905) tiveron unha conversa e acordaron transixir as súas diferencias nuns termos un tanto arrevesados pero de beneficio mutuo. Xa eran socios! Aportarían entre os dous a materia prima, os envases e útiles precisos así como un atendería á elaboración do produto, distribución, etc. e repartiríanse os beneficios ou as perdas, logo de substraer o importe da débeda.

Resumo dos termos:

1. Que un pago das 785 ptas reclamadas e as demais cantidades que Manuel Riobó entregue a Alejandro López para que este entregue a aquel
 - 20.000 de 18 e 20 ml
 - 8.000 fabricadas de 18 e 20 ml
 - 1.500 fabricadas de 1 kg
 - 1.500 fabricadas de 3 kg

- 1.500 grellas para secar sardiñas
- 300 caixas de fresco de Castela
- 1.200 caixas de fresco de Francia
- 28 arrobas de aceite
- 70 arrobas de vinagre
- 1 caldeira de baño
- Pescante, pailas, mesas, manquillos, torno, caixóns, cestas, gasolina e demais útiles necesarios para a fabricación de conserva de sardiña e exportación deste peixe en fresco

Pola cantidade de 3.654 ptas quedando depositados todas estes efectos na casa do Sr. López para ser utilizados da forma que se consignará.

2. Que Manuel Riobó facilitará o peixe, estano e aceite que falte destes efectos xa descritos, de acordo co Sr. Alejandro, a fin de que non sufran quebranto algún o valor das mesmas, que resultaría hoxe de ser vendidas.
3. Que Manuel Riobó abonará o conxunto dos xornais que a seu xuízo sexan necesarios para a elaboración da sardiña que conterán as latas valeiras ata poñer en condicións para a súa venda.
4. As remesas de sardiña así manufacturada serán feitas polo Sr. Riobó que recibirá os xiros polas mesmas.
5. Do importe total destas operacións cobrarase Riobó as 785 ptas. Do resto deducirase o valor das latas e demais efectos. E as ganancias ou perdas será repartidas por igual entre os dous.
6. As caixas elaboradas depositaranse na casa do Sr. Riobó. De considerarse, o mesmo podería ocorrer cos efectos que quedaran na casa do Sr. López.
7. Que en calquera momento que Alejandro López satisfaga a cantidade principal reclamada e demais que anticipe para os obxectos referidos, o primeiro farase dono e poderá dispor de todas as existencias de modo que sexa máis convinte.

A causa da experiencia mencionada no mundo da preparación do peixe, decide inverter nese sector para o que solicita ao goberno concesión para construír unha fábrica de salga e conservas “*na praia chamada Pitís*”. Para que o proxecto sexa realidade terá que esperar a autorización que lle será concedida polo ministerio de Fomento, a petición da Dirección Xeral de Obras Públicas, en outubro de 1906 pero o remate do proxecto alongarase máis alá do 1910 non sen antes

sufrir graves inconvenientes, como o seu derrubamento por un grande temporal¹¹ nas vésperas da Noiteboa de 1909. A causa desa caída das paredes da fábrica en construción, Manuel Riobó litigou co mestre de obras Tomás Álvarez, facéndoo responsable do accidente nas instalacións, e non ao fortísimo temporal. A esas instalacións lle quedou o nome de a “Obra” non só polo accidente mencionado ou pola polémica suscitada e acusacións cruzadas entre propietario e construtor, senón tamén pola innovación nos materiais e maquinaria empregada.



Pescadoira: Fábrica de salga do Dr. Manuel Riobó

Didíu cos seus estudos técnicos rematados coñece desde dentro, por vez primeira, o mundo da empresa relacionada co mar. Pero aínda é mozo e considera ampliar a súa formación, polo que sae do país como tamén farían outros conveciños seus, como Gaspar Massó que anos máis tarde iría a completar os seus estudos a Bélxica. Segundo o padrón de 1910 Manuel Riobó -viúvo de 48 anos- coa súa filla Sofía -solteira de 22 anos- e Eligio -solteiro de 18 anos-, vivían en Bueu na casa nº 66 da Praia¹².

A partires do falecemento de Juan José Bustelo, sogro de Manuel Riobó, súa muller Concepción e a súa filla Esperanza, viñan a pasar tempadas cada vez máis longas á casa dos familiares ata que optaron por deixar Santiago para instalarse definitivamente en Bueu. Aquí

¹¹ Furacán, segundo xornais da época, que derrubou moitos postes do tendido eléctrico, arrincou árbores e *“menos mal que as traíñas que estaban no mar puideron refuxiarse no porto de Muros”*.

¹² Con eles moraban dúas serventas (María Abelendo e Dolores Pérez).

montaron unha tenda na rúa Montero Ríos nº 34 preto da de comestibles que rexentaban os Riobó, que no 1911 seguía coa salga e a exercer de médico.

Nestas datas a noticia de máis impacto e transcendencia para Bueu e moitos dos seus veciños, era o aluguer por parte do marqués de Mos e Valadares da Illa de Ons ao insular Marcial Bernadal. Este aluguer marcaría un antes e un despois para Ons e as súas xentes, dada a rixidez das condicións contractuais e ao talante autoritario do arrendatario e familia.

Manuel Riobó forense de Vigo

A mediados de 1912 o Ministerio de Gracia e Xustiza convoca a praza de Médico Forense e da Prisión Preventiva que está vacante no Xulgado de Primeira Instancia de Vigo. O señor Riobó adxunta a documentación precisa para optar á praza, e cando saíu a resolución non acadou a mesma ao quedar deserta. Pouco tempo despois sae outra vez a concurso e volve a presentar a mesma documentación pero avalada coa reclamación para a aplicación da lei que lle ten en conta como currículo de médico forense a súa actividade en Filipinas. O tribunal nomeouno para a praza o 4 de outubro, e a toma de posesión sería o 23 dese mesmo mes. Ao principio seguiría a exercer de médico en Bueu alternando con Vigo. Tanto é así que no mesmo xornal *El Adelanto* do mes de novembro, atopamos un pequeno artigo titulado «*Un doutor que desaparece*» manifestando a queixa da xente de Bueu porque facía “*máis de quince días ausentouse desta, a súa habitual residencia, o doutor Riobó. A ninguén podía chamar isto a atención dados os múltiples asuntos e negocios que ocupan ao referido señor galeno, ademais dos ineludibles deberes profesionais*”.

A pesar de todo, Riobó segue apegado a Bueu e exemplo disto o temos tamén nas festas do San Martiño dese ano de 1912 nas que participaba (con Padín, García Rúa e Lemos) como mordomos e comisión de festas. Ata na prensa se lles pedía, pois había polémica, que dispuxeran que as festas profanas de San Roque, se celebrasen na praza “*segundo antiga costume*”, e as de San Martiño na igrexa.

O día da festa na casa do mestre de obras e concelleiro, Ventura García, “*ao descorcharse o champaña díxéronse discretos discursos, felicitándose tamén atentamente ao doutor Riobó, polo seu novo destino de médico forense en Vigo*”.

Ao ser Vigo a maior cidade de Galicia fai que a actividade de Manuel Riobó como forense xudicial sexa ampla. Quizais a máis coñecida, a modo de exemplo, sexa a morte a tiros do matrimonio dono do Hotel Miño da cidade olívica.



Dr.Riobó na inspección ocular no Hotel Miño-El Pueblo Gallego

Asasinato que hoxe cualificaríamos de ‘violencia de xénero’. Durante un tempo os medios de comunicación se fixeron amplo eco do mesmo e nas reportaxes gráficas sae con frecuencia a imaxe de Riobó na inspección ocular como autoridade médico-xudicial.

As veces nos mesmos medios aparecen non só Manuel como forense no seu lugar de traballo como pode ser o cárcere, senón tamén a súa filla Sofía. Como é o caso do que chaman “Comuñón dos presos” no que cando se cumpría o Precepto Pascual no cárcere de Vigo celebrábanse actos como misa, concerto de música, etc. e no exterior púñase unha mesa petitoria que por esas datas presidía a muller do xuíz de instrución e as señoritas Carmen Iglesias Curty e

Sofía Riobó. O que se recadaba, repartíase dando 5 pesetas a cada un dos reclusos e 7 ptas a aqueles que tiñan familia ou máis necesidades.

Manuel fixará, con Sofía e Eligio, o domicilio en Vigo na rúa García Olloqui, próxima ao edificio que Salvador Massó Ferrer mercara para a familia Massó na actual praza de Compostela. Anos despois, 5 de marzo de 1918, Manuel Riobó Guimeráns para compensar os traballos de dedicación ao mesmo por parte da súa filla Sofía lle transfere a esta a casa familiar *“Na parroquia de Bueu, lugar da Praia unha casa de planta alta e casetas que linda norte Avenida Montero Ríos, sur camiño. Este Carmen Rúa Catani, Oeste Joaquín Domínguez”* e a fábrica de Pescadoira: *“Na parroquia de Bueu lugar de Pescadoira, unha casa de planta alta destinada a fábrica de salga e conservas, que limita ao norte e oeste praia y mar, sur rampla e camiño, Este Francisco Rúa e outros”*.

Sofía Riobó segue a vivir co seu pai. Ela é a que leva o goberno da casa. Persoa activa e social tamén se movía entre o máis distinguido do Liceo Casino e Recreo Artístico polo que non é raro atopala citada

coas amigas nas veladas destas sociedade como *“estrelas fixas de primeira magnitude, gala e ornato da sociedade bueuesa” (El Adelanto)*.

Acompaña ao seu pai en eventos protocolarios e ata vai con el coma madriña de voda da filla dun concelleiro amigo da familia. Participa de forma xenerosa en campañas de doazón a necesitados ou a subscricións máis institucionais como sería a que iniciara, entre as mulleres españolas, a raíña D^a Victoria para costear a estandarte de combate do acoirazado *España*.




Sofía Riobó Bustelo

Dídio en América

No 1912, Dídio tería que pasar, unha vez máis, revista militar. A el corresponderíalle facelo no Rexemento de Infantería Zaragoza nº 12 de Santiago, pero non o fai porque nesas datas está ausente en América, concretamente en Buenos Aires.

Numerosos bueueses colleran o camiño da emigración na busca de “*facen as Américas*”. Algúns eran compañeiros e amigos de Dídio que foran, coma el, cun respaldo económico importante como os Carballales da praia de Beluso (Juan Carballal e Manuel Lago Carballal), os Davila (José e Belarmino), os Ferradás (José e José Domínguez Ferradás), etc. e sempre mantendo relacións con Bueu e ata mandaban cartos para subscribirse ao xornal *El Adelanto*, editado en Bueu.

De Dídio sabemos que en Buenos Aires tivo varios traballos relacionados coa contadoría e que acabou dirixindo unha Compañía chamada *Dídio Riobó e Cía* que estaba encadrada, como no Anuario de América Latina, no ramo de “Comisionistas, Corredores e Axentes Xerais” coa razón social nun edificio da rúa Rivadavía nº 1255.



Actual rúa Rivadavia, 1255-Buenos Aires

Movíase polo país. Alí tiña conveciños que eran persoas influentes nos lugares onde estaban asentados. Tal é o caso de, aparte dos mencionados, Manuel Antonio Bares Giráldez, Manuel de la Rúa Agulla¹³, Ramón de la Rúa, etc. Curiosamente todos eles relacionados con familias de orixe italiana

¹³ Manuel de la Rúa Agulla, casado con Blanca Catani. Seu fillo Antonio e Elionora Felisa Bruno foron os pais de Fernando de la Rúa Bruno que foi presidente de Arxentina.

afincadas, principalmente na capital arxentina e na cidade de Córdoba.

Pero, polo seu carácter, Dídio precisaba un forte apoio afectivo que complementase a súa actividade social e laboral. Este veu da amiga da familia, de Pura Galup. Pura casara con José



José Barreiro

Barreiro Oubiña (que fora electricista en Bueu da compañía *La Hulla Blanca*) quen, logo de



Pura Galup Portela

vender case todo o capital inmobiliario que ela posuía, trasladou a familia a Buenos Aires. Nun principio a vida era fácil, mentres duraron os cartos, pouco a pouco as dificultades foron medrando e Dona Pura tivo que traballar parara axudar a sacar a familia adiante. Vivían na rúa Saavedra de Balvanera (Buenos Aires) e a Dídio o recibían coma un da familia. Estaba en todas as festas familiares e nas celebracións como no bautizo do seu fillo José Salvador (e dos outros dous que tamén naceron e morreron en América). Pura Galup sería como a súa nai e conselleira senón vexamos algún exemplo de familiaridade: O mesmo día que Dídio ía casar os invitados pasaban a mañá preparándose para o evento, como no caso de Pura Galup que cun dos mellores traxes estaba a colocar sombreiro discreto pero elegante pouco antes de saír da casa cando oe uns fortes e repetidos golpes na porta e un pouco asustada a abre, era Dídio con aspecto desaliñado e excesivamente nervioso.

- *Dídio pero tí? Lle di sorprendida pola inesperada visita.*
- *Ai Puriña! Por Deus! Escóndeme! Escóndeme! Que non me caso! Non me quero casar!*
- *Pero, que vas facer a esta familia!*

A Pura non lle quedou máis remedio que escondelo. A amizade era o primeiro. Intentou razoar sen conseguir nada. Dise que andaba

agochado pois os familiares da noiva o buscaban. O certo é que Dídio non se casou ese ano e aínda tardou en coller un barco e virse para España. O fixo antes Pura co seu marido e a filla Esperanza.

Esta é unha mostra máis do carácter pusilánime de Dídio que o deixaba espido para enfrontarse ante os problemas ou as adversidades.

Ons e Manuel Riobó

Dende a epidemia do tifo de 1888 é moi posible que Manuel Riobó non tivera máis relación coa illa de Ons que a súa visión na distancia dende Cela e Bueu e quizais, de forma excepcional, no tratamento a algún illán como paciente.

Pero ante a morte do propietario de Ons, Fernando de Quiñones de León e Elduayen Marqués de Mos e Valladares, e por mor dos divididos intereses dos herdeiros (pai e esposa) o arrendatario Bernadal, de facto dono e señor das illas, pon a mirada na busca de capital que lle axude a unha ampliación do aluguer ou, mellor, de poder presentar aos actuais propietarios unha oferta pola merca das mesmas. Ao médico, salgadoiro, prestamista, emigrante con posibles e, por enriba, veciño Manuel Riobó o destino, da man de Marcial Bernadal, lle presenta a posibilidade de facerse con Ons a medias. Outros poñen o fío do relato en que foi o propio Riobó o que llo propuxo a Bernadal.

Sexa como fora puxéronse de acordo cos avogados dos propietarios de Ons e asinaron, o día de San Brais de 1919, un contrato polo que compran as Illas de Ons e se comprometen a satisfacer por elas a cantidade de 250.000 pesetas. Manuel Riobó aportou no mesmo momento 100.000 ptas e o resto a través dun crédito hipotecario no que participaba a recente constituída

sociedade (Riobó-Bernadal) propietaria xa da illa. Crédito devolto en 1920 e 1921.

As expectativas eran moitas, e case todas pasaban por un retorno incrementado e rápido da inversión feita. Manuel seguía a vivir en Vigo e, en principio, deixaba a intendencia e xestión da Illa a Marcial. A pesar do cal non se fía moito do seu socio e reclama ao seu fillo Alfonso para que lle axude a velar polos seus intereses na illa para o que lle encarga liquidar os negocios que este xestionaba na excolonia filipina.

Alfonso medrara socialmente como empresario e coñeceu a Margarita Nigorra Mayol, filla duns mallorquinos dedicados ao negocio das panadarías na capital Manila. Casa con ela o ano 1918 e con posterioridade, xa en España, terán 4 fillos (M^a Dolores, Margarita, Manuel e Pedro).

Tal e como era de esperar polas peculiaridades das condicións illáns unido ao carácter de ambos socios, a confianza trocou en sospeitas e estas en desavinzas, para acabar en enfrontamentos xudiciais nos que Manuel acusaba a Marcial de enganalo na contabilidade, de por á xente da illa en contra del como dono que era, etc.

Como solución máis aceptable para resolver o conflito chegouse ao acordo de que Manuel Riobó lle mercaba a Marcial a súa parte pola cantidade de 65.000 ptas, pagadas en dous prazos no que se contemplaba a liquidación co abandono da illa por parte de Bernadal e familia. Sen embargo a Marcial Bernadal e herdeiros (Marcial morre en 1925) seguirá pagando 3.000 ptas en concepto de “*pago de prezo aprazado*” e, a pesar de que aparentemente cancelan a débeda pagando 440 ptas polos Dereitos Reais da mesma (20-4-1933), temos que en 1934, páganse tamén 7.224,33 ptas como liquidación.

Por fin a illa era propiedade dun bueués, Manuel Riobó! Pero as cousas no ían a mellor, as augas revoltas que deixara Bernadal agora eran unha tempestade. Pero Manuel non era home que se deixara arredar e impuxo aos colonos, coa utilización da xustiza, unhas condicións excesivamente severas e estritas que nos retrotraen a épocas do medievo. Vingouse deixando sentado que quen mandaba era el, como dono de todo o que a illa contiña: leiras, casas, animais, etc., coa excepción do faro e nun primeiro momento da caza e que el poría *“da súa parte todo o posible, a fin de conseguir o culto e a ensinanza na illa, para que nunca poida dicirse, que alí déixanse criar sen educar, xeracións de seres dexenerados”*.

Aquí correspondería aclarar que, se ben é certo que o culto era, e seguiría sendo, unha actividade para as ocasións como festas, enterros, etc. dependente da parroquia de Beluso o da escola non era tal, polo menos durante eses anos. A escola en Ons fora creada por Real Orde de 20 de outubro de 1915 e, en abril do 1916, toma posesión como mestre interino de Ons, Víctor Manuel Barbosa Barros. E concretamente, de 1917 a 1924, estivo destinado como definitivo Juan Piñón Mouriño que, ao non querer vivir coa familia de forma permanente na illa, durante os temporais de inverno non podía desprazarse e a súa ausencia se sumaba ao absentismo crónico do alumnado.



Do dito, e das expresións empregadas no documento de conciliación cos colonos, *“lles outorga o perdón solicitado, condicionándoo ao cumprimento exacto dos deberes e obrigas [...] non só no que concirne aos contratos de arrendamento, senón principalmente gardando obediencia, respecto e consideración ao Sr. Riobó”*, podemos deducir facilmente que Manuel era duro, aínda que con aparencia afable sobre todo fóra da casa. No seno familiar el era

tamén o que impuña os criterios e a dinámica a seguir. Algunha xente lembrábase de mirar á filla Sofía e á neta Lola coa faciana desencaixada polo medo de ter que ir en pleno temporal no barco a Ons cando nin os mariñeiros avezados sequera saían do porto.

Os fillos maiores foron os que estiveron ao seu carón, nun principio coma meros espectadores da actividade mercantil do seu proxenitor para, pouco a pouco ir tomando cada vez máis responsabilidade no negocio.

Así vemos que primeiramente nesta nova etapa como dono das Illas de Ons será o seu fillo Alfonso o que durante un tempo se encargaba de axudar ao seu pai nas xestións das mesmas, o que implicaban desprazamentos (a Vigo, Pontevedra, etc.), levar contabilidade ou ter que estar ao fronte da intendencia diaria na mesma illa. Pero os rigores do clima da illa conseguiron deteriorar o corpo de Alfonso, xa adaptado ao trópico en Filipinas. Alfonso síntese enfermo e lle pide ao seu pai que chame a Dídio para que lle axude. Manuel chama a Dídio e lle encarga algunhas tarefas que levaba Alfonso e, co paso do tempo ía incrementándolle as responsabilidades.

Alfonso trata de buscar novos camiños laborais nun ambiente climatolóxico menos esixente que a Illa polo que en 1925 decide presentase ás oposicións a Secretario de Concello convocadas pola Dirección Xeral de Administración. As supera en xullo, co número 126 (de 272 aptos) entre máis de 1500 presentados.

En outubro están en Sant Joan (Mallorca), coa familia materna onde Margarita Nigorra dou a luz a Pedro o que sería o primeiro dos ascendentes dos Riobó en estudar medicina, como o avó. Profesión que exerceu coma militar chegando, logo dunha exitosa carreira castrense, a ser nomeado en 1985 Xeneral Subinspector Médico.



ASCENDIDO A GENERAL

Creemos acertar que esta es la primera vez que un sanjuanense de nacimiento accede a la cúpula militar, pues por real decreto del 19.12.85 D. Pedro Riobó Nigorra, fue promovido al empleo de General Subinspector Médico del Ejército.

Nacido en Sant Joan el 16.10.25, hijo de Alfonso Riobó Bustelo y de la sanjuanense Margarita Nigorra Mayol, residió durante años en Vigo y se doctoró en Medicina por la Universidad de Salamanca. En 1981 y con la graduación de Coronel, fue designado para el cargo de Director del Hospital Militar de Palma. Durante esta su estancia en Mallorca, visitó en bastantes ocasiones nuestra vila, interesándose por nuestras gentes y sus costumbres. Ahora en Madrid le deseamos éxitos y aciertos en su nuevo cometido.

Revista do Centre Cultural de Sant Joan-Mallorca 1986


Morte de tres fillos

Nun período curto no tempo a desgraza volve a cebarse coa familia Riobó; Manuel ten que sufrir a perda de tres dos seus fillos e doutros achegados próximos, como a súa sogra Concepción Tojo, falecida en Bueu o 25 de xaneiro de 1924.

En canto á enfermidade e circunstancias do falecemento da súa filla Sofía, moitos e diferentes son os relatos, que van dende que Sofía era farmacéutica e suicidouse; que morreu por un veneno; por equivocarse ao tomar unhas pastillas; morreu no barco cando viña para Vigo logo de atoparse indisposta na illa a consecuencia de non ser correspondida polo fareiro de Ons; etc., etc.

O certo é que uns días antes do pasamento de Sofía esta comezou a atoparse mal e, o sábado 8 de agosto de 1925, *“por mor da doenza que afecta á distinguida señorita Sofía Riobó [...] chegou de Zamora a señora de Somoza”* (a tía Mercedes, esposa do coronel instrutor de carabineiros, Perfecto Somoza). Veu á casa da irmá en Bueu e logo desprazouse a Vigo que era onde estaba encamada a sobriña Sofía. Sofía morre, uns días despois, na madrugada do 13 ao 14 de agosto e a prensa incide na rapidez da enfermidade:

- Despois de soportar unha *“rápida enfermidade levou ao sepulcro á finada, sen que foran suficientes a salvala os coidados familiares nin os esforzos da ciencia”*
- *“Despois de soportar unha breve e dolorosa enfermidade con exemplar resignación”*
- *“A súa morte foi rápida e inesperada pois a doenza que padecía databa de poucos días e non facía esperar tan triste e fatal desenlace”*



Sería trasladada a Bueu para ser enterrada o 15 de agosto.

Como é lóxico pensar moitos dos colonos de Ons

viñeron a Bueu ao enterro de Sofia, a ”Señorita” como lle chamaban. Así se recolle na prensa: *“centenares de colonos da Illa de Ons, que chegaran nas súas embarcacións, percorrían polas rúas de Bueu, e nas súas caras observamos a pena que lle produciu esta desgraza, xa que a súa señorita, como a chamaban, todo bondade e cariño, saíu hai uns días de Ons para non volver xamais”* ou *“alá na Illa de Ons, gozaba de enorme popularidade entre os seus colonos, pois na súa casa a todos atendía e se favorecía a cantos acudían en demanda dalgo. Así a querían e respectaban e por iso foi a súa morte sentidísima en dita Illa onde pasaba longas tempadas”*.

De Vigo o féretro chegou a Bueu nun camiión ata a estrada de Cangas onde o esperaba moitísima xente pois non só as había de Bueu e Ons senón que viñeron amigos e coñecidos de Pontevedra e Vigo. A caixa mortuoria foi conducida en todo momento por colonos de Ons que se alternaban para portala.

O certo é que para o seu pai, con 65 anos, non só despedía a unha filla senón a man feminina que ao longo de tantos anos lle servira de apoio e de consolo.



Eligio cando foi o pasamento da súa irmá estaba ausente servindo no exército en África pero non tarda en coller unhas febres que o fan volver a Vigo, á casa do seu pai, onde morre o 19 de abril de 1926 e posteriormente ser enterrado no cemiterio de Pereiró.

Alfonso Riobó participa no concurso de traslados dentro da escala de Secretarios de concellos. Os concellos coa praza de secretario vacante apresúranse a designar, entre os candidatos aprobados, un nome da lista que irá referendando a Dirección Xeral da Administración. E así vemos a Alfonso que o 3 de abril de 1928 está proposto para o concello santanderino de Vega de Pas, logo meses despois no de Valle de Cerrato (Palencia), no valisoletano de San Salvador e no granadino de Bayacas.



Alfonso Riobó Bustelo

Destinos que nunca cubriría por estar afectado dunha enfermidade pulmonar que requiría repouso e á toma de “aires da montaña”. Isto, último moi aconsellado polos tisiólogos da época, levaron a Alfonso, con residencia de referencia en Vigo, a pasar unha tempada ao Carballiño lugar onde faleceu o 11 de xuño de 1928, deixando viúva e catro fillos.

Máis conflitos

A vida da illa de Ons, dende aceptar os colonos as condicións impostas polo propietario, gozou de períodos de aparente tranquilidade, agochados os conflitos pola brétema do medo a Manuel Riobó. Pero o gran de discordia que sementara Bernadal volveu a gromar pero esta vez tinxida con voces novas e cambios que tentarían ser fondos pero que só quedaron niso, intentos.

Será en 1924 cando Manuel Riobó xudicializa outra vez, mediante unha Acta de conciliación, coa acusación a tres colonos, Pastora Goberna, Arturo Goberna e David Otero, deinxuriar gravemente a Dídio e, en aplicación do acordo asinado cos colonos en 1921, os comina a desalojar das súas casas e terras na Illa. Estes, tras pedir perdón e ser aceptado por parte de Riobó, pónense unhas condicións e péchase ‘amigablemente’ o acto de conciliación.

As condicións poden resumirse en que Riobó retira a demanda xa que os demandados obríganse a *“satisfacer ao demandante, o que sexan en deberlle, declarándose autores do delito de inxurias graves ao Dn Dídio Riobó; que o demandante promete conseguir de este o perdón correspondente, e se nalgún tempo tivesen a debilidade ou ingratitude de reproducir o feito ou outro análogo, que afecte directa ou indirectamente o la moral ao bo nome e respectabilidade do Sr. Riobó, ou dos seus representantes e familiares se teñan por reincidentes”* polo que o procedemento para sexa de forma directa, sen trámites xudiciais. Aceptado todo o Sr. Riobó outorga o perdón.

Como pode comprobarse unha vez máis Manuel Riobó manexa perfectamente os fíos do conflito e impón a submisión case absoluta aos colonos.

Voda de Dídio

No ano 1928, Dídio ten 40 anos e permanece solteiro, e ata onde se coñece sen compromiso dedicado plenamente ás actividades económicas do seu pai. Só os familiares máis próximos tiveran noticia daquela fuxida da voda que anos atrás protagonizara en terras americanas. Pero el, a través de terceiros e logo da correspondencia, había retomado a comunicación coa italiana María Antonozzi. Pouco a pouco a relación volveuse a normalizar e lle pediu en matrimonio. Para evitar que se repetira o da primeira vez, María na compañía dos seus irmáns Ivo e Isaías volver á súa terra, Italia, para casarse.

María Antonozzi Palanca (nalgúns sitios, Palenca) nacera en Castelraimondo (Macerata-Italia) no 1893. Cos seus pais Italo e Adela, e co seu irmán Isaías emigraron á Arxentina asentándose na cidade de Córdoba. Alí seus pais tiveron 4 fillos máis (Camilo Eccio Américo, Ivo, Edro Marino Pedro e Eraclia Teresa Josefa).

Dídio acudiu á cita italiana con pouca familia xa que, ata onde se sabe, só foron os seus tíos Perfecto Somoza e Mercedes Bustelo. Seu pai era maior e Alfonso, seu único irmán nese momento, estaba enfermo.

As nupcias celebráronse no mesmo Milán o 21 de marzo de 1928 da que o padriño foi o tío do noivo, Perfecto Somoza Arias nese momento coronel de carabineiros na reserva. Poucos días despois, o 1 de abril xa estaban na casa de Bueu, casa que adquirira Manuel Riobó no barrio da



María Antonozzi e Dídio Riobó

Praia de Bueu ou rúa Montero Ríos nº 32 (onde hoxe está o nº 71).



Casa da familia Riobó, coa tenda no baixo

Con eles viñera o seu irmán Ivo Antonozzi para así coñecer á familia Riobó e as súas posesións. Polo que consta documentalmente tamén pasou unha tempada na Illa de Ons para logo marchar desde Barcelona á Arxentina, a finais de maio, no barco ‘Conterosso’.

A María Antonozzi, que era muller de cidade, non lle gustaba a soidade da illa, prefería quedar en Bueu.




Matrimonio Fernandez-Paris

Cando estaban na illa o matrimonio Riobó tiñan como amigos a un dos torreiros e á súa muller e, sobre todo, ao matrimonio do mestre Joaquín Fernández Cambeiro e Encarnación Paris. Tanto é así que Dídio e María foron de padriños, na igrexa de Beluso, dun dos seus fillos ao que lle

chamaron Luís Dídio na súa honra. Cambeiro tamén, como amigo de Dídio e en representación dos isleños, exercería de interlocutor coas autoridades e moitas veces o papel de mediador nos conflitos cos propietarios da Illa.

Dídio concelleiro

Falar do paso de Dídio Riobó como concelleiro de Bueu non se corresponde, en estrito sentido, coa realidade. Certo é que a primeiros de abril do ano 1931 aparecía o seu nome proclamado coma concelleiro nas listas polo distrito nº 3 de Beluso (Ons pertence á parroquia de Beluso) e estivo na relación coma vogal da Comisión Administrativa Municipal provisional que substituíra por orde do Delegado do Goberno Provisional da República á Corporación, ata ese momento, legalmente constituída. Que tamén estivo na




Sinaturas Acta sesión Comisión Administrativa

Consistorial o 15 de abril de 1931, na reunión constitutiva da dita Comisión Administrativa asinando a

Acta.

E ata houbo algún medio de comunicación, como *El Pueblo Gallego* (21 de abril na páxina 11), que parece dalo como incluído cando di “*Tomaron posesión o alcalde e concelleiros da nova Corporación municipal*”.



El Pueblo gallego 16 abril 1931 pág. 6

A pesar do dito, o certo é que el nunca máis apareceu en listas, e si os outros compañeiros da Comisión, que o vinculasen ao concello así como tampouco se presentou a Pleno, Permanente ou Sesión do concello.

Os por que de Dídio para non participar na actividade municipal nunca os manifestou de forma explícita, pero aos problemas cos que tiña que combater na Sociedade Illa de Ons e na mesma Illa habería que sumarlles o descontento de “*destacados conveciños entusiastas republicanos*” que solicitaron a Delegado gubernativo “*sexa anulada a arbitraria proclamación de concelleiros*” xa que todo se fixo “*ás*

costas do pobo, ao que se quixo excluír de exercer seus dereitos de cidadanía”.

Todo remataría o día 5 de xuño de 1931 coa constitución dunha nova Corporación electa, baixo a presidencia do novo alcalde Jesús Prieto García.

Centro Republicano Radical

O Partido Republicano Radical fora fundado en 1908 polo político Alejandro Lerroux onde aglutinaría aos seus seguidores baixo lemas republicanos, anticlericais, anticatalanistas, etc.



Partido que á súa vez iría evolucionando e modulando radicalmente co acontecer da política española. Houbo momentos que Bueu viviu as súas proclamas da man do mesmo fundador Lerroux e de homes relevantes no partido coma Emiliano Iglesias. O primeiro e gran día no que Dídio escoitou ambos oradores en Bueu sería nun mitin que deran o 8 de marzo de 1923 no cine Victoria. Sinalar que días despois, noutro mitin no mesmo local, pero esta vez do Partido Liberal de Eduardo Vincenti, o presentador e coordinador sería o seu pai Manuel.

Outras veces os contactos coa cúpula do partido serían máis discretos, como cando logo dun acto público en Cangas Lerroux quixo pasar a saudar aos correligionarios de Bueu e logo Marín ou, o 23 de xuño de 1928, no que estivo Emiliano Iglesias.

E de Dídio, o que respecta o seu paso polo activismo político poñer de manifesto a súa participación na asemblea dos elementos lerrouxistas de Bueu, o 12 de xuño de 1931, na que unha Xestora presentou un Regulamento constitutivo que foi aprobado para a continuación constituírse unha Xunta directiva formada por: Ramón Domínguez (presidente), Manuel Rodríguez (vicepresidente), Dídio

Para rematar acordan enviar telegramas a Lerroux e a Emiliano Iglesias, dándolle conta da constitución do Centro Republicano Radical. Un ano despois, en febreiro de 1932 vemos que Bueu está presente, polo concelleiro José Romero, nun banquete que no Palace Hotel dan os radicais de Pontevedra na honra de Sr. Lerroux.

[illegible]

Diario Islas de Ons SL
(Museo Massó)

además da casa principal e capela, unha fábrica de salga cos seus almacéns e outras cousas máis de menor extensión que utilizan os colonos sendo o seu valor real de 581.000 pesetas, do que deducidas 114.000 pesetas dunha Hipoteca a Dn Paulino Yáñez, 45.000 pesetas que se deben ao Banco Anglo Sud Americano de Vigo, 200.000 pesetas que se lle deben a Dídio Riobó, queda deducido o valor que se asigna a ptas 222.000". Ao que habería que engadirlle 28.000 ptas polo valor da gandaría que existe nas illas e 5.000 ptas do efectivo existente na casa, o que sumados dan o valor das 255.000 ptas.

Manuel aporta ás illas como socio 250.000 ptas e Dídio participa con 5.000 ptas en metálico do seu peculio, o que fai un total de 255.000 ptas.

As ilusións postas na nova Sociedade, mesturadas cunha tímida renovación, deron paso pouco despois da inxección de liquidez conseguida co Banco Hipotecario de España (200.000 ptas), por outros acredores amigos como Paulino Yáñez e familiares, a un curto período de bonanza na mesma.

No inventario da sociedade pódense comprobar pagos por débedas a familiares de Dídio residentes en Arxentina como, 6.900 ptas a Felipe Rittatore (cuñado, estaba casado con Heráclia Teresa Antonozzi) ou a súa sogra Adela Palanca con 3.000 ptas; estas cantidades foron fixas, cando menos ata 1947.


Parello á liquidez, as inversións no 1931 adquiren cotas altas e ampliáanse as inversións en plantación de árbores, arranxo de casas de colonos, merca de embarcacións, etc.

No caso das embarcacións sinalar que ao balandro a vela que xa tiñan (para transporte de persoas, mercadoría, Cartería ou correo postal, etc.) engadíronlle ese ano un barco a motor de aceite pesado (15.000 ptas) chamado "*Isla de Ons*" e unha traíña con motor de gasolina que lle puxeron "*Isla de Ons-2*" (6.000 ptas).

Significativo é que en outubro páganse 671,20 ptas ao notario Velo de la Viña “*por gastos escritura revogación poder de D. Manuel Riobó a D. Dídio Riobó e custo do pago de 200.000 pesetas que o D. Manuel debía ao D. Dídio o mesmo día da constitución da Sociedade*”.

O que tamén dicían as escrituras de fundación da Sociedade era que o “*80% das utilidades*” (perdas ou ganancias) lle correspondían a Dídio e o 20% restante a Manuel Riobó. Pero esa mesma cláusula será un lastre na vida de Dídio.

A gráfica resume fielmente unha parte da realidade. Se nos dous primeiros anos houbo pequenos beneficios, nos seguintes as débedas foron constantes e cuantiosas.



Dídio e os colonos

Ao longo dos moitos anos que Dídio traballou na Illa, sempre tratou de manter as formas coa xente pero, iso si, deixando claro quen eran os colonos e quen o dono. Por carácter, fuxía de calquera tipo de



enfrentamento o que non o blindaba para non telo, como xa mencionei no ano 1924 coa demanda de conciliación posta polo seu país por inxurias graves a Dídio. Pois anos despois (1931), un daqueles denunciados, David Otero García, volverá a ter problemas con Dídio por custos de arrendamento da casa e fincas que non se solucionará na Conciliación en todos os termos solicitados polo demandante o que non foi impedimento, e a petición do xuíz e homes bos de ambos, para transixir e poñerse de acordo en:

- que o prezo do arrendamento sería similar coas terras doutros colonos limítrofes.
- Taxar a renda da casa en 125 pesetas anuais
- E para medir as fincas designar un perito agrimensor externo.

Será coa publicación da Lei da Reforma Agraria (21-9-1932) cando patrón e colonos vexan o instrumento legal que poida solucionar os seus problemas. Os colonos aglutinados arredor da figura do mestre Cambeiro acoden ao gobernador ou escribindo ao Ministro de Agricultura e ata o Presidente do Consello de Ministros solicitándolles apliquen a dita Lei mercando e rotulando as terras o estado. Dídio mira na Lei a posibilidade de que o estado lle merque a Illa pero a un prezo razoable. Pero tamén hai o perigo, e así llo fai ver un avogado amigo, de que se lle podería aplicar esa Lei e quedarse sen a illa.

Un Decreto (28-12-1932) que dicía que o estado non se incautaría de máis fincas rústica bota por terra as esperanzas de todas as partes para solucionar os seus problemas en Ons.

Dídio baralla distintas alternativas, algunhas delas, drásticas e ata violentas que lle fan aconsellar ao seu avogado que proteste e reclame cando se vexa prexudicado porque *“Agora hai que aumentar os freos sobre as paixóns e o xenio. Penso que nin a Illa nin cen valen a pena dun acontecemento dos que V. me indica”*. Tamén lle aconsella outras dúas cousas:

- Non ofrecer a illa ao estado pois no caso de que lle deran menos do que compensara (lembrar que tiña unha hipoteca), non tería remedio.
- Ir a Madrid a falar coas asociacións de propietarios afectados pola Lei Agraria.

Nos anos 1933 (xaneiro) e 1934 (xaneiro, xuño,...) acudiu a Madrid e non só falou cos representantes das asociacións agrarias senón dos compañeiros do Partido Republicano Radical e do Agrario, así como de presentar escritos e propostas ás autoridades e estamentos máis relevantes da nación.

Varios xornalistas, coma Lustres Rivas, Joaquín Pesqueira, Johán Carballeira¹⁴, etc. dan *“Un berro de alarma”* que pode derivar en traxedia se non se lle pon remedio a tempo.

As dificultades e problemas coa empresa pouco teñen que ver coa actividade persoal así vemos a Dídio como vicepresidente da recente creada Sociedade Recreativa ou aspirando á praza de fiscal no xulgado bueús do que quedou coma suplente. Tamén a Subdelegación de Pesca de Bueu comunica que a Inspección Xeneral de Navegación (19-5-1934) cesou no cargo ao Presidente do Pósito de Pescadores e da Mutualidade de Accidentes do Mar e de Traballo do Secretariado corporativo de Bueu,

¹⁴ Este conveciño xa publicara en 1932 artigos como altofalante dos problemas sociais da Illa de Ons e cunha entrevista a Dídio Riobó.

e nomea a Dídio Riobó (Presidente do Pósito) e Serafín Corral Pereira (Mutualidade). Cargos que seguían a ostentar no 1935.

Por se a xestión ao fronte da Sociedade ‘Illa de Ons SL’ non estaban suficientemente complicadas pola actitude de falta de pagamento por parte dos colonos, falta de liquidez, etc. aparecen cartas ameazantes de embargo por non facer fronte ás obrigas da hipoteca co Banco Hipotecario de España.

Nunha carta angustiada ao alcalde facendo un pequeno percorrido polas causas da miseria insostible da poboación aos que veu axudando “*a Sociedade propietaria, ata o seu esgotamento. Na actualidade o problema é angustiante para todos [...] Este proceso de descomposición económica deu comezo no ano 1931 e tivo seu orixe nun aplanamento psicolóxico da colectividade...*”.

Morre Manuel Riobó

Manuel Riobó había un tempo que apenas manexaba os fíos da estrutura familiar pois no económico o facía Dídio e dos netos encargábase a súa nora, Margarita Nigorra. El sentíase canso, maior e con achaques polo que decidiu testar sobre todo para dar cobertura de futuro aos seus netos. Tras incorporar ao testamento un novo contrato privado co seu fillo Dídio da como resultado o reparto da metade do líquido remanente da venda na súa participación das propiedades da sociedade logo de deducidos todos os gastos que xerara o proceso.

Ao pouco de testar morre de ‘parálise cardíaca’, na casa familiar de Bueu, ás 6 da mañá do sábado día 30 de decembro de 1933. Con el morre unha figura singular na biografía de Bueu e senlleira para a da Illa de Ons.



Venda de Ons

Quizais foxe polas xestións realizadas polo que no outubro do 1935 o goberno do estado decidiu, en Consello de Ministros e a proposta do ministro de Traballo e Xustiza, decretar a creación dunha casa para vagos e malfeitores en Alcalá de Henares e *un campamento agrícola coa mesma finalidade na Illa de Ons*. De paso solucionaban un anacronismo histórico no que vivía a poboación da illa co réxime de colonato.

Días despois de saír o Decreto aparecen nos xornais “El País” de Pontevedra e logo nos “La Libertad” de Madrid e “El Pueblo Gallego” a noticia do “*Raro asunto da venda da Illa de Ons*”, “*amaños*” ou “*affaires*”... Ata aparece o nome dalgún político implicado.

O mesmo xornal  orixe da noticia do "asunto", "El País" publica ao mes seguinte, 2-11-1935 na primeira páxina informando que feito investigacións, e sen pretender prexudicar ao propietario de Ons, rectifica e di que ó valor dado de 250.000 pesetas “*non se axustan exactamente á verdade*” dado que habería que engadirlle unha grande cantidade polas “*operacións financeiras*” da venda que farían “*eleva a cifra total a medio millón de pesetas en números redondos*”.

A raíz deste “*escándalo*” o Consello de Ministros do 6-2-1936 recúa anulando o Decreto (23-10-1935) relativo á adquisición directa da illa de Ons para a instalación da dita colonia agrícola penitenciaria de vagos e malfeitores.

Un novo revés para as expectativas de Dídio e das xentes da illa. Xa partíamos dunha situación social na illa moi complicada, o que fixera, novembro 1935, a Dídio comparecer ante o alcalde para transmitirle os seus temores ante o clima de excitación, con reunións nas que se conspiraba e ameazan a colonos “*que non secundan os*

seus propósitos” e “contra o propietario da dita illa”. Pois, con esta decisión incrementouse a belixerancia contra o patrón e o desacougo e desesperación por parte deste. E a situación de confrontación política no país non axudaban a poñer algo de cordura e restou á hora de tomar decisións por parte de Dídio. Nel, como ocorre en case todas as persoas, convivían moitas realidades das que os acontecementos mostraron a faciana do suicidio.

Apuntamentos pola morte de Dídio Riobó

Dídio Riobó aforcouse na Illa de Ons. Moitas foron as interpretacións ao enigma do final dun home que foi peza clave para entender Ons nos anos trinta do século pasado. Algunhas delas as debullaremos aquí e serviranos para aclaralas e para entender algúns aspectos menos coñecidos do personaxe.

Dídio como foi un dos fundadores do Partido Republicano Radical en Bueu está, para moita xente, asociado á esquerda máis radical e, como consecuencia, a falsas interpretacións do seu status político e social proclive a represalias tralo lo levantamento armado do 1936.

Nada máis lonxe da realidade. O Partido Republicano Radical ou Lerrouxista era un partido de centro, máis ben de centro dereita como o cualificarían moitos historiadores. Partido que no período 1934-1936 escorou máis á dereita e estivo gobernando coa Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA) e Partido Agrario (propietarios de terras afectados pola reforma agraria do período Reformista), primeiro como apoio y logo no mesmo goberno.

O mesmo Dídio, para amosar de forma pública a súa postura de submisión ao novo goberno e así frear un pouco as posibles represalias do seu pasado recente republicano, dona para o exército


nacional e milicias, a finais de agosto 40 ptas e 3 moedas de ouro de 1,2 e 4 pesos filipinos engarzados cun peso de 11,5 gr. en ouro.

Curioso, e con moitas lecturas, constatamos que nunha entrega de obxectos de ouro no concello de Bueu, un mes despois de morrer Dídio a súa muller “*María Antonozzi, viúva de D. Dídio Riobó, en memoria deste, un padal, un anel selo e unha caixa reloxo tres tapas, 51 gramos*”.

Tamén se dicía que Dídio pensaba fuxir cara Portugal, que xa tiña un barco preparado, etc. non hai constancia de que esas opcións foran reais a pesares de que bastante xente o estaba facendo. Ata o que fora varias veces Presidente do Consello de Ministros, fundador e líder do Partido Republicano Radical, Alejandro Lerroux, por esas data se exiliara en Portugal (1936-1947). Por certo! Dende onde envía carta de adhesión e recoñecendo aos sublevados de Francisco Franco.

Tras desmentir esta posible fuxida a Portugal dicir que efectivamente pensaba na posibilidade

de saír pero o faría legalmente, cara Buenos Aires, lugar que coñecía ben e onde tiña a familia de María Antonozzi. Quedou constancia deste intento pois ao solicitar autorización, foi anotado no Libro Rexistro de Emigrados do concello, no ano 1936.



Masonería

Unha das explicacións dadas pola cal Dídio decidira aforcarse era polo medo que tiña de que o puideran deter e asasinar por ser masón. Algunha xente afirmaba: “*Como era masón?*”

O certo era, que dende finais do século XIX e primeira metade do XX, adoitábase identificar aos emigrantes das familias con posición acomodada (terratenentes, comerciantes, con profesións liberais, etc.) como pertencentes a sociedades secretas de tipo masónico, influídos quizais polo apoio e aportación maioritaria a estas entidades que se daba na emigración española no continente americano, sobre todo, na Illa de Cuba.

Outro relato da morte de Dídio ven da man da artista Maruja

Relato veraz de la realidad de Galicia

Por Maruja Mallo

LOS MARTIRES

Hablaré de aquellos que conocí personalmente, ya que el número de víctimas es incalculable.
Juan Caballero, alcalde de Bueu desde el triunfo del Frente Popular, detenido con dieciocho más, fue conducido a la isla de San Simón. Cuando fueron a buscarla, la Falange le preguntó: «Sabemos que no ha hecho nada que es usted un caballero». «Yo no soy un caballero, soy un hombre», les contestó. El delito que había cometido fue conseguir que el cesto mínimo de la cesta de sardinas fuera de 15 pesetas, y hacer la defensa de la cultura y de los trabajadores en «El Pueblo Gallego» (diario de Vigo). En la isla de San Simón, cuando la cárcel está repleta, atan los cuerpos de los presos de cinco en cinco y los arrojan al mar. Allí, en el bazarillo, le quitaron la vida a Caballero, gran periodista, hombre sin tacha y de valor probado.
Dídio Riobó, propietario de la isla de Ons, situada cerca de las islas de Cíes, perseguido como masón, se ahorcó en la tela de que era propietario; no pudo soportar el derrame de tanta sangre, la veloz desaparición de tantas víctimas. Dejó siete cartas escritas a los verdugos de Bueu.

Mallo, que coñeceu a este nas súas vacacións da praia de Beluso e que escribe anos despois no xornal *La Vanguardia* (20-8-1938) un artigo titulado «*Relato veraz de la realidad de Galicia*» no apartado «*Mártires*» e di: “*Dídio Riobó, propietario da Illa de Ons, situada preto das illas Cíes, perseguido coma masón, aforcouse na illa da que era*

propietario; non puido soportar o derrame de tanto sangue, a veloz desaparición de tantas vítimas. Deixou sete cartas escritas aos verdugos de Bueu”

Para ver que hai de realidade nestas afirmacións e/ou do por que das mesmas, rastreademos á familia e os posibles vínculos con algún tipo de triángulo masónico (pequeno grupo de persoas) ou Loxa (lugar onde traballan os membros dunha fraternidade masónica e, por extensión, agrupación máis ampla de masóns).

Se comezamos polo seu pai Manuel Riobó non atopamos ningunha relación con este tipo de organizacións se exceptuamos a

acusacións, con ou sen fundamento, de conveciños ou infiltrados; de listados ou nomeamentos en distinta documentación incautada (incluso no estranxeiro), polas informacións aportadas pola rede de espionaxe do exercito (APIS) ou polos Boletíns Oficiais da Masonería Universal, como o B.O. do Grande Oriente Español.

Será precisamente na documentación que o Grande Oriente Español mantén coas Loxas filipinas onde aparece o nome de Alfonso Riobó Bustelo ligado á masonería. Concretamente no número 265 do Boletín Oficial, páxina 8, do 28 de maio de 1914. E que, a pesar de falecer un cuarto de século antes, aparece procesado (1955) por posuír antecedentes masónicos e non ter presentado, ata a data, a “*declaración retractación preventiva*” (Expediente 46-Cartafol 480, no Xulgado nº 3, sumario 234/1955).

A implicación real de Alfonso Riobó coa masonería comeza cando, aínda solteiro, levaba un tempo dirixindo coma comerciante os negocios familiares na localidade de López, provincia de Tayaba (dende 1945, provincia de Quezón) a uns 200 km ao sueste da capital Manila, na mesma illa filipina de Luzón.


A súa amizade con veciños destacados da cidade, como o procurador xudicial e edil Antonio Argosino e, sobre todo, con Getulio Capistrano e Eustacio Cruz propiciaron o seu achegamento e implicación directa coa masonería filipina. Estes amigos anos antes eran os integrantes do triángulo (célula base ou grupo mínimo organizativo) Batang-Lusong nº 64 que foi sérmola da Loxa Rizal que en López se constituíu co apelido dun heroe e mártir filipino. Esta Loxa Rizal que fora fundada oficialmente o 28 de agosto de 1909 e adherida ao Grande Oriente Español co nº 312 sería onde Alfonso Riobó pediu ser admitido na masonería no mes de xaneiro de 1914. Tralos informes e autorizacións preceptivas o 28 de febreiro dese ano celébrase, nas dependencias da Loxa, a cerimonia iniciática do

profano Alfonso Riobó Bustelo. O seu papel dentro da institución foi moi activo e recoñecido pois no 1917 o temos dirixindo a Loxa Rizal nº 312 como Venerable Mestre e con el como oficiais de rango inmediatamente inferior a aos seus amigos e inicialmente valedores Getulio e Eustacio.

O cadro xerárquico desta Loxa no 1917 constituíano:

Venerable mestre: Alfonso Riobó
Primeiro Vixilante: Getulio Capistrano
Segundo Vixilante: Eustacio Cruz
Orador: Pedro Pica
Secretario: Eustacio A. Escobar

A actividade de Alfonso Riobó como Venerable Mestre coincidiu nun momento crítico para as Loxas españolas nas Filipinas, dado que o control político dos americanos estendíase a todos os aspectos da vida nas illas, incluíndo a da maior parte das agrupacións masónicas. Esta autoridade escenifícase nese ano de 1917 coa fusión/absorción por parte da *Grand Lodge of the Philippines Islands* da *Gran Logia Regional de Filipinas*. Do acontecer masón de Alfonso nos dous anos máis que pasou na illa case nada sabemos. Tampouco nos consta actividade masónica algunha cando regresou a Mallorca, de onde era a súa muller, e logo á península. Aínda que non é descartable de que si tivera contacto con membros de diversas Loxas galegas, irmáns baixo o auspicio do Grande Oriente Español e que tamén os unía amizade de veciñanza e ideais comúns, incluso políticos. Algún destes foron os pontevedreses Avelino Silva, Casimiro Reyes, etc. que tempo despois embarcáronse na aventura política do Partido Radical coincidindo con Dídio Riobó nesta tarefa.



A morte de Dídio, unha broma?

Dídio era amigo do médico Luís Pimentel, os dous compartían o mesmo ideario político e ata foron membros da Comisión Administrativa Provisional en abril de 1931.

Coma sempre, Dídio ía e viña á Illa segundo o traballo que alí quería facer.

O venres 2 de outubro do 1936, atopáronse Luís Pimentel e Dídio e, como amigos que eran, falaron das súas cousas. De seguro que comentarían, coa preocupación lóxica, os graves acontecementos que se relataban nos xornais referentes ao curso da guerra e, como non, do que ocorría coa detención dalgúns veciños moi coñecidos por eles, como Johán Carballeira, Manuel Ríos, etc.

Dídio, polo seu carácter, amosábase especialmente alterado e o seu amigo Luís simulaba quitarlle importancia ás cousas e ata facía bromas. Cando se despediron e vendo que aínda estaba nervioso Dídio, Luís Pimentel lle dixo entre risas, como unha broma máis: “*Preparate que esta noite van por ti!*” (coa idea de ‘te van a pasear’, matar).

Dídio chegou á casa e contoulle á súa muller a conversa con Pimentel facendo fincapé no suposto aviso que lle dera. Preparou cousas na casa durante o resto da mañá e a primeira hora da tarde marchou cara a illa no galeón. Segundo Eligio Patiño, cando Dídio baixou na illa de Ons, sinalou ao galeón e lles dixo aos mariñeiros que alí estaban: “*Botalo ben arriba que para vós será*”.


Logo pasou á súa casa do Almacén de Curro e mandou marchar á criada que o atendía normalmente e pechou como adoitaba facer nas noites de invernía. Cando chegou pola mañá a criada atopouno

[illegible]

Detidos no Depósito Municipal
7 outubro de 1936

aforcado nunha trabe da salga. Segundo a partida de defunción morrería por asfixia sobre a unha da mañá do sábado día 3. Houbo levantamento de cadáver e acto seguido foi trasladado á súa casa de Bueu onde se velou.

Purificación Galup, grande amiga da familia, saíu da casa para darlle o pésame e acompañar a María Antonozzi neses duros momentos. Cando baixaba por Eduardo Vincenti a mirou Conchi, muller de Luís Pimentel que vivía fronte dela, na que fora casa de Matilde Bares.



Interior salga de Ons

Preguntoulle a onde se encamiñaba, e ao dicirlle que a xunto María Antonozzi para darlle o pésame e acompañala. Esta dixo que a esperara que se puña unha chaqueta e ía con ela (pois tamén eran moi amigas).

Cando chegaron xunto á viúva, á casa da Praia, Pura doulle uns bicos e acompañouna no sentimento. Pero cando viu a Conchi que estaba detrás de Pura, María Antonozzi comezou a berrar contra ela e o seu marido responsabilizándoos da morte do seu home. Conchi que non entendía nada, e nada sabía do que resultara ser unha macabra broma, marchouse da casa toda consternada.

Mais o acontecido quedou na memoria da familia de Pura e co paso do tempo cando alguén facía algunha broma que non gustaba dicían ás avoas: *“Ai! Bromas! Bromas! Unha broma custoulle a vida a Dídio!”*.

Non debemos quedarnos só coa anécdota, a pesar de que fora esta o detonante da traxedia. A mirada debería estar posta nas circunstancias que concorreron no noso país por esas datas xa que estas propiciaron medos cargados de dor, e dores que buscaban o medo dun pobo ao que lle estaban a truncar as esperanzas.

E a vida segue...

As 11 da mañá do domingo, hora que saíu para o cemiterio de Bueu (cemiterio vello, ao lado da igrexa parroquial) foi un momento clave para

comprobar se a súa ausencia puña de manifesto a falta de temón dunha Sociedade á deriva. A pesar do loito alguén segue a tentar, como o facía Dídio, saír da fochanca na que facía anos estaba a Sociedade *Isla de Ons S.L.* O primeiro que se fixo dende o mesmo día 3 de outubro foi “*un convenio cos colonos de condonación do 50% das rendas atrasadas, a fin de facilitar o pago do que deben*”, así como pechar todas as “*contas con motivo de Inventario extraordinario, que se efectúa no día de hoxe, a fin de comprobar o estado da Sociedade ao falecer o asociado D. Dídio*”, logo das oportunas anotacións abrir outras adaptadas á nova realidade e así dar unha continuidade aparente ata que alguén se fixera coas rendas.

María Antonozzi coa participación maioritaria (tamén nas perdas) e incapaz de facer fronte ao que se lle viña enriba impón, á cunhada Margarita Nigorra¹⁵, o seu criterio de pedirlle ao amigo Gaspar



¹⁵ As dúas asinarán un poder a Gaspar ante o avogado Severino Fernandez Somoza (16-1-1937)

Massó que faga todas as xestións precisas para, primeiro sacar a sociedade das grandes dificultades económicas nas que se atopaba, para despois tratar de desfacerse da mesma nas mellores condicións posibles.

Gaspar vendo a ardua tarefa que lle viña enriba tratou de zafarse pero ante a insistencia de María Antonozzi e vendo a inexperiencia absoluta das propietarias se foxe cargo pero non sen antes poñer algunha condición. Entre esas condicións estaría a



María Antonozzi

de poder poñer nos postos precisos á persoas da súa confianza e se nalgún momento había beneficios todos cobrarían cantidades de acordo ao traballo realizado.

Non sería ata decembro do ano 1942 cando nos Gastos Xerais, vemos que se fai realidade con nomes como:

- *Pancho Puig, polos seus servizos nas Illas, con colonos e distribución de parcelas a cada un, así como xestión aumento rendas 5.000 ptas.*
- *José M^a Estévez, polos seus servizos de administración en Bueu e Ons 5.000 ptas.*
- *Camilo Veiga Prego, polos seus servizos contabilidade e administración 10.000 ptas.*
- *Antonio Massó García, por viaxe e estancia a Madrid, solicitando Cancelación escritura préstamo Banco Hipotecario e liquidación Dereitos Reais 3.800 ptas.*

Ao mesmo Gaspar Massó García, *por importe da súa retribución como 'Factor Mercantil' durante a súa xestión ao fronte da Sociedade 50.000 ptas.*

María Antonozzi, uns meses despois da morte de Dídio recolle todo o que pode e, na compañía do seu irmán Isaías, parte de Lisboa no transatlántico '*General Osorio*' chegando a Buenos Aires o 9 de febreiro de 1937. Dende alí parte para Córdoba xunto a súa familia.

Volverá a España en dúas ocasións para asinar ou liquidar o reparto da herdanza.

Que Gaspar posuía amplos poderes na xestión da Sociedade non hai dúbida, pero o que non todos coñecen e que el daba contas periódicas a María Antonozzi e esta



General Osorio

logo de pasalas polo filtro do seu cuñado, tamén empresario en Córdoba-Arxentina, lle daba o visto bo e lle indicaba as decisións importantes a tomar, así como as xestións a realizar. Proba disto o temos nas cartas que de forma periódica se cruzaban María Antonozzi e Gaspar. A modo de exemplo extraio dunha de Antonozzi:

“CONTAS: Agradezo as minuciosas informacións que se serve darme ao respecto e aprecio que se fai todo o posible por poñer ao día as contas dos Colonos...”

“BALANCE: Tomei moi boa nota do movemento das contas e vexo que todo se desenvolve normalmente.”

Gaspar lle facía chegar, non só a María Antonozzi senón tamén a Margarita Nigorra as facturas (impostos, seguros, xuros, gastos reparacións das vivendas ou salga, empregados -como o patrón e motorista da lancha-, pérdas, etc.) e os alugueres e beneficios.

De alugueres cabe significar os das casas dos colonos, a tenda, o muíño, unha casa ‘*salgueira*’ en San Pedro de Sádoma-Vigo, casa principal alugada a Gonzalo Torrente Piñón, fábrica almacén de Pescadoira a Attilio Gaggero, casa-escola de Ons, subvención polo correo da Illa, e algunha finca en Ardán e Bueu.

Venda/Expropiación de Ons

Logo dos intentos frustrados, por parte de Didio, de que o estado se fixera coa propiedade da Illa, falecido este Antonozzi volve a ofrecelo quedando constancia no Arquivo Intermedio Militar do Noroeste¹⁶. Neste cúmulo de ofertas ao estado, é curioso o que lle ‘apunta’ a Gaspar en agosto de 1939: *“Creo oportuno facerlle saber que o actual Ministro de Marina, Sr Moreno, en maio de 1932 dirixiuse ao pobre Dídio interesándose pola adquisición da Illa pequena de Onza, formándose un expediente que se elevou ao Ministerio de Marina. Vostede mirará se é o caso de facer ver este asunto. Naquel entón o Sr. Moreno era Xefe da Base Naval de Marín. Xa sabe Vd. Que deixo librado ao seu criterio a apreciación do momento oportuno para ofrecer ao estado a venda das Illas de Ons”*.

Non sería ata 1941 cando deran resultado os contactos influentes de Gaspar Massó e o Ministerio do Exército (Ramo da Guerra) puxera sobre a mesa unha oferta expropiadora dun millón de pesetas que cubrían as expectativas dos membros da Sociedade. O préstamo co Banco Hipotecario de España, que se seguía debendo na case totalidade, pagouse, así como outros moitos gastos derivados do precario da Sociedade nos anos anteriores. Tamén se repartiron algúns beneficios entre os socios durante uns anos en función dun contrato que habían asinado en 1937 que era o 75% para María Antonozzi e un 25% para os herdeiros por parte de Alfonso.

Non será ata o 11 de maio de 1947 cando veña María Antonozzi a asinar con algúns dos herdeiros e repartirse coa mesma proporción as 773.775,56 ptas do saldo da Sociedade deixando pendente a disolución da Sociedade (que ao parecer nunca se fixo).

¹⁶ ES.15.402.05.02205.003 (Tamén o recolle Julio Prada na páx. 218 artigo citado)


Colofón

A familia Riobó foi quen de botar un pulso coa liña do destino e afrontar retos e cimas dificilmente imaxinables desde o berce antigo da Cela do século XIX. Manuel, manténdose firme e perseverante no empeño de conseguir ser médico e, posteriormente apostando polo futuro sementou regueiros de oportunidades para el e para a súa familia. Pero as gadoupadas da vida leváronlle cedo á súa muller e a tres dos seus fillos. E o que puido ser un emporio duradeiro murchouse en pouco tempo. As razóns deste declive paulatino foron múltiples e non sempre controlables. Van desde a influencia da macroeconomía, cos ramallazos do Crack do 1929 que durante moitos anos estivo a afectar a economía mundial e especialmente a España, e Galicia en particular. A ter en conta tamén as expectativas reformistas que trouxeron os cambios políticos e as contrarreformas que a estes mesmos cambios afogaron.

Pero se estas cousas influíron, e moito, no acontecer da Sociedade *Isla de Ons S.L.* o que máis incidiu nos seus momentos de prosperidade e dificultades foi o factor humano. Factor humano non imputable soamente aos donos senón tamén ás condicións da poboación que alí vivía.

O sistema anacrónico de colonato, decisións laxas ou arriscadas na xestión, etc. as máis das veces chocaba cos intereses e necesidades dunhas persoas atenazadas polas leis e polo illamento.

As diverxencias non ben canalizada dos intereses, foi fundamental para un esmorecer dese proxecto que durou algo máis de dous lustros nos que a familia Riobó puxo na súa biografía unha illa: Ons.



Fontes e Bibliografía

Fontes:

- Anuario de la América Latina de Bailly-Bailliere-Riera Tomo I. 1920-21
- Arquivo Municipal de Bueu. Arquivoiro, Belarmino Barreiro Rosales.
- Arquivo Museo Massó de Bueu. Directora, Covadonga López de Prado Nistal.
- Arquivo Salamanca: Centro Documental de la Memoria Histórica (CDMH) Juzgado especial número 3 de Represión de la Masonería y del Comunismo
- Aunios. Revista editada pola Asc. Pineiróns. Artigos editados nos números 19-20-22-23 e 25
- Ficheiros do “Centro de estudios Migratorios Latinoamericanos” (CEMLA)
- *El áncora*. 06-07-1904 páx. 2.
- *El Correo de Galicia*. 12-09-1926 páx. 11.
- *La Correspondencia gallega*. Varios números.
- *Diario oficial de avisos de Madrid*. 11-09-1887 páx. 2.
- *Diario Oficial del Ministerio de Guerra* 14-6-1912 páx. 698 e 29-12-1912 páx. 831-832
- *El Diario de Pontevedra*. Varios números.
- *Faro de Vigo*. Varios números.
- *Gaceta de Galicia*. Varios números.
- *Galicia*. Varios números.
- *La Iberia*. 05-09-1887 páx. 2.
- *El Lucense*. 05-09-1887 páx. 2.
- *El Progreso*. Varios números.
- *El Pueblo Gallego*. Varios números.
- *El siglo futuro*. 10-09-1887 páx. 3.
- *La Vanguardia*. 20-08-1938 páx. 5.
- *Vida gallega*. Varios números.
- Entrevistas con Julita Rodríguez Galup, Manuel Gutiérrez, Manolo Ríos e M^a Eugenia Bolívar Sequeiros

Bibliografía:

- Cuartero Escobés, Susana: «La masonería española en filipinas» Tomo 2 (Escuadra y compás). Ediciones Idea . 2007
- Domínguez Arribas, Javier: «El enemigo judeo-masónico en la propaganda franquista (1936-1945)» Marcial Pons Historia. 2009
- Fernández de la Cigña Núñez, Estanislao: «Illas de Ons e Sálvora: Historia natural e humana». Asociación Galega para la Cultura y la Ecología, D. L. 1989
- Ferrer Benimeli, José Antonio (coord.): «Masonería, política y sociedad». Centro de Estudios Históricos de la Masonería Española. 1989. “*Las logias del Grande Oriente Español (1900-1936)*” páx. 265-312
- Lemos Jorge, Marta: «A bordo das Ons» Concello de Bueu, 2013
- Otero Acuña, M^a Jesús: «Isla de Ons. Privilexio da natureza» 1998 e 2019
- Portela Pazos, Salustiano: «Apuntes para la historia de la Isla de Ons» páx. 35-73. Cuaderno de estudios gallegos, XXVII. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1954
- Prada Rodríguez, Julio. «Todos se consideran con derecho a requisar...» Revista Historia Contemporánea V. 36- Salamanca, 2018. Páx.197-223 <http://dx.doi.org/10.14201/shhc201836197225>
- Pereira Martínez, Carlos. «A familia Poza: un exemplo de republicanismo e librepensamento en Pontevedra» Revista Anuario Brigantino, 2004, nº 27
- Riobó Serván, Margarita et al : «Ons e Onza nos arquipélagos galegos» ICI (Institución cultural isleña), D.L. 2012
- Riobó Serván, Margarita et al : «Ons no tempo» ICI (Institución cultural isleña), D.L. 2010
- Rosenstock's Directory of China and Manila - Volume 23. Bulletin Publishing Company, 1917.

Páxinas web

Álvarez Castro, Xosé. Blog Pontevedra nos anos do medo. Dende xuño de 2008-2012 Masonería en Pontevedra I-IX: <https://anosdomedo.blogspot.com/2008/06/masonera-en-pontevedra-i-loxa-no-burgo.html>

«A escola da Illa de Ons»

«A escola da Illa de Ons»¹⁷

‘Coa excepción de momentos moi puntuais, o abandono por parte das institucións do estado ao longo de todos os períodos nos que a illa de Ons estivo habitada é algo que a memoria e a historia confirman.

Unha desas poucas ocasións que nos consta que si se preocuparon foi na primavera do ano 1915 xa que os concelleiros de Bueu puxeron o foco na educación e marcaron en positivo o futuro de varias xeracións de insulares.

A modo de homenaxe a toda a comunidade educativa da illa (rapaces, pais, mestres, institucións, etc.) que fixo posible acender ese outro faro “do saber”, imos facer un pequeno percorrido polo nacemento da primeira escola así como polos docentes que deixaron pegada na memoria da illa e dos insulares realizando unha parada biográfica nun deses mestres como é Joaquín D. Fernández Cambeiro.

I – Creación da escola de Ons

A partires do mes de marzo de 1964 emitíuse na Gaceta¹⁸ do 12 de maio de 1915 aparece unha Real Orde do día 10 dándolle aos concellos do estado un prazo de corenta días para solicitar a creación de escolas con cargo aos presupostos do Estado. Isto fai que o alcalde de Bueu, José Rodríguez Estévez, o poña na orde do Pleno Ordinario a celebrar o 13 de xuño. Pleno que se tivo que celebrar, por indisposición do alcalde, baixo a presidencia do 1º Tenente de alcalde Miguel Nogueira Fraguas¹⁹ e no que deciden a conveniencia de aproveitar esta oportunidade *“para pedir, en primeiro lugar a creación dunha escola para a Illa de Ons que carece de todo centro de ensinanza e conta xa cunha poboación de douscentos setenta e seis habitantes e unha de nenas para Beluso...”*. Infórmase que para poder solicitálas precísase ofertar ao Estado aulas e vivendas para os mestres así como material para as novas escolas. E *“respecto á da Illa de Ons, isto ofrecía algunha*

¹⁷ Publicado no nº 20 da revista Aunios en maio 2015.

¹⁸ Equivalente ao actual Boletín Oficial do Estado (BOE) ou ao Diario Oficial de Galicia (DOG)

¹⁹ Xa fora dúas veces alcalde e aínda o sería dúas veces máis.

dificultade, pois alí non existía casa buscada, pero os veciños ao saber o que se pretende ofreceron unha do Sr. Marqués de Valadares e construíron material de instalación para a referida escola, podendo, por tanto, obrigarse xa o concello a pedir a súa creación”.

O Pleno aproba autorizar ao alcalde para asinar o contrato de alugamento co dono da casa ofertada na illa de Ons así como para tramitar os “*expedientes e elevalos á Superioridade*”.

Feita a petición dentro do prazo, seguiron cós trámites, como era dar o visto bo á casa-escola para o cal, o nove de xullo, saíron de Bueu cara a illa no barco do concelleiro Francisco Garrido²⁰ unha comisión do



Concello acompañados doutras autoridades provinciais (deputado Sr. Antonio Pazos, Director da Graduada de Marín en representación do Xefe de Inspectores de Ensinanza, etc.).

O encargado de mostrar a casa-escola de Canexol foi o Sr. Marcial Bernadal, arrendatario da illa. Que chegaron a un acordo favorábel para todos testemuñano as crónicas da época e o xantar con que agasallou ás autoridades o Sr. Bernadal.

No mes de outubro dese mesmo ano recíbese un oficio do Director Xeral de 1ª Ensinanza adiantando a creación de dúas escolas en Cangas e xa todos daban por seguro que proximamente se anunciaría á creación das de Beluso e Ons pois estivera realizaron xestións o Deputado e Director Xeral de Instrución Pública²¹ Sr. Eduardo Vincenti²². Efectivamente sería nos primeiros días do mes de novembro de 1915 cando se publica²³ oficialmente a creación de cinco escolas na provincia

²⁰ Outros concelleiros ademais do mencionados eran: Camilo Davila, José López, Manuel Reboiras, Manuel Lafuente, Manuel e Ramón Martínez, Antonio Amoedo e Benito Fazanes

²¹ Con funcións do que coñecemos actualmente coma “Ministro de Educación”.

²² Xenro do que fora presidente do goberno Sr. Eugenio Montero Ríos e con grandes “amigos políticos” en Bueu.

²³ A creación foi por Real Orde de 20 de outubro e publicado no B.O. do Ministerio do 5 de novembro 1915.

de Pontevedra, das que correspondían dúas para Bueu: unha de nenas para Beluso e outra de nenos para a Illa de Ons. Xa todo estaba en marcha: confirmación oficial, casa-escola elixida, censo de nenos... só faltaba a figura do mestre.

Ese mesmo ano convócanse un Concurso Xeral de Traslados²⁴. En Galicia o concurso resólvese o 21 de xaneiro de 1916 data coa que o Reitorado envía a lista á “Gaceta de Madrid” para que sexan publicadas e así confirmadas oficialmente. Nesa relación aparece xa cuberta a escola da Illa de Ons solicitada por Dona Antonia Novoa Suárez. Pero na mesma comunicación oficial decatáronse de que a creación da escola era “de nenos” ou sexa para ser desenvolvida por un mestre polo que aconsellaba *“anular o nomeamento e dar outra escola á opositora señorita Antonia Novoa, que foi quen a elixiu”*.

Esta decidida mestra facendo caso omiso a calquera recomendación presentouse días despois, 12-2-1916, no concello de Bueu para tomar posesión²⁵ da escola de Ons. O alcalde en funcións Miguel Nogueira Fraguas asesorado polo Secretario municipal asina unha “Acta negativa de posesión” de tal xeito *“... que gardando o acatamento debido, considérase no deber de non dar posesión a Antonia Novoa Suárez, ínterin non se resolva o caso ... non obstante o cal haberá de ser considerada para os demais efectos con esta data para tomar posesión”*. A Antonia Novoa Suárez, a pesar de todos os contratempos, tivo a titularidade da súa praza en Ons ata que se resolveu o conflito e é, polo tanto, a docente que ten a honra de ser a primeira mestra “oficial” da illa de Ons.

Tomando o Reitor do distrito Universitario de Santiago cartas no asunto decide nomeala (4-4-1916) como mestra para escola de nenas de Pesqueiras en Salvaterra cunha dotación de 1000 pesetas e coa antigüidade da súa presentación na alcaldía de Bueu.

²⁴ Para que os mestres poidan escoller escola por orde de puntuación persoal na escala profesional.

²⁵ Era preceptivo antes de exercer nunha escola.

Uns días despois toma posesión, como mestre interino de Ons, Víctor Manuel Barbosa Barros²⁶. Imaxinamos a grande dificultade para iniciar un labor docente poñendo os cementos a unha nova Comunidade Educativa ao que habería que engadir un medio difícil, de grandes carencias, con longas tempadas illado, etc.

*“En Canixol atópase a antiga casa de labor convertida agora en local da escola nacional, con piso alto á beira do mar, flanqueada por dous hórreos de labrada pedra, e ao fondo...”*²⁷ Os únicos libros cos que se atopou na escola eran 12 exemplares²⁸ de *“El libro de las Escuelas”* de *“recoñecida utilidade nacional e mandado adquirir polo Ministerio”*.



Un ano máis sería un mestre interino o que ocupase a escola de Ons, este chamábase Ángel Sanmartín Lorenzo²⁹. Sería en novembro do ano 1917 cando accede como mestre definitivo da illa de Ons, que será dende agora “escola mixta”, D. José Juan Piñón Mouriño³⁰, ao que anos antes se lle adxudica o título de mestre da “Fundación Montero Ríos”. O seu período docente na illa foi bastante longo (1917-24), mais ao non vivir permanentemente na illa³¹ axudaba a que a invernia provocase un absentismo endémico cuxo efecto negativo víase incrementado polas ausencias dunha grande parte do alumnado para realizar traballos de apoio á familia sobre todo na época da sementeira, da recolleita,...

A el toucoulle vivir o cambio de propiedade da illa, así como tempos duros de pelexa e enfrontamento dos colonos co Sr. Riobó como dono da illa. Tamén da claudicación humillante ante as demandas impostas por Manuel Riobó que en “compensación” *“lles outorga o perdón*

²⁶ Toma posesión o 8-4-1916. Cun soldo anual de 500 pesetas, a metade do que cobraría o titular na illa de Ons. Cesa o 24-08-1916 para ir por concurso como titular a unha escola de Vitoria.

²⁷ *Salustiano Portela Pazos, 1954 p.68*

²⁸ Dos 25 que mercara o concello en Marín para repartir entra as escolas recentemente creadas de Ons e Beluso.

²⁹ Posesión o 16-10-1916 e cese o 24-11-1917.

³⁰ Tomou posesión o 25-11-1917 e cesou o 14-11-1924. Comezou cun soldo anual de 1000 pesetas para pasar a 3000 no 1924.

³¹ No consta nos censos de 1917, 1921 e 1924

*solicitado, condicionándoo ao cumprimento exacto dos deberes e obrigas [...] non só no que concirne aos contratos de arrendamento, senón principalmente gardando obediencia, respecto e consideración ao Sr. Riobó [...] que poñerá da súa parte todo o posible, a fin de conseguir o culto e a ensinanza na Illa, para que nunca poida dicirse, que alí déixanse criar sen educar, xeracións de seres dexenerados”*³².

A escola no curso 1923-24 estivo de reformas polo que o tempo de clases foi máis curto a pesar do cal houbo unha exposición de “Fin de curso” cos exercicios escritos realizados polos alumnos á que invitou formalmente á Xunta Local de Ensinanza. Do mellor alumno deste curso queda reflectido *“pola súa asiduidade, aplicación é María Otero López, filla de Marcelino e Matilde, pois a pesar de sela encargada do pastoreo do gando dos seus pais, nin unha soa falta... e conseguiu co seu esforzo persoal, nos escasos días que durou esta segunda etapa do curso, pasar ao segundo grupo do primeiro grao...”*


O Sr. J. José Piñón decide “asentarse en terra” e participa no Concurso Xeral de Traslados de 1924 no que se lle adxudica a escola da Magdalena-Darbo³³ polo que a escola de Ons foi dada con carácter interino a José González González ata que no xullo de 1925 era asignada como titular definitivo a Aquilino Pérez Rojo. Pero, unha vez máis, os fados crúzanse con esta escola, e ten que anularse o nomeamento por falecemento do titular e ser colocado de forma provisional, á espera de adxudicación por concurso, a Ricardo Portela Pazos e logo ao mestre Sr. Fidalgo. Mais, a pesar disto, será José González González o que inicie e remate os curso dende 1924 ata 1927 e o que asine as memorias dos cursos. Interesante para coñecer algo máis do absentismo escolar é o que dicía na memoria do curso 1925-26: *“Cunha matrícula de 75 alumnos e unha asistencia de 30 soamente. A asistencia aumentou algo nos últimos días de setembro, baixou de novo en novembro, volveu a subir en xaneiro, mantívose máis constante ata mediados de abril e*

³² Artigo sexto na “Acta de Conciliación de Manuel Riobó e os colonos daquel territorio, pola que recoñeceron estes como dono absoluto de dita Illa ao Sr. Riobó” 30 de novembro de 1921 ante o Xulgado Municipal de Bueu.

³³ Na que estará pouco tempo pois falecería o 22 de maio de 1926, aos 31 anos de idade.

descendeu logo notablemente. As oscilacións obedecen ás necesidades do traballo no campo e na pesca... Non é fácil que os nenos fagan progresos cando asisten un mes, faltan enseguida quince días e así sucesivamente ... case todos os nenos desaparecen da escola aos nove ou dez anos, senón totalmente, por moi longos períodos de tempo durante o curso... O obstáculo principal é a escaseza de material, libros, mesas, papel, etc....“. Non solicita “por agora apoio ao Ministerio e Concello para cubrir esta xa que quere demostrar primeiro dúas cousas que na Escola Nacional mixta de Ons trabállase e obtense algúns resultados satisfactorios...”.

E así chegamos ao mes de xullo de 1927 en que aparece publicado na



“Gaceta”³⁴ a adxudicación de prazas aos mestres segundo número da oposición recentemente celebrada. Co número 231 aparece Joaquín D. Fernández Cambeiro para a mixta de Ons-Bueu (Pontevedra). Con Fernández Cambeiro, ao dicir da

documentación e das testemuñas orais, o papel de mestre vese magnificado e, sobre todo, complementado co de asesor, portavoz, etc. dos que carecían de todo. O Sr. Cambeiro estaría vivindo coa súa familia na illa, onde lle naceron tres fillos máis, ata o 11 de setembro de 1933 que marcha para escola de Tal no concello de Muros.

En canto ao local escola-vivenda de Ons, no outubro de 1930 recíbese no concello de Bueu unha instancia de Dídio Riobó solicitando unha suba no prezo do aluguer da mesma. Xustificaba esta alza pola necesidade que houbo ao longo de moitos anos de mantemento daquela e que o custo disto dobrábase ao de “terra” pola peculiaridade insular. Tamén que desde que se inaugurou a escola pagábase por parte do concello 100 pesetas anuais “*cantidade insignificante que non salda a metade das reparacións*” no inmovble polo que solicita súbaselle a 600

³⁴ 09-07-1927. Reprodúcese tamén no *El Diario de Pontevedra* do día 11, en *El Progreso* do 12 e no *El Noticiero Gallego* do día 18.

pesetas. A resposta é a *“imposibilidade de atender este ano o que se pide por non haber consignación suficiente”* e que no ano seguinte estudaríase o que se pode facer. No mes de xullo do 1931 hai un Pleno no que se faculta ao alcalde Jesús Prieto García para que formalice o contrato da escola mixta e casa habitación do mestre co Xerente da Sociedade Illa de Ons (Dídio Riobó) polo prezo anual de 300 pesetas.

Logo de marchar Cambeiro, e xa a finais de novembro de 1933, nomean como seu substituto, con carácter interino a Ramiro Fernández Pérez³⁵. Rematado o curso a escola sufriu un abandono tal que o 9 de setembro Dídio Riobó remite unha carta ao alcalde indicándolle que *“non podo silenciar por máis tempo, o abandono que se contempla ao visitar a casa escola e vivenda do mestre, alugada por ese concello en Ons. Non me foi posíbel por falta de chave penetrar no seu interior, onde particularmente infórmase, pronto será inhabitábel. No exterior advírtese a ausencia de cristais, en todas as ventás [...] e se comprobase este abandono, vereime na imperiosa necesidade de rescindir o contrato...”*. Ao longo de todo ese mes hai cruce de comunicacións entre o mestre, inspección de ensinanza e alcaldía todos eles para que se tomen cartas no asunto comezando por repoñer os cristais. O cinco de outubro é nomeado para Ons Antonio Bernárdez Barros mais cinco días despois tramítase o seu cese por concedérselle a titularidade dunha escola en Poio. Co nomeamento oficial, 22 de novembro 1934, de D. Ramiro Moure Moure³⁶ como mestre titular e parecía que todo comezaba a ir normalizándose. Mais o que ocorre ata o 1937 é que o titular, Ramiro Moure, pide reiteradas licencias por asuntos propios³⁷ e ata abandona o destino³⁸ polo que é suspendido de emprego e medio soldo durante dous meses co reintegro dos seus

³⁵ Cesou o 4-10-1934.

³⁶ Natural de Boborás (Ourense)

³⁷ Como a de xaneiro de 1936 que foi por tres meses.

³⁸ Xa no ano 1935 tiña que mandar carta de xustificación de forma mensual, ao Consello Local de Ensinanza, comunicándolles que estaba *“ao fronte da ensinanza desta escola de Ons”*. E en marzo de 1937 o Reitorado declarouno incurso no artigo 171 da Lei de Instrución Pública e no maio resolveuse o expediente gubernativo imponéndolle a pena quinta do entón vixente Estatuto Xeral do Maxisterio.

haberes do mes de xaneiro. A raíz disto solicita unha excedencia voluntaria³⁹ que se lle concede.

Nos anos 1937-1939 estivo como mestre Elías Regueira Alonso⁴⁰ do que houbo queixas ante o Alcalde por parte duns pais contra a súa xestión. Decatados o resto dos pais, co alcalde pedáneo ao fronte, fan un comunicado escrito dicindo que *“a escola nunca se atopou mellor atendida desde que está ao fronte”* este mestre. O que *“non só confórmase con educar dentro da escola, senón que estende o seu labor educativa fora dela dando consellos e instruindo aos pais que andamos tan necesitados como os nosos fillos... A el débese de que coas súas xestións ante o Sr. Massó, teñan os nosos fillos unha Escola fermosa e hixiénica...”* e que grazas a el *“moitos saben ler e escribir, pois as cartas que lles mandamos aos fillos que se atopan nos frontes, e que nos escribía o mestre, escríbena hoxe os nosos fillos... e se aínda quedan moitos por saber ler e escribir, é por non asistir á escola ...O único que podía queixarse, é o Sr. Mestre por falta da asistencia dos alumnos, non o fixo porque mira as nosas necesidades desde que marcharon os nosos homes xoves e fortes a defender a nosa querida Patria, e os nenos son os que nos axudan no mar a gañar uns anacos de pan, e outros non podemos mandar aos nosos fillos e fillas a Escola por non ter con que cubrir os seus corpos...”* (Asinan 46 colonos)

Aínda que durante algúns períodos curtos de tempo non houbo mestre na illa⁴¹ temos constancia que no curso 1940-41 estaba de mestre Antonio Portela Areal⁴² e no ano 1942 Antonio Soto-Quiroga Crespo⁴³

³⁹ Con outros dous mestres máis. A excedencia que solicita está no rango de “por máis dun ano e menos de dous” e se lle concede o 5-4-1937.

⁴⁰ Nomeado o 26-04-1937 e cesa o 4-3-1940 que é substituído por un *“alumno de mestre en prácticas” chamado José M^a Vázquez*. Volveu a tomar posesión por unha semana o 10 de maio dese mesmo ano xa que se anulaban as tomas de posesións dos alumnos en prácticas para agregalos ás graduadas e unitarias da Pontevedra.

⁴¹ Na relación de escolas do concello de Bueu había 7 escolas oficiais de 1ª Ensinanza e 3 de escolas privadas.

⁴² Pide recoñecemento como soldado na guerra polo que lle concederon a Medalla da Campaña que *poderá ostentar sen baxa necesidade de que saia no Diario Oficial*. Toma posesión da escola de Ons o 17-5-1940 e ces o 18-12-1940. No Nadal de 1942 vémosto coma titular dunha escola de Aldán.


⁴³ Natural de Seixo-Marín, comezou a exercer de mestre despois da Guerra Civil acolléndose á figura de *“aspirante excombatente a interinidades”*. Posteriormente, en febreiro de 1944, fará unha

que estará como interino desde primeiros de xaneiro ata o 31 de xullo de 1942. Para o curso 1942-43 chega Carlos Romay Martínez⁴⁴ que comeza por reclamar, o arranxo da escola e vivenda, ao concello, goberno civil, inspección etc. O que fai que se interesen por reparar as deficiencias:

- A inspección educativa, solicitando á alcaldía (8-2-1943) faga o posíbel: “Se algunha escola puidera ser obxecto de preferencia, ningunha con máis dereito que a de que se trata, por ser a única fonte de educación e cultura de que dispoñen os seus habitantes, afastados polo mar dos centros de poboación que lles permita a súa formación moral, intelectual e patriótica...”.

- O Xefe de Propiedades Militares que lle pide ao concello se faga cargo das reparacións da escola (case 4.000 ptas.) a descontar das 92,50 ptas. que paga de aluguer pola escola-vivenda.⁴⁵ Nas vacacións de Nadal do 1943 notificase o concurso de traslados e á escola de Ons lle corresponde a Federico Olegario Pimentel Vázquez que estará apenas un mes xa que o 5 de febreiro de 1944 acceden a poñer un substituto, a petición propia, por ser nomeado Oficial da Delegación de Abastecementos e Transportes do concello de Sanxenxo. A partires desa data non volverá a dar clases en Ons pero a súa baixa oficial como mestre definitivo na illa será o 24 de outubro de 1952.

O 7 de marzo do 1944 é nomeado interino Pedro Díaz Piñeiro que se enfrenta a un cambio temporal de escola e casa para poder ser arranxada a de Canexol. Pero feito o traslado atópase “todo en estado inservible” e ata a casa-



substitución na illa para pasar en maio ao colexio de Ceta. A súa última etapa de mestre foi como mestre propietario no grupo escolar de Seixo-Marín.

⁴⁴ Nomeado con efectos do 1-08-1942 e cesou o 7-01-1944

⁴⁵ O concello lle contestan que non, pola penuria pola que pasa (28-6-1943)

habitación non reúne as condicións mínimas de habitabilidade: un só cuarto, cociña económica tapada con cemento, retrete estragado,... Logo de varios oficios enviados ás distintas autoridades competentes fai que ata o Gobernador lle mande un oficio ao alcalde no que van as peticións de material feitas polo mestre para que as facilite o concello e “prégolle interese aos veciños da Illa, faciliten ao Mestre designado para dita Escola os artigos alimenticios indispensábeis para a súa manutención non suxeitos a racionamento”. As súas penurias non acaban aí xa que o 24 de abril lle comunican que debe deixar parte da vivenda para os obreiros do peirao. Quedaría cunha habitación e cociña compartida. El reclama dicindo que ten unha irmá con el, pero sen resultados. Todas as dificultades fan que ao inicio do novo curso non se presente a escola e o incapaciten por un ano para obter nova interinidade e a devolver os cartos do soldo. El pide a renuncia como mestre que lle é concedida o 31-10-1944⁴⁶. Substituído por M^a del Carmen Daporta Oubiña⁴⁷ e ao pouco tempo por Martín García de la Torre⁴⁸. Nos cursos 1945-50 estivo Estrella Silva González⁴⁹ que loitou por conseguir unhas condicións dignas para o alumnado, mobiliario escolar, etc. Nas súas notificacións lemos explicacións coma ”hai nove pupitres bipersonais, e os días de mal tempo veñen máis nenos que o dobre dos asentos [...] é triste ter uns nenos de pé mentres outros están sentados” e, cando as consegue,⁵⁰ “as mesas están feitas de tal maneira que non se poden sentar nelas. Terá que arranxalas un carpinteiro”. No 1950 estivo apenas o último mes do ano M^a del Carmen González Bugallo e de 1951 a 1955 estivo coma mestra interina, cuns oitenta alumnos, M^a Victoria Guimaré Tettamancy⁵¹ que precedeu á titular Carmen Vázquez Rubianes⁵².

⁴⁶ Cesando o 18-11-1944

⁴⁷ Nomeada o 1-12-1944. Estivo pouco máis dun mes xa que cesou o 7-2-1945.

⁴⁸ Tomou posesión o 7-2-1945 e cesou coma mestre de Ons o 31-08-1945

⁴⁹ Tiña 27 anos e era natural de Cambados. Gañaba 6.000 pesetas anuais.

⁵⁰ Ao longo do tempo recibiu 4 mesas bipersonais e un armario de pino.

⁵¹ Neta do escritor coruñés D. Francisco Tettamancy y Gastón. Tomou posesión o 10-1-1951 e cesou 26-10-1955. Foi autorizada para dar clases particulares o 13-6-1953.

⁵² Esta vilagarcía chegou a Ons con 22 anos, o 27 de outubro de 1955, onde viviu ata o 25 de setembro de 1956.

Máis en canto a escola propiamente dita hai unha data referente, 28-10-1955, na que o Pleno do concello, dirixido por José M^a Massó García, *“tendo en conta a xa numerosa e crecente poboación escolar⁵³ da illa de Ons e coa elevada finalidade de rematar co analfabetismo, [...] acorda por unanimidade a creación dunha escola unitaria de nenos [...] e mentres tramítase o expediente [...], previa autorización [...] da Delegación Administrativa de Ensinanza Primaria de Pontevedra, ao desdobramento da escola mixta que existe actualmente...”*⁵⁴

A raíz desta resolución plenaria ao longo dos primeiros meses de 1956 hai unha serie de peticións, de ofertas e contra ofertas do concello, da inspección educativa e do propietario da illa, o Ramo da Guerra, que pode resumirse en que:

- O estado Maior da Agrupación Especial da Costa Rías Baixas oferta ao concello a vivenda-almacén do antigo propietario da illa, na que unha parte se utilizaría para escola-vivenda coa condición de que o concello a ocupase en precario e se fixera cargo das “lixeiros modificacións” que serían precisas para a súa rehabilitación.

- A resposta do concello⁵⁵ sería que estaba de acordo, pero non pagaría aluguer⁵⁶ pola mesma mentres sexa escola (xa que as obras estaban presupostadas por 5.196 pesetas)

- O Xeral Gobernador Militar acepta estas condicións en abril do 1956 pero no ano 1959 aínda andan co intento do Capitán Xeneral da Rexión de conmutar o canon que tiña que pagar o concello polas obras necesarias no local-vivenda da escola que xa ascendían a 5.415,50 pesetas.

A pesar de todo isto pasan as mestras Carmen Tomé Loureiro⁵⁷ e Marina Ríos Pérez⁵⁸ sen ver cambios notábeis na escola e aínda cando

⁵³ Ese ano hai inscritos 74 alumnos de ambos sexos na única escola de Ons.

⁵⁴ Consecuencia desta resolución a Xunta Municipal de Educación en reunión ordinaria de 1 de decembro de 1855 *“en vista da numerosas poboación infantil existente na illa de Ons acorda interesar do Concello solicite a creación dunha escola unitaria de nenos e a transformación da mixta existente en unitaria de nenas”*.


⁵⁵ Entre outros do 31 de xaneiro 1956 e 29-2 de 1956

⁵⁶ Estivera o local alugado por 369,80 pesetas.

⁵⁷ Toma posesión 25-09-1956 ata o 19-09-1959 que deixa Ons.

⁵⁸ Toma posesión o 21-09-1959

chegamos a outubro do ano 1960 atopámonos con que a mestra M^a Dolores Sabarís Abal,⁵⁹ ao facerse cargo da escola, enviou un escrito ao concello das deficiencias da escola-vivenda que ía rexentar: goteiras, necesidade de ser branqueada, falta de reparación nas portas e ventás, *“as mesas e asentos da escola son insuficientes para o número de matrícula, xa que hai 69 nenos matriculados e só hai 11 mesas bipersonais, e 2 mesas moi estragadas”*... As obras de reparación da escola foron realizadas con cargo a unha pequena subvención da Obra Social do Movemento para *“Obras varias da Illa de Ons”*⁶⁰. No ano 1961 a Inspección Educativa decide tomar cartas no asunto do absentismo docente na illa e insta á alcaldía que informe ao respecto. Esta



contéstalle que a escola na illa de Ons funciona normalmente e que para contrastalo mellor chame a declarar no concello ao alcalde pedáneo e a catro pais do alumnado da illa tal como era costume neses casos.

En canto aos adultos e rapaces maiores que non estaban en idade escolar houbo, ao longo do tempo, algúns mestres, como Fernández Cambeiro⁶¹ e outros, que lles daban clases pola tarde-noite loitando por erradicar o analfabetismo; ata que no ano 1963 foi nomeado oficialmente, coma mestre exclusivo de adultos na Campaña de Alfabetización, a Xosé Ramón Álvarez Calleja (1963-64).

E no que a escola se refire habería que rematar dicindo que sería no 1967⁶² cando se pecha a escola de Canexol e é substituída polas dúas que mandara construír o Instituto de Colonización no lugar de Curro, preto do peirao⁶³. Estes primeiros anos da nova escola son anos que deixaron máis unha pegada negativa na memoria recente dos seus

⁵⁹ Toma posesión o 13-09-1960. Casou cun insular. Con máis dunha década, é a mestra que máis tempo estivo na illa

⁶⁰ Tamén se melloraron lavadoiros de Pereiró, Canexol e Cucorno.

⁶¹ Por exemplo o dous de xaneiro de 1933 comezou estas clases con 80 adultos de ambos sexos.


⁶² Por estas datas aínda seguía sen arranxar moitas cousas: *“branquear, asegura as ventás, un balcón desfeito, as pechaduras non pechaban...”*

⁶³ Tamén casa vivendas para os mestres, a capela de San Xaquín e casa reitoral.

habitantes xa que á actitude dalgún mestre⁶⁴ engadíuselle a ausencia de docente durante case dous cursos.

Outros mestres que estarían no listado e dos que se lembran algúns insulares serían Don Segundo, Don Juan, Don Francisco Javier Lores Rosal⁶⁵,... e xa estamos nos anos setenta onde se produce un cambio no acontecer da escola con mestres coma Julio Santos Pena⁶⁶, Emérita Rivas Álvarez, Xosé Álvarez Castro (1974-75) e así ata chegar ao último mestre Santos Pereira Figueroa.⁶⁷ O éxodo na década dos anos setenta a Portonovo, Noalla, O Grove, Sanxenxo, Cangas ... e, sobre todo Bueu, fixo que apenas quedaran nenos o que abocou á desaparición da escola “nacional” de Ons no curso escolar 1978-79. Dada que a escola nestes últimos tempos dependía do Padroado da Deputación Provincial o mestre Santos Pereira foi autorizado por esta a dar clases na tempada do verán aos nenos dos insulares que regresaban á illa como “recuperación dos seus estudos e outras actividades educativas e culturais”. Esta escola de verán durou ata o inicio dos anos noventa.

Non cabe dúbida que a escola na illa de Ons, aínda cos seus altibaixos ao longo do tempo, representou un alicerce sobre o que se construíu unha nova forma de ver e afrontar un mundo que estaba a sufrir grandes cambios. Unha mostra dese mosaico de posibilidades e logros témolo na gradual erradicación do analfabetismo, daquela endémico, na comunidade galega, e que en Ons se vía agudizado polo illamento e demais circunstancias anteriormente descritas.



⁶⁴ Que exerceu coma verdadeiro “Delegado gubernativo”.

⁶⁵ En setembro de 1967 é nomeado mestre “volante-67” para a illa de Ons.

⁶⁶ A súa experiencia como mestre e as súas vivencias poden verse, de primeira man, nos números da revista Aunios que poden lerse nas web: <http://viladebueu.wix.com/bueu>, <http://descubrobueu.wix.com/bueu> ou directamente en <https://db.tt/iGjcmVgK>. O acontecer deste mestre na illa ten un paralelismo co mestre Cambeiro: vivir na illa coa familia todo o tempo da docencia, integrarse na sociedade insular, exercer de portavoz das necesidades dos insulares nalgún momento, xuntar arredor dun evento cultural aos nenos e levalos a “actuar a terra”, etc.

⁶⁷ Artigo de Don Santos Pereira sobre a súa estadía en Ons <http://www.delmorrazo.com/tribuna/don-santos-pereira-ultimo-maestro-da-illa-de-ons.html>

II Biografía de Joaquín Fernández Cambeiro


Para coñecer un pouco máis o acontecer dun personaxe singular imos dar pinceladas biográficas dun mestre que estivo vivindo na illa de Ons de 1927 a 1933.

D. Joaquín D. Fernández Cambeiro (1900-1963) nace en O Pindo (Carnota), fillo de Domingo Fernández Luces (avogado) e a mestra María Cambeiro Sande⁶⁸.

Estuda Maxisterio en Santiago de Compostela onde obtén o título de Mestre Nacional no mes de xuño de 1917. Descoñecemos ao que se dedicou durante os dous anos seguintes ao remate dos seus estudos pero si sabemos que no mes de setembro de 1919 é nomeado axente executivo auxiliar da Arrendataria de contribucións da zona de Muros, Carnota, Mazaricos e Outes... Deste traballo cesaría xusto un ano despois. Logo encara outros traballos e a incorporación obrigatoria a filas para facer a “mili” acolléndose aos beneficios da R. Orde de 6-9-1919 (DO 205)⁶⁹ e así ver reducido a súa estadia no servizo militar.

Nesta época casa con Encarnación París Rodríguez⁷⁰ filla duns comerciantes de Muros e na súa curta estancia en Ferrol nace o seu primeiro fillo Joaquín. Tivo sete fillos máis, tres de eles nados na illa de Ons⁷¹.

Joaquín D. Fernández Cambeiro reaparece na vida laboral a inicios do ano 1923 que é nomeado como mestre interino da escola de S. Pedro de Loureda-Boqueixón e logo na escola de Ánxeles, no



⁶⁸ Nada no 1874 e co 16 anos (1890) recibiu o título de Mestra Superior. No 1897 estaba de mestra en Carantoña-Vimianzo (A Coruña) e no 1907 xa era mestra de O Pindo-Carnota.

⁶⁹ A través da Axencia de Quintas e Negocios Matriculada que xestionaba a redución da seguinte forma: Solicitaban ir anticipadamente ao servizo militar e así ver reducido a súa estadia a un anos (6 meses cada ano) e na Península (librándose de ir a África) e logo pasar a gozar licenza ilimitada.

⁷⁰ Encarnación París (1899/+6-1-1967) filla de José París e Dolores Rodríguez Caamaño.

⁷¹ Luís Dídio (15-9-1928) inscribiuno no xulgado Dídio Riobó que foi o seu padriño de bautizo (con M^a Antonozzi), Manuel Bartolomé (14-5-1931) que marchou a América e Domingo Rafael (30-4-1933).

concello de Oroso⁷². Pasado un ano era unha persoa moi coñecida e valorada en toda a comarca de Ordes polo que non é de estrañar que as “forzas vivas” tiveran en conta a este mozo mestre na “organización” de eventos de difusión e propaganda do recente “partido”⁷³ Unión Patriótica (U.P.) creado na ditadura de Miguel Primo de Rivera. No verán do 1924 os gobernadores civís tiñan a consigna expresa, de captación de afiliados entre os “*homes neutros e honrados*” e así temos a J. Fernández Cambeiro -26/10/1924- participando como orador no mitin de U. P. (Unión Patriótica) acompañado por oradores como o catedrático da Facultade de Dereito, Wenceslao González Oliveros; o avogado Tomás Pewdret Casado; e outros mestres como Nicolás del Río (Ordes) e Carmen López Calo (Carral) presidindo o acto o gobernador civil da provincia. A prensa da época sinala que falaron “*con grande elocuencia e entusiasmo os compoñentes mestres de Ordes e de Oroso, Señores Del Río e Fernández Cambeiro, ...*”

A súa condición de católico belixerante co esborrallamento social, a contorna familiar, etc. condicionou a súa actividade pública que as veces se vía manifestada en artigos con connotacións relixiosas publicadas en xornais como El Compostelano⁷⁴.

O mes de febreiro de 1925 cae enfermo o que lle obriga a pedir un cese da súa actividade docente o que leva a uns meses de penurias familiares por ser esta “sen haberes”. Chegado ao mes de novembro, e estando de mestre no concello de Muros, nácelle a súa única filla,

⁷² Será en Senra-Oroso, que coa presenza de todas as escolas do concello organizan, o 29 de febreiro de 1924, a “Festa da árbore” na que entre os actos oficiais houbo á tarde discursos do mestre Sr. Joaquín e do cura de Marzoa.

⁷³ “É a Unión Patriótica un partido político? Non é un partido político. É unha organización cidadán encamiñada a manter un programa e persoas que a encamiñen e defendan, acudindo ás eleccións políticas que se convoquen e a velar polo cumprimento dos deberes citados-[Deberes relixiosos: os que o catecismo determina. Deberes sociais: os preceptivos do dereito natural. Deberes políticos: a defensa da monarquía. Deberes patrióticos: recoñecemento e divulgación das glorias e do valor histórico de España]. (Cuenca Toribio, 1996; páx.129). Falando da UP, J. Calvo Sotelo di “...cualificada por un ambiguo eclecticismo fixo a súa recruta entre xentes das máis variada ideoloxía, aínda que predominasen os dereitistas”.

⁷⁴ “*Ano Santo. Ano de doxura*”, “*Colaboración*” (lembrándose dos nenos na véspera de Reis), ...

Concepción ⁷⁵. Será nesta vila na que organice e participe noutra “Festa da árbore” na que estaban coma autoridades o alcalde e o cura (bendiciu as árbores a plantar) e coma orador, dende o balcón da Casa Consistorial, “*o mestre nacional, veciño da vila, D. Joaquín D. Fernández Cambeiro [...] dirixíndose especialmente aos pais*



incitándoos en vibrantes frases a que fagan cos seus fillos acudan diariamente a escola para facer bos cidadáns”....

Como ata de agora está a cubrir clases de forma interina, decide presentarse a unhas oposicións que aproba ⁷⁶. Isto daralle a oportunidade de situarse nunha escola como propietario da mesma. Será o 9

de xullo de 1927 cando salgan na “Gaceta” as adxudicacións de prazas e, entre elas, J. Fernández Cambeiro para a escola “*míxta de Ons-Bueu (Pontevedra)*”.

Ao pouco tempo da toma de posesión da escola e a petición do que sería seu amigo, Johán Carballeira, preséntase ao pobo de Bueu con ‘Un saúdo á simpática vila de Bueu’ ⁷⁷, na páxina especial de El Pueblo Gallego, polas festas do San Martiño. E xa no primeiro pleno ordinario do concello de Bueu, do 23 de xaneiro de 1928, entre outros puntos, apróbase a petición de J. Fernández Cambeiro de 50 árbores de moreiras para celebrar a “*Festa da árbore en Ons*”.

A diferenza de todos os mestres do pasado, Joaquín D. Fernández Cambeiro pasou a vivir coa súa familia na illa como un

⁷⁵ Naceu no sanatorio San Lorenzo de Santiago. O seu irmán Simón xa nacera o ano anterior en Muro.

⁷⁶ O exercicio escrito con 245 puntos, marzo de 1926.

⁷⁷ É un saúdo literario onde con múltiples epítetos debuxa un panorama idílico do pobo de Bueu e da súa paisaxe que o fai rematar o artigo coa expresión “*Loda e mil veces bendita sexa a romántica e bela vila de Bueu!*”

insular máis. Isto, e o seu carácter, facilitaron que sentise empatía coa xente e cos seus problemas.

Unha parte do seu labor educativa integral foi a pronta creación dun Orfeón que trouxo a actuar no Entroido de Bueu⁷⁸ e no que cantaron varios temas, un deles era a “Alborada” de Veiga. “*O Mestre Cambeiro demostrou as súas calidades de cantante interpretando varios solos coa mestría dun virtuoso nesa arte*”. Con esta masa coral pretendía tamén poñer en valor as voces das xentes do mar, cultivar a sensibilidade pola música, dar renda solta aos seus valores como tenor⁷⁹, e tamén dar a posibilidade de achegarse, por vez primeira, “a terra” para moitos dos nenos que aínda nunca saíran da illa.

Antes de finalizar o curso, xa o atopamos organizando o seguinte, e así escribe unha carta manuscrita ao Sr. Presidente da Xunta Local de Ensinanza de Bueu para solicitar axuda material para a súa escola. Indicando coma necesidade prioritaria “*mesas bipersonais por non ter ningunha, e só posuír catro mesas bancos que nelas non collen os cincuenta e catro alumnos de ambos sexos matriculados*”. Recálcalle que a escola de Ons non posúe nada e o pouco que ten foi doado polo Sr. Riobó. Tamén o invita a visitar a escola para que de primeira man vise o estado ruinoso do local e a escaseza do material. Tamén lle solicita que nos presupostos do presente ano se lle asigne algúns cartos para poder celebrar a “Festa da árbore” pois é unha forma de atraer aos nenos e aos adultos para que “*redunde en acto cultural-pedagógico*” e un “*medio eficaz de dar un pulo ó labor que implantei en pro da instrución destes amados veciños*”. Como resposta do concello a isto na sesión da Permanente da Xunta Local celebrada o 21 de xuño dese mesmo ano, acordan solicitar ao Estado que dote esa escola sen prexuízo de consignar no presuposto municipal dos seguintes anos algunha cantidade para

⁷⁸ Seguirao facendo nos anos seguintes.

⁷⁹ A afección polo canto estaba arraigado na súa familia pois hai constancia de actuacións da súa irmá Dulce e do seu irmán Manuel (crego).

paliar as deficiencias. E cando se achegue a Festa da árbore resolveranse cantidades a aplicar⁸⁰.

Cambeiro de novo escribe no extraordinario das festas de Bueu un artigo '*Desde o meu recuncho*' no que fai un resumo do primeiro ano da súa estadia na illa no seu "*...recuncho, riseiro polo rumor apracible das ondas, melancólico e ate taciturno, cando o bramido das tempestades, triste pola monótona vida, pero superlativo para a conciencia, pola xornada do cumprimento do deber...*" Despois deste canto ao seu traballo non perde a oportunidade de facer unha chamada ás necesidades da illa pero que revertan en prosperidade para o resto do estado tal como podía ser "*un medio para a riqueza agropecuaria, granxa agrícola, industria manteigueira, asilo de menores, lazareto para enfermidades de difícil diagnostico, etc. sendo urxente que por algo se empece, e o que máis aprema é a falta dun peirao para o atraque e desatraque, tendo Obras públicas a palabra, non esquecendo que aquí se posúe un elemento oficial, que é o faro, que a veces, e isto ocorre con moita frecuencia, vir o vapor do servicio, e ter que separarse por non poder facer o desaloxo debido á inclemencia do mar, ocorrendo co correo outro tanto, pasando meses, na estación invernal, sen saber dos nosos semellantes*".

Exemplo do liderado de Cambeiro nos mestres locais vémoste na actividade da Asemblea de Mestres de Pontevedra, decembro 1928, na que aparece como Vocal da Xunta Directiva, representando ao de Bueu.

Chegado o mes de marzo de 1929 houbo un grande acontecemento coa celebración da segunda "*Festa da árbore*" organizada en Ons polo mestre Cambeiro. Esta vez coa asistencia das autoridades municipais na que se amenizou a festa cun "*afinado terceto*" onde os nenos estaban adornados con bandeiriñas, plantáronse 50 moreiras e varios plátanos e houbo discursos por parte de Cambeiro "*coa elocuencia de costume... que fixo unha belísima oración dedicada a árbore*" e do Alcalde, Camilo Davila, invitando

⁸⁰ Fano na Sesión Plenaria do 26-11-1928 cunha cantidade de 75 pesetas.

aos pais ao homenaxe merecido e de gratitude ao “excelente mestre”. Logo leu unha poesía o Secretario do Concello de Bueu, Sr. Luís Buceta. Interveu o Administrador da Illa Sr. Riobó, *“abrazando ao mestre pola súa intensa e fecunda labor realizada”.* Houbo un *“suculento banquete”* na casa dos Riobó. *“E para demostrar unha vez máis o labor que realiza o Sr. Fernández Cambeiro, fixo cantar o orfeón composto por 30 xoves afinadamente, varios bosquexos galegos, tendo premiado os seus desvelos cunha ovación profunda. Prácame merece este mozo, que fai dos habitantes da Illa homes aptos e cultos para a sociedade. O nosos sinceros parabéns”.* Froito deste achegamento da realidade da illa ás autoridades vese reflectida na sesión plenaria municipal do 22-5-1929 cando, dando respostas ás reiteradas demandas por parte do mestre, e a proposta do alcalde, sete mesas bipersonais que non collen na escola de Bueu leváronse para a de Ons.

O mestre segue a escribir no xornal na folla dedicada ás festas do San Martiño⁸¹ e pedindo subvencións para as sucesivas festas da árbore.

O 2 de novembro de 1929 o alcalde de Bueu, Camilo Davila Davila, envía un oficio ao Ministro de Instrución Pública e Belas Artes no que lle adxunta unha instancia reivindicativa na que *“se relatan feitos absolutamente exactos, e se formula unha pretensión que a Xunta [Local Educativa], estima que é xusta, polas circunstancias excepcionais en que se atopa o Mestre Nacional da illa de Ons, D. Joaquín Fernández Cambeiro. Este funcionario, entusiasta da súa profesión, que exerce con extraordinario celo e competencia*



De esquerda a dereita: Joaquín (11), Encarnación París (33), José (5), Luís Dídio (4), Concepción (7), mestre Joaquín Fernández (33)

⁸¹ No 1929 co artigo “Que San Martiño non consinta que are a muller”

nun lugar afastado de todo trato e comunicación social, privado de comodidades e, a veces, ata de medios indispensábeis para a vida, de que non carecen os que exercen seu ministerio na Península,...”

Un fito importante vai facer cambiar a rutina da vida da familia Fernández Cambeiro. Por influencia de Joaquín seu irmán Manuel pasa a solicitar o posto de coadxutor da parroquia de Beluso (Bueu) á que pertence a illa de Ons. Será a principios de xullo de 1930 cando sexa nomeado coadxutor e pasará a vivir na illa coa compañía da súa irmá Dulce⁸². Se a isto lle engadimos que o irmán pequeno chamado José que estaba de mecánico en Vigo, adoitaba pasar tempadas na casa de Joaquín vemos que a saga dos Fernández Cambeiro tiveron nestas datas unha presenza numerosa e un peso moi alto no estamento social da illa.

Será no mes de xullo no que nos atopamos a Cambeiro en Beluso auxiliando aos Tribunais do Censo. Para acudir a Beluso tivo que alugar unha lancha a motor da que tiña o compromiso que lle sería pagado o seu importe, 12 pesetas. Ao non ser así tivo que remitir un oficio ao concello reclamándoas.

O venres día 2 de outubro Cambeiro e o dono da illa estiveron activos acompañando ao gobernador civil Sr. Calviño, o Presidente da Deputación Sr. Caamaño, o alcalde Sr. Tafall, o director da Misión Biolóxica Sr Gallástegui e o axudante de montes Sr. Gil que acudiran para estudar a posibilidade de facer un reparto das terras da illa en cooperación coa Caixa Rexional Galega de Previsión.

Os cambios da política dos anos 30 do século XX favorecen os cambios sociais e culturais das cidades españolas. Máis esta “apertura” non chega aos contornos rurais. Para facilitar o achegamento á política republicana e aos cambios, sobre todos culturais, un nutrido grupo de persoas entusiastas fanse “voluntarios” das coñecidas como “Misións Pedagóxicas”. A través destas levan a arte, o cine, o teatro,... a recunchos da xeografía rural.

⁸² Tiña outros irmás coma Encarnación. Rafael, Elisa , ...


Mestres do noso país cambian os seus métodos educativos recollendo moitas das novas propostas pedagóxicas centrándose nos seus alumnos pero sen esquecerse dos adultos, especialmente dos pais e nais, os que se consideran os verdadeiros protagonistas na educación dos seus fillos.

En Bueu vese reflectida esta preocupación docente da man de Joaquín D. Fernández Cambeiro, José Torres Martínez e outros coa tamén denominadas Misións e Conferencias Pedagóxicas⁸³. Exemplos témolos como no sábado 12 de decembro de 1931 na escola do Pósito de Pescadores onde se deu a primeira conferencia do ciclo de leccións para adultos, organizado polo círculo de mestres de Bueu, co título “Importancia da familia na obra escolar” na que disertou o mestre Fernández Cambeiro⁸⁴. Ao ano seguinte, un domingo 26 de xuño de 1932 celebrouse no local do Pósito marítimo a 2ª conferencia pedagóxica impartida polo mestre da Portela, José Torres Martínez, co lema “*Un problema de actualidad. Colaboración dos pais na obra educativa*”. Propoñendo aos pais e ao Consello Local que a partires do vindeiro curso e co obxecto de unificar a obra educativa, establézanse nas escolas unha ficha na que diariamente se marque unha gráfica do progreso no labor de cada neno, gráficas que serán firmadas semanalmente polos pais para constatar o coñecemento do que fan os seus fillos. No remate da charla maniféstalle aos pais que “mentres a República preocúpase grandemente por crear escolas e mestres os pais non deben mirar con frialdade este esforzo, senón en axudar e colaborar co mestre a formar unha república forte e culta”. E o domingo 3 de xullo disertou o mestre da illa de Ons, Joaquín D. Fernández Cambeiro, co tema “*A árbore no seu aspecto industrial e xeográfico*” do que a prensa fixo

⁸³ Ante as ordes recibidas da Inspección Educativa e canalizada polo alcalde ao través da Xunta Local de Ensinanza os mestres de Bueu concertan unha cita o 16-6-1932 nos locais da escola do Pósito para falar da organización das Misións Pedagóxicas. Nela acordan comezar coas charlas de Cambeiro e José Torres que se darían no mesmo Pósito. Rotándose no futuro nas distintas parroquias e intervindo os distintos mestres e mestras.

⁸⁴ Que Rematou a conferencia cun saúdo e lembranza dos mestres Ramón Bares e a súa sobriña Matilde Bares.

un resumo e definiu a súa oratoria como de *“cálida palabra, sempre xusta ao fino concepto, brota dos seus beizos con sonoridade e casticismo que aínda nos momento de maior lirismo, cando a súa*

A handwritten signature in dark ink on a light-colored background. The text reads "El maestro Joaquín D. Fernández Cambeiro". The signature is written in a cursive, somewhat stylized script. There is a small circular mark or seal at the bottom right of the signature.

imaxinación remóntase polos camiños da beleza pura, a idea xorde clara con un rachar de luz”.

Pero Cambeiro tamén era un home solidario e estando un día coa familia nas festas do Cristo de Cangas lle achegaron unhas rifas a beneficio dos náufragos da lancha “Azaña” que non dubidou en mercar. O premio era un anel que doara a esposa de Emiliano Iglesias. Tocou no nº 7.155 e, como podedes supoñer dentro da historia que estamos a relatar, tocoulle a D. Joaquín Fernández mestre de Ons. A boa racha continúa para Cambeiro, pola Orde de 27 de outubro de 1932 (Gaceta do día 3 de novembro) aparece na lista de ascensos como mestre á primeira escala do corpo docente.

Pero chega o 28 de Nadal de 1932 e un decreto polo que se declara que o *“Estado español non se incauta de máis fincas rústicas para parcelación botou por terra, temporalmente, as súas ilusións”* isto é o causante de que as augas de Ons se miren revoltas con, ata o momento, pequenos conatos de violencia case sempre verbal. Pero pouco a pouco as nubes ían ennegrecendo tanto o panorama social que o xornalista Joaquín Pesqueira escribira o artigo *“Un berro de alarma. Avecíñase unha traxedia.”* dende El Pueblo Gallego onde confesa que ven *“da illa de Ons profundamente aterrado. Tan aterrado, que ao desembarcar en Bueu, en terra firme, enarqueei o peito para respirar con forza, como se espertase dun pesadelo, libre, a salvo dun serio perigo”*. E pregúntase que acontece na Illa de Ons. Para responder xa di que cando estivera na illa con Lustres Rivas este nun artigo na prensa madrileña dera unha primeira voz de alarma intuindo o que nesa se fermentaba. Logo bota as culpas do estado actual á *“República Española que coas súas promesas anticipadas, coas súas reformas, meteu moitos paxaros loucos en moitas cabezas loucas”* Culpable da situación tamén o achaca á falta de cultura pois

fai a mención (e tamén apela a Lustres) que *“onde ata hai tres anos, non houbo mestre de escola”*⁸⁵ E da conta de feitos como *“andan destruindo sementeiras de árbores, pastoreando o gando ao seu antollo polo interior dos poboacións arbóreas, apoderándose de aramados e postes, tallando piñeiros, cortando cercos metálicos...”*.

Ante esta situación de desgobierno todos, colonos e propietario da illa, acoden ao mestre Cambeiro. Así podemos velo, días despois, ao fronte dunha comisión de 12 colonos a Pontevedra coa intención de entrevistarse co gobernador, mais non puideron falar con el por estar ausente.

Ao día seguinte a comisión de colonos co “celoso e culto mestre D. Fernández Cambeiro ao fronte visitaron ao Gobernador D. Ángel del Castillo, para solicitar o seu apoio, preto dos poderes públicos, coa fin de lograr a vella e xustísima aspiración de que sexa socializada e repartida ao colonos que a traballan en aluguer fai máis de douscentos anos, sen contar nunca co amparo dos poderes públicos”. Explicanlle o seu desexo de que na illa se aplique inmediatamente a Lei da Reforma Agraria; que se inicien as obras do peirao de atraque para o cal visitaron ao Enxeñeiro Xefe da Xunta de Obras do Porto Sr. Rafael Picó que lle dixo que pronto comezarían.

O Sr. Fernández Cambeiro, a petición do gobernador, deixaralle unha instancia o día 16 cunha unha memoria detallada das necesidades máis perentorias.

Enviaron senllos telegramas ao Presidente do Consello de Ministros e ao Ministro de Agricultura co seguinte texto:

“Catrocentos habitantes da illa de Ons (Pontevedra). Visitan Gobernador pedindo que terras que traballan fai douscentos anos a merque e parcele o Estado. Viva a república, ideal firme de todos os veciños.- O mestre e 60 veciños”

⁸⁵ Aínda que si os houbo pero é unha constatación máis de que a súa pegada na illa foi relativamente escasa por todos os problemas que levaba o absentismo, a falta de relación coa comunidade, etc. Ao único que consideran coma tal é ao actual, Fernández Cambeiro.

Tamén visitaron ao Comité Provincial do Partido radical no que os deputados prometeron apoiar “*con todo agarimo*” as demandas dos de Ons. Promesas e máis promesas...

O luns 3 de abril Cambeiro volve a presentar, cunha comisión de insulares, as propostas destas ao gobernador que, unha vez máis, “*ofreceuse a apoialas con vivo interese*”.

Quizais polo cariz que ían tomando os acontecementos o mestre Cambeiro participa no concurso de traslados solicitando escolas na zona próxima á familia e comprobamos que con data de 17 a “Gaceta” publica a proposta de destino provisional do mestre, da primeira escala pola cuarta quenda, a Joaquín D. Fernández Cambeiro da Illa de Ons á de Tal, en Muros. Pero el remataría o verán na illa e así o vemos no mes de agosto acompañando a Carballeira. Johán Carballeira nada máis chegar mira a “*insólita figura que desborda a paisaxe dende un outeiro, ao pé do hórreo: trátase, sinxelamente, do mestre nacional de Ons, o noso ben amado e nunca suficientemente visto e admirado Joaquín D. Fernández Cambeiro, alta expresión da raza. O bo mestre, todas as tardes outea dende aquel outeiro a chegada do barco que leva o correo. Estupendo tipo! Da súa personalidade succulenta e óptima falamos en diversas ocasións abundante e eloxiosamente, como el meréceo. Agora bástalle saber ao curioso saúde, de optimismo, aberto, lector que continúa sendo cento trinta quilos maravillosos de retórica pluscuamperfecta*”.

Que Cambeiro era o alma mater das pretensións e necesidades dos insulares e que foi el o que os organizou para a defensa dos seus intereses intuíámolo polos feitos anteriormente narrados pero encárgase Carballeira de confirmarnos punto por punto esta cuestión non só porque foi o guía e que conseguiu as entrevistas senón: “*... o mestre Sr. Fernández Cambeiro, sentindo o fondo de xustiza que asistía a aquelas xentes, organízalos nunha Sociedade para mellor articular a defensa dos seus intereses; e xa fraguada esta Sociedade, máis tirantes que nunca as relacións entre colonos e propietarios ...*”.

Coa marcha de Cambeiro a illa quedaba cun gran baleiro, falta dun gran apoio, dun impulsor e portavoz dos que apenas tiñan voz... e moita dor por parte dun home que soubo educar, instruír, formar e unir como persoas con dereitos a centos de rapaces e adultos. Tanto é así que nos anos posteriores aínda acudían os insulares a visitalo por terras de Riveira que era onde, dende agosto de 1934, estaba de coadxutor o seu irmán Manuel.

Cambeiro seguiu como mestre na escola de Tal-Muros ata que, por causa dos acontecementos da guerra civil e a presión política contra os profesionais da educación, foi suspendido de emprego e soldo o 19 agosto de 1936. Isto e o medo por que lle ocorreran cousas peores levouno a desaparecer voluntariamente⁸⁶ para evitar poñer en perigo a súa vida e as dos seus. Neste tempo pouco sabemos da familia Cambeiro se exceptuamos o falecemento da súa nai⁸⁷ e que no decembro de 1938, Joaquín D. Fernández Cambeiro aparece no listado do Parte Oficial de Guerra dado en Salamanca polo Xeneral Xefe do estado Maior Francisco Martín Moreno polo que se obriga a todos os mestres alí relacionados a tomar posesión (algúns deles de forma forzosa) aos seus destinos antes de 10 días. No caso de Cambeiro a Tal-Muros e como non podía facer outra cousa presentouse na escola na que estivo ata maio de 1940 en que resolvidos os expedientes de depuración instruídos pola Comisión Depuradora da provincia da Coruña o Ministerio de Ensinanza resolveu: *“Separar definitivamente do servizo e causar baixa no escala respectiva a: ... Joaquín D. Fernández Cambeiro de Tal-Muros,...”* Suponse que se acolleu ao indulto de abril do 1941 pois xa no febreiro de 1942 a *“Xunta Provincial de Primeira Ensinanza de A Coruña nomea, provisionalmente a Joaquín D. Fernández Cambeiro para a escola de Queiruga-Porto do Son”*.

⁸⁶ Eligio Patiño indicárame que andou fuxido polos montes próximos á Curota e que un día, estando co seu pai Emilio, o viran en Carreira. Outras versións, que pode que sexan compatíbeis, sitúano baixo a tutela do seu irmán Manolo na reitoral de S. Uxía de Riveira.

⁸⁷ Cando morreu María Cambeiro Sande, en novembro de 1937, seguía a ser de mestra no Pindo-Muros.

Pasados uns anos vemos que D. Joaquín pasara por varias escolas como a de San Cosme de Abeancos-Melide da que, por concurso, pasa á de Castiñeiras-Riveira en maio de 1951. Nada sabemos de Cambeiro nos anos seguintes se exceptuamos que no concello de Oroso no ano 1953 houbo unha inauguración dunha escola nova e unha “Festa da árbore” e, curiosamente o seu irmán, Manuel F. Cambeiro⁸⁸ desprazouse ata Oroso para bendicir e misar no acto que dalgún xeito tentaba lembrar a estadia de D. Joaquín 30 anos antes... De se este estaba ou non no evento non hai constancia documental.

O mestre nacional D. Joaquín D. Fernández Cambeiro falece o 3 de maio de 1965 e os seus restos están no mesmo nicho do cemiterio de Sta. Uxía de Riveira que a súa dona Encarnación (+1967) o seu fillo Joaquín (+2003) e a súa neta May (+1997).



BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo Municipal de Buear:** Caixa 25/7; Caixa 73/1; Caixa 166/1-2; Caixa 168/1-2; Caixa 169/2; Caixa 171/2; Caixa 236/30; Caixa 492/08; Caixa 492/09; Caixas 1352-1356; Caixa 1357/18; Caixa 1358/8-16-21; Caixa 1360/35-38; Caixa 1362/10; Caixa 1399/08 e Caixa 1404/1-3 e Caixa 1406/02
- Aunios “Revista”:** nº 0; nº 1; nº 2; nº 3; nº 5; nº 7; nº 9; nº 11; nº 12; nº 13; nº 15; nº 16; nº 17; nº 18
- Calvo Sotelo, J.** “*Mis servicios al Estado. Seis años de gestión. Apuntes para la historia, Madrid, 1974, 224-225*”
- Cuadernos de Estudios gallegos:** “*Apuntes para la historia de la Isla de Ons*” por Salustiano Portela Pazos, Santiago de Compostela, 1954, nº 27 p. 35-73
- Cuenca Toribio, José Manuel.** “La Unión Patriótica. Una revisión” en *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V, Historia Contemporánea, t. 9, 1996, páxs. 121-150.*
- El Alcance,** “*Diario católico, noticiario, independiente, telegráfico*”: 07/08/1897 pág. 1

⁸⁸ Desde 1949 era cura-párroco de Salcedo (Pontevedra)

El Compostelano, “*Diario independiente*”: 11/09/1920 pág. 4; 24/01/1923 pág. 3; 04/09/1923 pág. 1; 23/10/1924 pág. 3; 27/10/1924 pág. 3; 19/11/1924 pág. 3; 02/01/1925 pág. 1; 05/01/1926 pág.1; 25/03/1926 pág.3; 15/12/1938 pág.1; 15/05/1940 pág.2; 12/02/1942 pág.4

El Correo de Galicia, “*Diario independiente de avisos y noticias*”: 06/06/1917 pág. 3; 24/09/1919 pág. 2; 31/03/1929 pág.14; 27/09/1929 pág.14; 06/10/1929 pág.13

El Diario de Pontevedra, “*Periódico liberal*”: 15/02/1916; 04/04/1916; 20/02/1918 pág. 2; 17/06/1921 pág.2; 29/07/1925 pág. 2; 22/05/1926 pág. 3; 13/05/1927 pág.1

El Herald Gallego, “*Órgano de las colectividades gallegas en el Plata*”: 10/04/1927 pág.3; 18/03/1929 pág.3

El Ideal Gallego: 06/03/1924 pág. 3; 14/02/1925 pág.5; 17/02/1925 pág.5; 01/11/1925 pág.3

El Magisterio gallego, “*Revista de instrucción primaria*” 15/06/1890 pág. 4

El Noticiero Gallego, “*Semanario destinado a fomentar os intereses morais e materiais do Maxisterio de primeira ensinanza*”: 25/10/1914 pág.2; 04/11/1915 pág. 4; 11/02/1916 pág. 2; 18/02/1916 pág. 3; 04/04/1916; 18/07/1920 pág. 3; 11/07/1921 pág.2; 25/10/1922 pág. 3; 25/02/1924 pág. 2; 18/09/1924 pág.2; 11/11/1924 pág. 2; 25/11/1924 pág.2; ; 25/04/1925 pág. 3; 18/07/1927 pág. 2;11/11/1932 pág.2; 25/06/1933 pág.2; 11/11/1934 pág. 3; 18/02/1936 pág. 4; 18/05/1940 pág. 3

El País “*Diario republicano da tarde*”: 04/11/1933 pág. 3

El progreso, “*Semanario independiente*”: 16/09/1925 pág. 2; 12/07/1927 pág. 2; 03/10/1931 pág.3; 13/01/1933 pág.3; 14/01/1933 pág.2; 04/04/1933 pág.3

El pueblo gallego, “*Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia*”: 12/09/1924; 19_11_1924 pág. 7; 01/12/1925 pág. 11; 24/02/1927pág.1; 11/11/1927 pág.13; 3/02/1928 pág.13; 22/02/1928 pág.13; 23/10/1928 pág. 11; 12-11-1928 pág. 12; 14/02/1929 pág. 13; 23/02/1930 pág.12; 11/07/1930 pág.8; 15/11/1930 pág.8; 17/12/1931 pág.9; 28/06/1932 pág.13; 07/07/1932 pág.9; 11/09/1932 pág.11; 15/09/1932 pág.10; 09/10/1932 pág.8; 17/12/1932 pág.9; 14/01/1933 pág.2; 29/01/1933 pág.8; 12/02/1933 pág.1; 27/09/1933 pág.12; 05/11/1933 pág.11; 21/11/1933 pág. 13; 25/02/1934 pág.10; 14/11/1934 pág.10; 06/02/1936 pág.11; 28/01/1936 pág.15; 14/02/1949 pág.2

Estampa, “*Revista gráfica y literaria de la actividad española y mundial*”: 26/11/1932

Faro de Vigo: 13/11/1926 pág.1; 12/02/1928 pág. 3; 19/12/1928 pág. 1; 10/11/1929 pág. 9; 12/12/1931 pág.3

Gaceta de Galicia, “*Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela*” 28/09/1907 pág.2; 09/02/1916 pág.1

La Correspondencia Gallega, “*Diario de Pontevedra*”: 01/02/1916 pág.1; 15/02/1916 pág.1

La Noche, “*Único Diario de la tarde en Galicia*”: 26/05/1951 pág. 5; 05/09/1953 pág.2

Marín, “*Semanario independiente*”: 11/7/1915 pág. 2; 10/10/1915 pág. 3

Vida Gallega, nº 481, 10/04/1931

«As fábricas de salga en Ons»

«As fábricas de salga en Ons»⁸⁹

‘A industria da salga na illa de Ons ten dous fitos claramente diferenciados polas evidencias atopadas e pola documentación aportada: unha antiga, de orixe romana, situada sobre o cantil de Canexol e outra, no s. XIX, no lugar de Curro, xunto á “praia das Dornas”.

I – A salgadeira romana de Canexol

Estudada e documentada pola investigadora do CSIC, Paula Ballesteros Arias foi divulgada, nun artigo que apareceu nesta mesma revista no maio do 2008⁹⁰. Destacar a prudencia do saber da mesma científica, cando reconece que *“Aínda que a escaseza de datos non o permitan concretar ...Pola súa forma, disposición e materiais poderían vincularse a unha antiga factoría de salgadura ...ou polo menos dun asentamento con algunha instalación de salgadura”*.

Certo é que as intervencións arqueolóxicas dos últimos anos na costa galega están a cambiar a percepción e o coñecemento do mundo romano no Noroeste peninsular. Nas Rías Baixas aparecen máis unha decena de puntos onde a industria da salga tivo, entre os séculos I ao IV d. C, factorías de maior ou menor relevancia económico-social. De todos quizais o complexo industrial de Bueu no lugar de Pescadoira⁹¹ leve a palma non só polas estruturas senón tamén por todos os achados.

⁸⁹ Publicado no nº 19 da revista Aunios en maio 2014, páx. 9-14.

⁹⁰ “Aunios”, nº 13, maio (2008) “O xacemento romano do cantil de canexol (Illa de Ons, Bueu)” 45-54 e en “Cuadernos de Estudios Gallegos”, LVI, N.º 122, xaneiro-decembro (2009), “O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de canexol (Illa de Ons, Bueu)” 67-90. Quixera pór en valor o moito que ten aportado esta autora ao mundo do coñecemento do espazo, da paisaxe e da arqueoloxía da contorna da illa de Ons tal como pode verse na Bibliografía.

⁹¹ Escavación Pescadoira nº 7, dirixida por Fructuoso Díaz. Relevantes tamén Pescadoira nº 6, 8, 10 e 12, dirixida por A. Carreira e a nº 4º de Montero Ríos, dirixida por A. Parga. Os achados os depositou no Museo Massó de Bueu: Pedras de prensado, muíños de man, moedas, coitelo con mango, ... e centos e centos de fragmentos de cerámicas, cristais, etc. Algúns tan singulares como: tapón cerámico con rosca,...

A cronoloxía, s. I-III⁹² e elementos comúns⁹³ permite intuír relación entre todas as factorías próximas á nosa contorna: Pescadoira, Nerga, Mourisca (¿?), a posible de Canexol na illa de Ons, etc.

Con respecto a Canexol mencionar e constatar, e así o fai P. Ballesteros, a case probable interpretación como factoría de salgadura o feito de que cumpre cos elementos propios deste tipo de almacéns, con moitas das circunstancias⁹⁴ que se dan nas recoñecidas coma tal na contorna: proximidade ás zonas de pesca, fonte ou regato, praia con abrigo ou condicións portuarias, posibilidade de obtención de sal, proximidade dun núcleo indíxena (castro), ...

O que si é comprobable que coa chegada dos romanos ás nosas costas aportaron unha tecnoloxía (redes, nasas, embarcacións,...) da que carecía a nosa beiramar e que era moi eficaz para a captura de especies peláxicas susceptibles de ser rendíbeis economicamente como a sardiña e o xurelo⁹⁵. Mais os convulsos e, dalgún xeito, escuros tempos posteriores (case 1400 anos) encargáronse de deixar no esquecemento case todo ese saber ata o s. XVIII en que rexurde, sobre todo da man dos cataláns. No caso concreto da illa de Ons dende a época romana non se ten constancia de salgadura ata o s. XIX. De feito Ons estivo a piques de entrar no plan para o fomento da industria pesqueira de Galicia que impulsaba o ilustrado, afincado na Coruña, Jerónimo Hijosa

⁹² Como veu en sinalar Fructuoso Díaz nunha charla no Museo Massó o 13 de setembro do 2013 : “... posible fundación e utilización s. I ao II, quizais algo do III, e reutilización diferente s. IV.”

⁹³ Como o fragmento de ánfora Alm.50 moi semellante na peculiaridade local da factoría Igrexiña/Nerga e A Capela/Bueu (Currás. 2005:143).

⁹⁴ Loxicamente para interpretar ben estes datos habería que executar unha intervención exhaustiva no dito xacemento e no castro próximo (como posible viveiro de man de obra e primeiros destinatarios da produción); facer un estudo dos cambios da paisaxe por mor dos desprazamentos da liña de costa aínda que é evidente o canle norte así como da súa protección polas rochas; ampliar o coñecemento das salinas na costa próxima (intuído as marismas de A Lanzada)... Nun estudo (Ruíz Pico et al, 2000, p 99) o manancial de Canexol aparece como o segundo (xullo do 2000) con maior caudal de todos os da illa (triplicando no aforo de litros/min ao terceiro). Dicar A. Mª Lomba (Lomba. 1987:167) enunciara case as mesmas condicións ideais para a instalación dunha factoría romana. Neste 2021 houbo unha intervención nesa área dirixida por Adolfo Fernández con interesantes achados pendentes de estudo máis pormenorizado e con moitas expectativas para posteriores investigacións.

⁹⁵ A diferenza do resto da zona meridional peninsular que tamén, e sobre todo, o facía co atún, bonito ou cabala. Currás, Brais (2005 :136)

(1770) xa que o permiso real⁹⁶ lle autorizaba erguer “chousos e barracas”, entre outros, “... *nas illas despoboadas de Sálvora, Ons e Baiona...*”. Por diversos motivos: estratéxicos, de administración, convulsións políticas, etc. non callou a idea empresarial tal como si o fixo en Sálvora, Porto do Son, ...⁹⁷ e, no caso de Bueu, viu a luz unha na praia de Beluso da man de Pedro Marich⁹⁸.

II – A salgadeira de Curro

A primeira referencia de almacén (de salgadura?) en época moderna témola da man do Cabido Catedralicio, logo do informe do Sr. Doutor al que, en medio das disputas pola propiedade da illa, arrendaron esta publicando previamente as condicións nas que unha delas dicía que “*Non se pode destruír en todo nin en parte as obras que se comezaron na illa, por parte do fondo de accionistas, como son a capela, o almacén e calquera outra....*” (Salustiano Portela:59) Tras varias disputas ante os tribunais, o Cabido (polas posibles consecuencias das leis de Desamortización) quedase ao marxe tal como tamén o fai posteriormente outra das familias⁹⁹ litigantes quedando coa titularidade da Illa Dña Joaquina Montenegro Ponte esposa de Javier Martínez (Marqués de Valadares).

Sen coñecerse os pormenores concretos desta suposta factoría de salgadura (1833) non é desatinado pensar que na ceifa da sardiña dos anos 1833-37 houbera unha instalación provisional a modo de galpón de madeira ou barraca que era utilizada de avanzada de prospección da rendibilidade da transformación in situ dos recursos pesqueiros da illa.

⁹⁶ Este plan é aprobado e sancionado nun despacho real de outubro de 1770 no palacio de San Ildefonso (Segovia).

⁹⁷ A primeira proba foi nunha barraca provisional, en Santa Uxía de Riveira.

⁹⁸ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (no futuro AHPP). Ca-1446 (1) Folio 15. Escribán, José Benito Bermúdez de Castro. Tamén 21-2-1782: Convenio e contrata entre Pedro Marich San Roman (veciño da Coruña) e Francisco Cistere (da freguesía de Bueu) para facer compañía entre ambos en comercio e fabrica de sardiñas: Duración 4 anos (1786). Aclárase moi ben as competencias de cada un Sistere pon a fábrica e tinglados, Marich aporta capital, barco,....

⁹⁹ De Francisco Genaro Angel

Falar da salgadura moderna en Ons é falar dunha muller emprendedora, unha muller que xa de idade e viúva soubo levar con man férrea e visionaria intuición unha ampla armazón económica e familiar que dirixía dende a Praia de Beluso. Estou a falar de Dona María Rosa Aballe Pereira, oriúnda de Baiona, viúva de D. Pedro Plá Refulls aquel que



tamén comandou barcos en curso cos Gago de Mendoza ou que recoñecía no seu testamento que non había aportado nada de capital ás empresas da familia e que todo había sido achegado ás sociedades familiares pola súa muller: propietaria de barcos e salgas (chegou a ter seis), tabernas de viño, etc. inversora de actividades múltiples, coma a súa fábrica de curtidos en Pontevedra, exportadora e especuladora de millo,...

Pero neste ano de 1837 é un ano no que M^a Rosa Aballe, co “placet” dos seus fillos, fai unha serie de operacións financeiras relevantes para ter maior liquidez cara afrontar novas inversións. Como mostra:

- O día 13 de abril deste ano vende ela e os seus fillos a fábrica de curtidos¹⁰⁰ que tiñan no lugar de Berrón, en Pontevedra.

- O 1 de xuño deste mesmo ano, M^a Rosa Aballe, vende a metade do seu Quechamarín “Estrella”¹⁰¹ da matrícula de Cangas a D. Joaquín Relova da matrícula de Muros por 5.400 rs.

Chegado o mes de agosto hai unha serie de gastos polo inicio da campaña pesqueira para pór toda a engrenaxe a punto: embarcacións,

¹⁰⁰ AHPP. Ca-3245 f. 18 Escribán: Benito de Aris. 13-4-1837. Véndelle a Bernardo Echebarría que tamén tiña, no local lindante, unha fábrica de curtidos de maior envergadura. Pagou 10.000 rs (8000 en seis meses e 2000 ao cabo dun ano). No 27-11-1839 aparece no mesmo escribán unha carta de pagos por esta débeda . O postigo ou porta secundaria de Berrón estaba na perpendicular aos arcos de S. Bartolomeu. A Torre estaba fora das murallas preto da Torre do Ouro (Santa Clara).

¹⁰¹ Aínda lle quedaba a propiedade de Barcos de navegación (1 Bergantín-goleta, 2 Polacras-goleta, ½ Quechamarín) e unha morea de embarcación menores (2 Galeóns de dous paus, 2 lanchas da arte, botes da arte e unha ducia de lanchas do xeito...)

redes, velas, factorías, sal... “*acaba de sacar dos alfolíns das súas Fábricas, oitocentas fanegas de sal de Cádiz...*” por valor de 8.000 rs¹⁰². Tamén habería que contabilizar as cantidades a abonar por exceso de prezo xa rematada a campaña tendo en conta fanegas de sal invertidas e de quintais de peixe extraídos¹⁰³.

Entremedias Ons é adscrito ao concello de Sanxenxo (31-7-1837) e comeza o Marqués de Valadares a solicitar pase a pertencer a Bueu cousa que ocorrería no 1844¹⁰⁴

Ao día seguinte de cumprir 23 anos Dona Joaquina Montenegro, un 17-8-1837, pasa pola casa-almacén que Dona M^a Rosa Aballe ten na praia de Beluso¹⁰⁵. É onde subscriben ante notario un contrato de arrendamento dunha fábrica de “salpresa de peixe” que xa estaba sendo construída na Illa de Ons pola M^a Rosa Aballe, coa lóxica convivencia da propietaria da Illa, Joaquina Montenegro. Esta fábrica era moi ampla pois constaba de 22 lagares ou pías¹⁰⁶, 31 prensas e dous pozos para a graxa. Polo aluguer comprometéase a pagar anualmente 2.200 rs.vn¹⁰⁷.

Os utensilios tanto da fábrica como da vivenda-habitación da mesma están reflectidos na Liquidación e partillas de Dna M^a Rosa Aballe, viúva de Pedro Plá (salgadeiro), aos seus fillos¹⁰⁸.

Enseres dela Fab^{ca} dela Isla de Ons¹⁰⁹

Cinco fanegasde sal de resalgan á seis rs	30,,
Veinte y siete espichadores deprensa en cascós, a siete rs	189,,

¹⁰² AHHP. Escribán: José Graña 15-8-1837 Ca-3373(1)

¹⁰³ No ano 1837: Fanegas invertidas, 500; Quintais peixe extraído, 1000 e Cantidade que corresponderon abonar por exceso de prezo, 19.138,8.

¹⁰⁴ Por R. Orde do 20 de novembro de 1844

¹⁰⁵ Os motivos de que a marquesa de Valadares se achegase a Beluso poderían ser varios aínda que o constatable é que por esas datas Dona M^a Rosa padecía “*achagues que afectan á expoñente*”.

¹⁰⁶ “A chanca máis pequena que atopamos documentalmente nas salgadeiras de Bueu está composta por catro pares de píos, nembargantes o número normal para as salgadeiras pequenas era de seis pares e máis de dez no caso das maiores” (Cerviño-Cidrás-Aldegunde. 1998:50)

¹⁰⁷ Testigos José Luis da Vila, José Mendiña y otros.

¹⁰⁸ AHPP. Escr. Eugenio Soto px. 88-168. Secc. Protocolos Ca-2905 (4)

¹⁰⁹ Noutra relación varían o número de fanegas de Sal de Cádiz, resalga que son cen (a 8 rs); así como: Veinte os espichadores de cascós (120 rs), trinta e seis fiolas (25 rs), catro tinas par lavar a sardiña (20 rs), dezanove barras de pino para prensar (57 rs), nove barbetas (13,17 rs), catro docenas de tablas de aforro (48 rs).

Diez y siete tacos á real y medio	25,, 17,,
Veinte y una fiola, en junto veinte y ocho rs	28,,
Un embudo de madera para grasa, cinco rs	5,,
Dos portaderas de media vida, a siete rs	14,,
Dos valdes y otro mas, de media vida, y una cubeta de id, todo en diez rs	10,,
¿? arcos de hierro de mediano uso, diez rs	10,,
Un carretón de mano viejo de madera, dos rs	2,,
Tres tinas de mediano uso p ^a agua, a cinco rs	15,,
Un canalete nuevo de madera pino, cuatro rs	4,,
Veinte y tres barras de pino para prensas, á cuatro rs	92,,
Diez docenas de arcos nuevos de castaño p ^a cascós, a tres rs la docena	30,,
Treinta y cuatro liazas de mimbres, a veinte y cuatro mrvs	24,,
Cuatro docenas y media de tablado, a trece rs docena	58,, 17,,
Dos barvetas de mediano uso, y cinco id casi inútiles, en junto v ^{II} y dos rs	22,,
Treinta y seis cabos de piedras viejos, en cuatro rs	4,,
Dos parihuelas, una de media vida y otra vieja, en dos rs	2,,
Dos palos de pino para salar, todos en tres rs	3,,
Un mazo nuevo del muerto, un r ^I	1,,
Diecinuevecientas setenta y dos duelas de pino arregladas para medias pipas catorce reales el ciento	276,, 2,,
Cuatro pipas cuasi nuevas, de buena condición p ^a vino, a treinta rs	120,,
Cuatro id de mediano uso, veinte rs	20,,
Tres id casi inútiles, a diez y seis rs, cuarenta y ocho rs	48,,
Una media pipa acondicionada para vino, veinte rs	20,,
Muebles dela habitación enla propia Fab^{ca110}	
Una mesa de madera pino con cajón y llave, doce rs	12,,
Un arca grande de id con su llave, y de poco más de medio uso, doce rs	12,,
Un balde grande de carrear agua, y otro mas peq ^o de id, enj ^{to} ocho rs	8,,
Un candil de regular uso, tres rs	3,,
Seis tazas de piedra con baño blanco, fab ^{ca} Ygl ^a Todas cuatro rs	4,,


¹¹⁰ Noutra relación: Seis vasos de vidrio e de boca de campana (2 rs), un xerro sevillano (2 rs), dous embudos un para o viño e outro para o aceite (4 rs), unha balanza pequena coas súas copas de folla de lata (10 rs), un xogo de medidas de madeira para o viño (8 rs), un pote de ferro (30 rs), unha tixola de ferro (8 rs), unha parrilla de ferro (7 rs), unha cuchara de ferro (3 rs), unha aixada de ferro (20 rs) e unha pala de ferro (5 rs).

Dos pocillos y tres platos finos de id, de ig ^l fab ^{ca} y baño, enj ^{to}	5,,
cinco rs	
Un trebede de estribo largo otras diez rs	10,,
Dos alcuzas de hoja lata, una mas grande que otra, cinco rs y medio	5,, 50,,
Dinero existente, veinte y nueve mil quinientos sesenta rs, veinte y siete marav ^{es} vellón	29.560,,27,,

Ata o ano 1842 a familia de M^a Rosa Aballe segue co aluguer da salga de Ons. Neste mesmo ano nas partillas dos bens familiares correspóndelle a M^a Rosa Aballe o 58,3 % dos útiles da fábrica e enxovais da casa da fábrica de salga da Illa de Ons e aos fillo (José, Teresa, Juana, Agustín e Rosa) o 8,3 % da mesma a cada un.

Mais a partires do 7-12-1842 M^a Rosa fai nun Sinalamento ou Mellora¹¹¹ a favor do seu fillo José Plá Aballe por axudarlle a levar as empresas dende 1812, entre outras cousas, cédelle por valor de 10.000 rs a salgadeira da illa que este rexentará ata mediados do s. XIX momento que toma o relevo o fomentador en O Grove, Vicente Barnet.

O Marqués de Valadares alúgalle a Barnet (13-8-1851), o almacén de salgadura e a horta, por tres anos que logo se prorrogarían¹¹². As dificultades de explotación eran moitas o que se reflectiu no prezo (1.000 rs ano) que como se pode comprobar reduciuse a menos da metade que décadas atrás tiña a familia Aballe.



¹¹¹ AHPP. Escr. Manuel Francisco Rodal páx. 71. Secc. Protocolos Ca-3572 (1). Un grupo de peritos (salgadeiros) valoran os 30 anos que José Pla estivo ao fronte das empresas familiares, en 72.000 rs. (Polos primeiros 27 anos a 2500 rs ano. Os tres último a 1500 rs)

¹¹² No 1862 aínda seguía.

Significativo desta penuria tamén e o que pode inferirse do gráfico¹¹³ adxunto xa que na década de 1849-1858 non houbo ningún nacemento rexistrado.

Vicente Barnet posuía tamén salgadeiras en Barrosa e Carreirón. Hai referencias deste fomentador noutras documentacións como cando o 17 de novembro do 1856 unha visita do administrador do Distrito de Carril (ao que pertencía Ons pola residencia de Barnet) dada coma existencia de sal: 189 quintais na Illa de Ons. A última referencia de Vicente B. en Ons témola en 1862.

A partires desa data aparece o que fora capitán da polacra “Fraternidad”¹¹⁴ D. Gerónimo Galup (fillo de Narciso e Magdalena Vergés) e casado con M^a Josefa Alonso Estrada¹¹⁵.

Gerónimo Galup morre no 1864 polo que tivo que tomar as rendas da salga a súa viúva e así a vemos na costeira do 1865-66 en Ons escribindo unha carta (27-3-1866), ao igual que os demais fomentadores, ao Sr. Administrador da Facenda Pública de Pontevedra expóndolle que, de seguir aplicándose a ordenanza 12-3-1859, pola que están obrigados a pagar as sales de resalga, non poderían seguir coa actividades salgadeira.

Na costeira do ano 1868-69 aparece Ons como parte da Admón. de sal de Marín e rexendo a salgadeira nese ano D. Antonio Córdoba¹¹⁶. Polo menos no 1870, Antonio Córdoba Moar¹¹⁷ sigue en Ons, e parece que lle vai mellor pois case triplica o número de fanegas de sal solicitadas neste ano (600 quintais).

Un dos últimos fomentadores que utilizou a fábrica de salga de Ons foi o Sr. Villot.

O marqués de Valadares e a súa muller Joaquina Montenegro dende o 1836 e anos sucesivos aluga¹¹⁸ terreos na illa, algún deste en zonas

¹¹³ Elaborado a partir dos asentamentos de nacementos no Rexistro do Xulgado de Bueu.

¹¹⁴ AHPP. Sección Facenda 1838-43 (1) Ca-7268

¹¹⁵ Ambos os dous de familia de salgadeiros.

¹¹⁶ AHPP. G-7251 Sección Facenda Fomentadores-Correspondencia. Solicitaba 214 qq garantizándolle o fomentador de Marín, D. José Touza.

¹¹⁷ Noutros sitios Montoya

¹¹⁸ AHHP. Escribán: Casimiro Gómez 1-12-1837 Ca-1475: Id. escribán: 6-12-1839 Ca-1475, ...

próximas á salgadeira pero sempre respectando esta fábrica-almacén. Así o fai constar cando en 1891 Dona Joaquina alugou “*as dúas illas, edificios e lancha*” a José Estévez Barreiro e Salvador Massó Ferrer e lles puxo a condición de : *Non cortar árbores, non cazar, nin establecer salga que prexudique a do Sr. Villot.*

A instalación da fábrica de salga foi un punto de inflexión para as vidas dos insulares dado que a estrutura económica, fundamentalmente agrícola trocouse cunha mirada cara o mar que se mantivo ata os derradeiros días en que se viron forzados a deixar a illa. Certo é que non so levou aos homes ao mundo do mar senón que tamén o fixo coas mulleres as que traballaron na salga coma man de obra maioritaria¹¹⁹.

Como puido comprobarse as salgadeiras de Ons estiveron ligadas, entre outros, a catro mulleres¹²⁰ das que eu destacaría a dúas pola súa importancia en relación coa salga de Ons, a unha como descubridora e estudiosa, Paula Ballesteros e a outra, Rosa M^a Aballe, coma emprendedora e construtora da salgadeira moderna. Gustaríame que estas notas tamén serviran como loanza e eloxio de ambas.

¹¹⁹ ”... a maioría da forza de traballo nos almacéns de salga sábese desempeñada por mulleres” (Muñoz)

¹²⁰ Joaquina Montenegro, propietaria nas datas da salga moderna. M^a Rosa Aballe, que edificou a salgadeira no 1837 e durante a explotou cinco campañas. M^a Josefa Alonso Estrada, viúva de G. Galup, salgadeira no período 1863-1867. Paula Ballesteros Arias que sacou a luz e documentou, entre outras. a salga romana de Canexol.

Anexo

Descricións da salgadeira ao longo do tempo:

*“Visitamos o amplo edificio anexo á casa na que existen pías para a salgadura do peixe, e ao fondo o magnífico muíño fariñeiro, a motor, capaz de facer fronte ás necesidades daqueles habitantes en poucas horas de traballo diario. Exponnos o proxecto de iluminación eléctrica, para cuxo efecto está xa encargada a dínamo que alimentará unha batería de acumuladores. Vemos o secadoiro de polbo e os moreas deste peixe xa curado e disposto para a súa venda ou exportación.”*¹²¹

“Contigua ó muelle e porto está a antiga fábrica de salgadura, hoxe desmantelada, que servía de aloxamento aos administradores, (...) É un edificio de planta baixa, con aditamento de extensa galería, con vistas ao mar” (Portela. 1954:68).

No 1932 Álvaro de las Casas fala do que fora salgadeira como lugar onde no momento da visita almacenábase o polbo: *“Baixamos ao almacén onde meu gande amigo Dídio Riobó ofreceunos non sei cantas toneladas de polbo...”*¹²² ou *“No punto medio, ourentado á ría, fica o Curro (Areal de los Perros no Fontán), o pequeno embarcadeiro po-lo que se fai todo o servizo, a taberna, a praia das dornas, o armacén e o casal do dono da illa Don Dídio Riobó, do xeito das antigas frábecas dos fomentadores cataláns”* (Casas. 1934:168)

¹²¹ T.V. “Una visita a la Isla de Ons” Faro de Vigo 13-11-1926 p. 1

¹²² Álvaro de las Casas. “Ultreya, mar adelante” El Pueblo Gallego 24-7-1932 p.24

BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP) Seccións Protocolos Notariais e Facenda
- Ballesteros-Arias, Paula. Revista "Aunios", nº 13, maio (2008) "*O xacemento romano do cantil de canexol (Illa de Ons, Bueu)*" 45-54 e en
- Ballesteros-Arias, Paula. "Cuadernos de Estudios Gallegos", LVI, N.º 122, enero-diciembre (2009), "*O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de canexol (Illa de Ons, Bueu)*" 67-90. ISSN 0210-847 X
- Ballesteros-Arias, Paula. Revista "Aunios", nº 17, maio (2012) (coautora Yolanda Seoane-veiga) "*Gravados rupestres na illa de Ons*" 57-60.
- Ballesteros-Arias, Paula. Revista "Aunios", nº 18, maio (2013) "*Prácticas agrícolas e procesos de cambio no arquipélago de Ons*" 35-38.
- Ballesteros-Arias, Paula. "*O Patrimonio Cultural da illa de Ons: Impronta do pasado, identidade dunha paisaxe*", no libro "*Ons e Onza nos arquipélagos galegos. (2012) Institución Cultural Isleña.*
- Ballesteros-Arias, Paula. "*Perceptions and Appropriations of Discourses in the National Park Island of Ons (Galicia, Spain)*" (20013) Publicación: Ed. Springer.
- Ballesteros-Arias, Paula et al. "Cadernos der arqueoloxía e patrimonio" CAPA-33 (2013) "*Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade*"
- Cerviño-Cidrás-Aldegunde. "*A industria da Pesca Salgada. Os portos de Bueu e Beluso*". 1998. Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación da Xunta de Galicia.
- Currás, Brais. (2005) en "Cetariae 2005" artigo "*Aportación al conocimiento de las industrias de salazón en las Rías Baixas gallegas*", 135-149
- Casas, Álvaro de las. "*A Illa de Ons*" na Revista Nós nº 130-132 (1934) . P. 167-181
- Estévez Castro, José Mª. "*Reconocer Bueu*"(1996) Servivio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Libros de nacementos e matrimonios do Xulgado de Bueu
- Lomba, A. Mª. "Contribución al estudio de la industria de la salazón de época romana. El noroeste peninsular" (1987), Lucerna, 2, Porto
- Lorenzo Fernández, Xurxo. "*Notas do meu diario arqueolóxico*" na Revista Nós nº 124-125 (abril-maio 1934) . P. 87-88
- Muñoz Abeledo, Luísa. "*Los mercados de trabajo en las industrias marítimas: diferencias de género y desigualdad social*" Enlace da Universidade de Zaragoza: <http://www.unizar.es/eueez/cahe/munozabeledo.pdf>
- Muñoz Abeledo, Luísa. "*Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia 1870-1970*" (2010) . Publicacións i Edicións, Universitat de Barcelona: Icaria, D.L.
- Pereira de Novaes, Manuel. "Anacrisis historial". Colleção de Manuscritos inéditos – IV (1915). Porto
- Portela Pazos, Salustiano. "*Apuntes para la historia de la Isla de Ons*", "Cuadernos de Estudios Gallegos" XXVII, P. 35-73 Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Padre Sarmiento.
- Rúiz Pico e Samper Calvete "*Hidrología de las Islas de Ons*" (2000) nas "Jornadas hispano-lusas sobre las aguas subterráneas en el noroeste de la península ibérica. A Coruña 2000 Inst. geológico y minero de España
- Vilas Paz, A. et al. "*Guía de visita*". Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Edita: O.A. Parques Nacionales (2005)

«A igrexa vella da Illa de Ons»

«A igrexa vella da Illa de Ons»¹²³



Falar da Illa de Ons é falar da memoria entrelazada no tempo onde, ao igual que os seus moradores, xurdía e desaparecía silandeiramente. Agora a temos máis fresca grazas a persoas como Salustiano Portela, Álvaro de las Casas, Celsetino Pardellas, Asociación Piñeiróns, María A. e Santiago Castroviejo, Staffan Mörling, Paula Ballesteros, Lino Pazos, Fernando Alonso, Adán, Susi, articulistas de Aunios e tantos outros que se preocupan de documentar non só as cadernas e banceiras dese barco ancorado fronte á costa galega senón tamén as súas raíces e o seu espírito cicelado polo mar e o illamento.

Bebendo no rego da tinta de moitos deles e salpicándoos cun pouco de salmoira arquivística quero concentrar o que se coñece sobre a(s) capela(s) antiga(s) de Ons.

Se exceptuamos as referencias ao bispo Consencio¹²⁴ a inicios do s.V, a primeira mención da existencia dunha igrexa na illa de Ons a temos documentada no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela. Data do ano 899 cando o rei Alfonso III fai unha doazón das illas da costa

¹²³ Publicado no nº 22 da revista Aunios en abril 2017 páx. 55-61

¹²⁴ López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I páx. 387 Santiago. 1898. Consencio, bispo da Sede por Caldas de Reis, ao que atribúen a posibilidade de que morara na illa de Ons, o que suporía unha estrutura eclesial da que, de ser certo, non quedou constancia algunha. Consencio ou Cosencio, como recolle Monseñor Teófilo Ayuso Marazuela no seu libro “La Vetustas Latina Hispana: Prolegómenos, T.I, páxina 490, reflicte a súa correspondencia epistolar con San Agustín.

galega coas súas pertenzas ao Cabido Compostelán¹²⁵. No caso da illa “Aones” ou Ons ven referenciada coa súa igrexa baixo a advocación de San Martín¹²⁶.

Ao longo do tempo varias son as mencións dalgún elemento relixioso en Ons e algunhas das cales suxiren a existencia de monxes na illa. Con respecto a isto Lino Pazos¹²⁷ achéganos varias citas abundando na existencia de mosteiro en Ons, entre elas, as de Frei Martín Sarmiento¹²⁸, de Hipólito de Sa ou a de Salustiano Portela, etc. Salustiano Pazos escribe ao respecto: “*Tamén persiste alí a tradición dun cenobio, en pasados séculos, sen dúbida o que aínda existía no XV, con indicación de lugar de emprazamento e engadidos de lenda popular*”¹²⁹.

Como resumo de todo o abano escrito en canto a construción monacal en Ons temos os artigos de Celestino Pardellas saídos no xornal A Comarca do Morrazo¹³⁰ onde se pode ler: “... *monxes beneditinos que se recollían á soidade da Illa para meditación e repouso, e doutros monxes que periodicamente se achegaban a ela para a recolección de froitos. Hai referencias da existencia dunha igrexa na que se reunían á hora dos Divinos Oficios e que realizaron algún tipo de construción para a súa estadía na illa.*”

¹²⁵ Recollido tamén por López Ferreiro do Arquivo Catedralicio de Santiago no Tumbo A. folios 4 v. e 5 v. As confirmacións da doazón en reinados posteriores tamén no mesmo arquivo e documento pero folios 6 e 12.

¹²⁶ Hai moitos anos tiveron unha referencia da pertenza da illa, no eido relixioso, a San Martín de O Grove. O tempo ‘trasapelou’ a anotación e encargouse de borrar a cita da memoria. Polo que de agora coñezo, non lle podo dar ningunha credibilidade.

¹²⁷ Lino Pazos Pérez. “*Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas*”. Deputación de Pontevedra. 1999. Páx. 64.

¹²⁸ Frei Martín Sarmiento en “*Viaxe a Galicia 1745*”, folio 106 r. No folio 120 v. vólvese a mencionar un testamento dado en Santa Clara no 1420: “*Débese coñecer se alí, igual que nas de Ons e nas de Tambo houbo de tempo antigo mosteiro; pois do mesmo testamento consta que había relixiosos en Tambo, Dons e Sias, e serían da nosa orde [beneditino]*”.

¹²⁹ Salustiano Portela Pazos “*Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*”. Cuadernos de estudios gallegos. Tomo XXVII de 1954. Páx.-36-37.

¹³⁰ Pardellas, Celestino, “*A Illa de Ons: arquitectura e destrución urbanística (I)*” “A Comarca do Morrazo 16-29 de novembro de 1996

Posiblemente, pertencentes a estas construcións monacais, son as pedras moi ben traballadas, e ata con algunha inscrición, que se atopan espalladas por piornos, cortellos, casas e polos muros dalgunhas leiras.”

A través de causas xudiciais abertas, por ser sorprendidos cazando de forma furtiva, hai constancia documental da existencia de eremitas na illa de Ons. Como é de supoñer o farían para sobrevivir nunha paraxe difícil como é unha illa pequena. A primeira denuncia coñecida contra un ermitán foi interposta o 27 de outubro de 1584 ante ou xuíz de Cangas polo tamén xuíz “*de residencia da illa e freguesía de St^a María de Dons*”, en nome do seu amo Antonio Sarmiento de Montenegro, por “*ir a cazar á illa pequena [Onza] con lazo e esparrela*”¹³¹.

A primeira vez que a illa aparece como parroquia é no 1587, o que non quere dicir que o fose, ou polo menos así non consta en séculos posteriores. O motivo polo que chegou ata nós información da existencia da igrexa, da advocación da mesma –St^a María de Ons- así como o nome do párroco –Jorge da Millara- é “*en virtude de querella criminal [...] ante Antonio Sarmiento de Montenegro Sor. de ditas Illas, feudatario da Igrexa de Santiago*” contra dous fregueses seus por tratalo mal de palabra e obra¹³² (Salustiano Portela:1954; 43).


Uns anos despois, no 1594, o cura de Leiro (Rianxo), Amaro González, di que “*había moitos ladróns corsarios e luteranos, que roubaban canto atopaban así de barco, como dos demais [...] Neste tempo saqueouse a illa de Hons, e decían queimaran a igrexa dela, mais non fixeron mal aos veciños senón levarlles seus gandos e bens*” (Salustiano Portela:1954; 46)

E así chegamos a 1752 que no Real de Legos do Castro de Ensenada¹³³, correspondente á Xurisdición da Lanzada aparece a Illa de Ons como unha freguesía anexa a S. Estevo de Noalla:

¹³¹ Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. [No Arquivo dos Marqueses de Mos – nº 77 \(1584\)](#). Neste mesmo arquivo hai outra denuncia contra un ermitán no ano 1605 pero este ermitán, chamado Antonio Díaz, o era da ermida de San Fins (Pontevedra) e non residía na illa de Ons senón que ía a ela a pastar ilegalmente gando vacún e equino.

¹³² Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. [No Arquivo dos Marqueses de Mos – nº 77 \(1587-1588\)](#)


¹³³ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Catastro. Sinatura L-117. Catastro de Ensenada. Real de Legos. Xurisdición da Lanzada. 1752



Mapa no Catastro de Ensenada. Real de Legos.
Xurisdición Lanzada. AHPP L-117

“ILLA DE ONS: Nota Nº 12. Que é pertencente a esta Xurisdición e seu termo a Illa nomeada de Ons, que se atopa situada no mar de Lanzada, á embocadura á Ría de Pontevedra, e á P(oniente) á freguesía de Sn Hesttevan de Noalla, que é a terra firme máis inmediata, a distancia de media Legua de mar cuxa Illa, segundo tradición xeralmente recibida e derivada de

pais a fillos, foi poboada e constituía unha freguesía anexa a esta Xurisdición a cuxa Parroquia, e doutros edificios se conservan actualmente os vestixios e monumentos; e terá de N(orte) a S(ur) unha legua de lonxitude, de L(este) a P(oñente). un carto de Lonxitude, e de Circunferencia dúas Leguas e media; Como terreo está inculto, e parte do solo produce pasto, de que se aproveitan promiscuamente todos os veciños naturais e forasteiros que queren botar nela os seus gandos mulares e cabalar; deixando de executalo cos lanares e vacúns, polo risco de que os extraian e rouben as embarcacións inimigas que soen ampararse de dita Illa para facer auga, e este mesmo risco foi motivo de que os poboadores antigos a abandonasen; e parte tamén produce toxo de que se utilizan cantos queren collelo, así os veciños deste Partido como os que viven na ouïtra



Mapa no Catastro de Ensenada. Interrogatorios.
Xurisdición Lanzada. AHPP C-548

banda do mar na Península de Morrazo, Xurisdición de Cangas y en cada ano poderá render dous mil carros de dito toxo.

Inmediata a esta Illa e ao medio dela hai outro Illote nomeada a Onza situada case no medio da embocadura de dita Ría de Pontevedra e terá un cuarto de Legua de Circunferencia cuxo terreo é o máis del quebrado e rochoso, e solo ten tal cual Mancha en Campo que produce Pasto para algún Gando mular que queiran os donos levar a ela; segundo todo resulta das respostas Xerais dos Peritos á pregunta 12 do Interrogatorio, e posuír esta Vila e Porto de Sanxenxo a Capital desta Xurisdición pareceu convinte notar no Libro da súa Operación a situación de ditas Illas, para os fins que poidan conducir, e se deixou de executalo nos emolumentos do Común porque as referidas Illas e as súas Utilidades non son da particular pertenza desta freguesía senón de toda a xurisdición e aínda doutras forasteiras. Como queda exposto.”

Terán que pasar que pasar cincuenta anos, para que a Xunta de Armamento e Defensa da provincia de Santiago decida facer unhas construcións defensivas¹³⁴ e así protexerse do invasor francés. “*Salvador López Gil, cura de Sanxenxo e Comisionado pola Xunta Superior do Reino para a fortificación das illas de Ons e Onza*”¹³⁵ sería o verdadeiro ideólogo da repoboación e aluguer da illa para facer fronte aos gastos das obras. Entre estas obras propuxo arranxar o que quedaba da antiga igrexa coa fin de que se “*asegure no sucesivo a utilidades dos novos poboados*”¹³⁶ de traballadores-colonos.

Con posterioridade, por unha Real Disposición do Cabido Catedralicio de outubro de 1833, recoñécese de novo que hai obras comezadas, “*por conta do fondo de accionistas*”¹³⁶ entre as que se contaba unha capela.

¹³⁴ Obras que non chegaron a rematarse. A unha estaba no lugar de Pereiró e a outra coñecido como castelo da Roda, que aínda se pode ver a súa contorna, no de Curro.

¹³⁵ Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela (ACS). Mazo 423. Ano 1810.

¹³⁶ Os ‘*accionistas*’ son os subscritores de accións (1810) para poder executar a fortificación da Illa “*para defensa de la Patria*” así como outras edificacións complementarias aos que se lles compensaría con aforamentos. Ao non conseguirse a cantidade de diñeiro ao través do accionariado precisa para a realización das obras é polo que se rotularon terras por parte destes e o Cabido, como dono e señor, pensaba alugar terreos poñendo una serie de condicións.

O 31 de xullo de 1837 adscribíse a Illa de Ons ao concello de Sanxenxo e non *“teñen igrexa nin ningunha crás de santuario”* (Xosé Fariña Jamardo: 1990;136). Nesa data a mesma Deputación lle pide ao alcalde de Sanxenxo lle manifeste a parroquia do Continente máis cerca da illa, e a que deba considerarse engadida no espiritual...

No que atinxe á igrexa da Illa¹³⁷ ao ano seguinte atopamos unha nova referencia do seu estado xa que se *“conserva case medio edificio da igrexa co altar que a pouca costa lle pon corrente o titulaba S. Martin de Ons, Presentación do Ilustrísimo Cabido”*¹³⁸ polo que nos atopamos a 22 de xaneiro de 1838 cunha carta do monxe bieito exclaustroado Frei Manuel Mos *“solicitando o seu permiso para facer e bendicir unha capela na Illa de Ons para dicir o Stº sacrificio da Misa, a cuxo punto penso trasladarme polos intereses que necesito neste tempo de orfandade, o que non deixará de ser útil aos mesmos insulares pola súa incomunicabilidade que lles ocasiona o mar”*¹³⁹.

Para tomar unha decisión sobre este asunto o arcebispo solicitou dalgúns párrocos coñecedores da realidade de Ons ou coñecedores do freire para que lles transmitira as súas impresións e coñecementos sobre o tema.

O primeiro que respondeu foi o párroco de Noalla (xa citado anteriormente-nota 15) e no relacionado a que parroquia pertence Ons resposta: *“dise que desta parroquia referida de Noalla”*. E ante se é necesario ou non permitir edificar a igrexa e manter un cura (neste caso o freire) *“constituíuse o ano pasado alí un almacén que subsiste e atraerá alí moitos operarios todos carecen de misa e do máis que poda ofrecerse...”*

Logo sería o cura de Beluso, Eugenio Adrán (21-2-1838) que polo seu interese transcribo na súa totalidade:

¹³⁷ Localizada na ladeira do barrio de Canexol a menos de 300 metros do castro “Castelo dos Mouros”.

¹³⁸ Nótese que a advocación volve a ser a de San Martín. Carta ao arcebispo do cura párroco de San Estevo de Noalla (Sanxenxo), Manuel Antonio Álvarez. Arquivo Diocesano. Cartafol 60 (antes Mazo 1141)

¹³⁹ Carta ao arcebispo. Arquivo Diocesano. Cartafol 60 (antes Mazo 1141)

“Que a Illa de Ons estivo sen habitantes dende fai moito tempo ata o ano de oitocentos nove en que algúns labradores da parroquia de St^a M^a de Beluso, e outras parroquias pasaron a cultivar nela algún que outro permanecerá alí; pero todos os demais se deteñen o tempo que necesitan para cultivar e recoller os seus froitos e logo se veñen aos seus propios fogares; tamén o fan, e o mesmo os que alí se fixaron, todas as veces que lles acomete algunha enfermidade para coidarse e recibir o pasto espiritual dos seus respectivos párrocos e noutras varias ocasións, a cuxo efecto, polo menos os desta parroquia teñen alugado un barco que pasa a dita illa todas as semanas. Non hai dúbida que a maior parte dos expresados cultivadores pasan a mes e aínda a meses naquel punto sen o Sto. Sacrificio da Misa.

Non obstante respecto á solicitude que motiva o sobredito oficio non son capaz de calcular as vantaxes e os prexuizos que poida orixinarse da súa concesión xa por arte do señorío que se casa con algún dereito de intervir directa ou indirectamente, xa dos párrocos cuxos cultivadores sexan propios fregueses e especialmente de aquel que polo seu ministerio corresponde a xurisdición da Illa, xa por outras razóns que alcanzarán a penetración dos Sres Gobernadores, e as que acaso tería presente noso Exmo. e dignísimo Prelado cando na visita deste partido habéndolle chamado a atención sobre o particular algúns Srs Párrocos, segundo o oído, nada resolveu.

Non puiden pescudar con certeza a que parroquia pertence a Illa. Só por tradición se sabe que unha imaxe de Nosa Señora que se atopa nesta igrexa no altar colateral do evanxeo veu da antiga igrexa da Illa, e era a súa patroa coa advocación de Santa María de Ons igualmente que veu a pila bautismal da expresada antiga igrexa, e a que hoxe sirve nesta p^o a auga bendita entrando pola porta principal á man esquerda o que da fundamento a crer o que a referida igrexa da Illa era agregada a esta ou polo menos que suprimida no seu distrito da xurisdición do párroco que o sexa desta”.

Tres días despois recíbense no secretariado da cámara do arcebispado de Santiago a contestación por parte do cura de Bueu,

Andrés Pérez Lapido. As respostas son case calco da dadas polo cura de Beluso:

“Informado lle adxunto oficio que V. se serviu dirixirme procuro informarme de varios suxeitos que puidesen orientarme do que dito oficio manifeste. [..]

Non obstante respecto á solicitude que motiva o citado oficio non son capaz de calcular as vantaxes ou prexuízos que puideran orixinarse da súa concesión xa por parte do Señorío que se crea con algúns dereitos de intervir directa ou indirectamente cuxo preito se está ventilando polo Sr. Marqués de Valadares na Audiencia da Coruña y xa dos párrocos, cultivadores sexan propios fregueses, e particularmente de a quen pertence a Illa e xa por outras razóns [...] No puiden pescudar con certeza a que parroquia pertence a Illa; só souben de suxeitos de moita idade que por tradición se dicía cunha pila de auga bendita que hoxe hai na parroquia de St^a M^a de Beluso viñera da Pila de Ons, así tamén como a imaxe da Nosa Señora que se di que foi a Patroa de St^a M^a de Ons na illa, que está colocada ao lado do evanxeo, coa devoción da Virxe do Carme na referida igrexa de Beluso...”

Interesante foron as respostas ás preguntas polo monxe exclaustrado, por se Ons fora ou non parroquia, etc. dadas no mes de marzo dese mesmo ano de 1838 polo cura de Vilaboa, José Quirós y Araujo:

“... Noutro tempo houbo alí Igrexa bastante cómoda; aínda subsisten as súas paredes medias derrubadas; e sobre a porta maior se len estas palabras =Santa María=

Uns informantes me din non teñen noticias seguras se é parroquia; e quen era o seu Patrón ou Presentador; outros din que a Pila Bautismal de alí se atopa na Parroquia de St^a María de Beluso; outros din que está na parroquia de Portonovo; de todas maneiras estea aquí ou alí a Pila Bautismal, se da coñecer que era Parroquia.

Por outro conduto souben que a presentación de aquela correspondía ao Sr. Marqués de Valadares, quen se atopa na actualidade disputando o seu dominio temporal...”

Logo fai un alegación para que no se lle permita ao monxe edificar igrexa e ter parroquia nos seguintes termos:

“... sen embargo se a solicitude do P. Mos é piadosa, el non é acreedor deste encargo nin capaz de dar o paso espiritual con edificación porque segundo meu informe, é criatural e residente á parroquia de Cesantes do bispado de Tui, non ten ansias de confesar, e está celado e oficiado polo seu Prelado é bastante bulicioso.”

Como curiosidade dicir que por estas datas, 8 de xaneiro de 1841 nace a primeira insular que sería bautizada na parroquial de Beluso.

No 1842 o presidente da Deputación recibe unha carta asinada por 30 persoas da illa de Ons para queixarse dos inconvenientes que supón para eles que Ons estea adscrito a Sanxenxo. A carta estaba asinada en Beluso.

Con respecto á opinión dos moradores da illa no que atinxe a se querían ou non que houbera parroquia en Ons o vemos claramente reflectido, entre outras cousas de interese, noutro informe ao arcebispado, do párroco de Vilaboa, en outubro de 1847:

“... Teñen unha lancha ben aparelhada que existe na mesma Illa; e se pon no peirao antes de nacer o sol todos os días de precepto para recibir as xentes e conducila a Beluso con obxecto de que oían misa como o verifica. O Marqués adoptou este medio para que facilmente poidan gozar dos auxilios espirituais xa que os poucos moradores que na Illa hai, e os cultivadores eventuais ata agora protestaron que non consentirían que se fundase alí parroquia porque no queren desprenderse das freguesías á que pertencen fóra da illa, nas que recibiron o bautismo, compren co precepto pascual e se casaron, teñen enterrados os restos mortais dos seus maiores. [...] e ultimamente a idea de inestabilidade que atormenta aínda aos que con máis resolución determinaron fixarse e que levan na illa algúns anos porque recordan ouvir aos seus maiores que nela houbo no antigo moradores e poboación e xuíz e párroco que



2004-Capela antiga de Ons. Foto: Afonso Fernández

nomeaba e presentaba o posuidor da casa que hoxe é do Sr. Marqués de Valadares, e que desapareceron permanecendo a Illa por moitísimos anos sen cultivadores e sen chozas nas que resgardar o que a ela aportaban.”

Logo di que a illa non conta con 7 veciños, como dicía o Secretario do arcebispado (recollido doutras fontes), senón:

“No día e ata agora con máis ou menos anos de permanencia solo hai trinta e seis moradores que teñen na súa compañía ás súas familias cuxos fillos se bautizan na súa igrexa e eles se casan nas súas respectivas parroquias...”¹⁴⁰

Dúas semanas despois o Marqués de Valadares envía ao Arcebispo de Santiago unha carta dicíndolle que vendo a escrita do párroco de Vilaboa (do 8-10-1847) está de acordo con ela e lle manifesta a súa:

“... disposición á edificar unha capela de capacidade suficiente para conter máis da poboación existente, e a buscar e establecer alí un eclesiástico pola retribución que estipulemos mentres non se realiza por completo o pensamento de establecer e erixir parroquia independente. V. E.



2004-Vista da capela. Foto: Afonso Fernández

recoñecerá que non está da miña parte facer máis e contando que na autoridade e celo de V. E. está facilitar que por este medio se cubran as necesidades espirituais dos moradores da Illa, tan pronto como a capela estea edificada dará coñecemento a V. E. para que se digne autorizar a súa bendición, e darlle título e advocación, que celebrarei, pregarei entón a V.E. sexa o de San Xoaquín por ser o nome da miña esposa a cuxo patrimonio pertence a illa.

¹⁴⁰ Continúa debullando o número de veciños e procedencia. Resumo: Dos 36 residentes en Ons.... 15 proceden de Beluso, 11 de Stº Tomé de Piñeiro, 1 de Ardán, 1 de Moaña, 1 de Noalla, 1 de Vilalonga, 1 de Nantes e 3 de Carreira. Tamén di que hai, ademais, 24 cultivadores eventuais (con acordos co Marqués) dos que 16 son de Beluso, 1 de Moaña e 7 de Sto. Tomé de Piñeiro.

Creo corresponder de este modo a los desexos de V. I. ao mesmo tempo que aseguro a V.E. atopame sempre disposto a contribuír pola miña parte a que se realicen no seu día por completo aplanados todos os inconvenientes que no momento o dificultan e manténdose á casa os dereitos que de antigo tivo e conserva.

Descoñecemos a resposta exacta que dou o arcebispado pero non dubidamos que foi positiva pois a igrexa se fixo coa advocación solicitada aínda que como é habitual nestes casos, poñendo condicións. Todo isto o confirma unha cuartilla ou nota illada atopada entre os papeis citados e que parece ser copia da contestación ao Marqués en canto di: *"Para edificar unha capela na que oían misa os residentes e veciños da Illa de Ons..."*

E continúa dicindo que pode concederse *"a licencia sempre que se aseguren os gastos do edificio, a súa conservación e o estipendio do sacerdote que celebre..."*

Na parte inferior do escrito aparece con outra tinta e letra:

"Engade o Provisor que si o Marqués da o terreo e costea o edificio para parroquia regularmente quererá que se lle conceda o Padroado do curato".

Uns días despois o arcebispo remítelle unha carta ao Marqués felicitándose *"pola xenerosidade piadosa con que V.I. se presta a contribuír á execución de dita igrexa ofrecendo dar seu honorario de capelán [...] cando teña o gusto de recibir o aviso de estar concluída a Igrexa que VI me ofrece a mandarei bendicir coa advocación de S. Xoaquín a que VI a desexa consagrar"*.

O día 12 de outubro de 1848 o Marqués de Valadares comunícalle ao arcebispo que xa está rematada a capela e que esta é *"unha capela na maior decencia e bastante capaz non só para que poida ter lugar o Santo Sacrificio da Misa senón para conter o Santísimo Sacramento e os Santos Óleos podendo, por lo tanto, o capelán que alí se sitúe administrar a Sagrada Eucaristía e a Santa Unción..."*. Ase mesmo que sinala cura para a bendición da mesma e lle propón por se non puidera ir o proposto sexa substituído por D. José Manuel Correa párroco de S. Andrés de Valadares. Curioso é que lle indica que ten que ser con bo

tempo polo que o que se estaba a gozar eses días, “segundo os intelixente” non duraría máis que a presente lúa. Tamén lle indica que:

“Ademais do patrón San Xoaquín teño disposto colocar no altar as imaxes da Santísima Virxe dos Milagres, San Ramón aos que tivo sempre por particular devoción miña familia, e os conservaba no oratorio da miña casa. E polo tanto rogo a V.E. se digne conceder por ditas efixies as ditas indulxencias...”

Non pasou unha semana e o arcebispo lle comunica que para bendicir a igrexa avisaría ao arcipreste do Morrazo e párroco de Vilaboa, D. José Quirós y Araujo¹⁴¹, e caso de non poder ir facultou a D. José Manuel Correa. E en canto ás indulxencias solicitadas:

Así mesmo concedo oitenta días de indulxencias aos fieis por cada vez que visiten a nova igrexa e nela pidan a Deus polas necesidades do reino.

80 por cada vez que rezaren o Pai Noso e Ave María diante da imaxe de San Ramón Nonato e 80 rezando un Ave María, a ladaíña ou a salve diante da Nosa Señora dos Milagres logo que bendicidas estas imaxes se coloquen na igrexa”.

E por fin chegou o día da inauguración: o luns 30 de outubro. O párroco de Valadares, José Manuel Correa, descríbello ao arcebispo nos seguintes termos:

“... con data 7 de outubro último fun facultado por VE que falta de arcipreste de Morrazo D. José Quirós y Araujo párroco de Vilaboa para a bendición da capela das Illas de Ons e como é Sr. invitado ao obxecto se houberse retirado a causa da mala estación fixen a cerimonia relixiosa acompañado dos Sr. Marqueses e a súa familia o día 30 do mes de outubro, de modo e forma que proven do Ritual Romano e despois de observar atoparse a



Imaxes da igrexa de Ons. Foto: Afonso Fernández

¹⁴¹ Tamén era curmán do Marqués de Valadares.

capela coa decencia correspondente ao Sto. Sacrificio que alí ía a celebrar, e sendo igual a isto os ornatos precisos ao obxecto, que tamén se bendixera coas imaxes que encerra”.

No mes de decembro o Sr. Marqués pon en coñecemento do prelado da dioceses, para solicitar licencia, o nome do capelán co que tratou para levar a igrexa da illa:

“Este sacerdote é D. José Ramón Correa, irmán de D. José Manuel dunha conducta irrepreensible e de saber e intelixencia por cuxas apreciables circunstancias o estimo moito. Dedicouse porción de anos á ensinanza nesta cidade de gramática latina con notable aproveitamento sendo xa perceptor antes de secularizarse pois foi relixioso de VI San Francisco e [...] veuse precisado a ser capelán interino no lazareto de San Simón, cuxa circunstancia moveume para que a confianza que me inspira por seus boas prenda a proporcionarlle aquela colocación”.

Por esas datas o capelán estaba “*indisposto*” pero se pensaba que para o vindeiro verán xa podería facerse cargo da illa. Mais debeu atoparse antes mellor xa que no mes de xaneiro de 1849, “logo da Epifanía” José Ramón Correa trasladouse á illa como capelán e así o fai saber en sendas cartas ao arcebispo e a ao arcipreste poñéndose a disposición destas autoridades eclesiásticas.

Non pasaría un ano en que o Marqués de Valadares ten que propoñer a outro capelán para a illa xa que ao ver que José R. Correa “*non se adaptaba e como que cada vez se empeoraba houbo a necesidade de restituírse a esta cidade e por ilo elixín no seu lugar a D. José Monravia, sacerdote natural de Bouzas, que fai anos está de director do establecemento de Beneficencia desta cidade.*”

No 1854 temos constancia de que había problemas co capelán de Ons pois o alcalde de Bueu, Antonio Entenza, solicita do arcebispo poña remedio ao conflito de competencias que se dan no ámbito relixioso “*por que se ben ten alí un capelán para o Sto Sacrificio se ignora a quen corresponde dispoñer a administración dos demais sacramentos ocasionando con elo grandes sacrificios. Así pois é a súa vía que para*

suplir en parte este baleiro e se caer a súa totalidade, acoden a imploralo do párroco de Sta María de Beluso...”

Non hai constancia dunha solución escrita a este problema. Do que si se coñece é que no futuro a dependencia dos capeláns á parroquia de Beluso tomou entidade xurídica ao depender xerarquicamente do seu párroco como coadxutores.

Ao longo dos anos seguintes van alternándose os períodos onde Ons ten novo capelán ou carece del. Como no 1877 que o arcebispo autoriza ao capelán de Ons para que ensine a doutrina, os confese, dea a Comunión, etc. Ou como no ano 1883, que non había, Francisco Vidal, ecónomo de Sta. María do Campo, solicita pasar a Ons *“para coídar espiritualmente aos seus veciños”*.

Con posterioridade, e xa estamos a finais do 1887, hai varios oficios nos que se dan informes, ao arcipreste e ao bispado, da situación da illa para vela necesidade de crear ou non unha entidade parroquial. Exemplo de solicitude para a creación dunha parroquia na Illa de Ons a vemos nunha carta datada no mes de setembro, do Gobernador Civil de Pontevedra ao Arcebispo de Santiago:

“Na ría á que da nome esta capital atópase situada a Illa chamada de Ons que dista máis de 3 leguas do pobo de Bueu o máis próximo, e está habitada por considerable número de veciños que forman una especie de colonia independente por máis que no relativo aos deberes católicos dos seus moradores está adscrita á parroquia de dito pobo¹⁴².

A súa situación e outras circunstancias especiais fixaron a miña atención sobre os inconvenientes que dilo xorde a necesidade de reparar un punto esencial cuxas consecuencias xa se tocaron.

A comunicación coa Illa imposible algunhas veces pola exposición da travesía especialmente no inverno, é de 8 en 8 días, ou de 15 en 15 días, sendo preciso ocupar tres horas polo menos, e non podendo facerse o momento necesario para estar suxeito ao temporal que reine, dada a estreiteza da boca da entrada, e o mal atracadoiro que ten.

¹⁴² A adscrición da Illa a Bueu faise o 20 de novembro de 1844. Pode verse unha entrada referente a este evento no meu blog: <http://acidras.blogspot.com.es/2016/11/20-de-novembro.html>

Estes obstáculos invencibles motivaron que repetidas veces tivese que darse sepultura na praia aos que morren naquela localidade, dándose un espectáculo pouco edificante e moralizadores, ademais das consecuencias lóxicas de quedar expostos os cadáveres aos perigos do mar e dos animais; a parte da exposición polos habitantes da Illa polas emanacións pútridas que poidan producir, e non é aventurado atribuír a isto unha das causas das febres epidémicas que este verán se desenvolveron alí.

Ante tales feitos Ecmo. Sr. é a meu xuízo indispensable adoptar unha medida que repare o mal e que evite consecuencias futuras, e pareceume oportuno poñelo en coñecemento de V.E. por se estimara a conveniencia de establecer unha parroquia na Illa de que se trata...”

A resposta do Arcebispo ao Gobernador Civil de Pontevedra non se fai esperar e de forma educada pero contundente:

“Agradezo a advertencia que V.I. se sirve facerme, e a tomarei en consideración; e dado que non está na miña man establecer novas parroquias pola oposición do goberno, que rexeita gravar o presuposto, mirarei se hai algún outro medio de ocorrer a esta necesidade.”

O arcebispo, a pesar dos atrancos, toma cartas no asunto e solicita información aos curas de Bueu, Beluso, Noalla, Vilaboa, e Hío unha carta moi semellante a esta que mandou o 8 de outubro de 1887 ao cura de Salcedo, como Arcipreste do Morrazo:


“A Autoridade superior civil desa provincia recorreu a min lembrándome as necesidades especiais dos habitantes da Illa chamada de Ons, a cal pola moita distancia da parroquia se atopa desatendida.

Sírvase, pois, asegurarse do número de veciños que hai en dita illa; da distancia que a separa da parroquia; das dificultades que hai para ir a ela a cumprir os deberes relixiosos e das que teña tamén o clero parroquial para ir a celebrar misa alí os días festivos e demais razóns que poida alegar para non facelo.

Así mesmo manifestarame cal sexa a capacidade do templo ou ermida que alí hai e que recurso queda a xuízo de V. para remediar tal necesidade, xa que non está na miña man exixir novas parroquias”.

“Estes curas non aportaron nada novidoso e aos poucos anos a illa queda sen capelán polo que no Boletín Oficial del Arcebisado de Santiago, xornais como El Eco de Galicia e outros no primeiro trimestre de 1891 ofertase unha praza de capelán para a illa nos seguintes termos:

“Necesítase un capelán que resida na illa de Ons, para atender ás necesidades espirituais de aqueles fieis. O arrendatario ofrece dar ao sacerdote, que se preste a servir na indicada capellanía, casa-habitación, un anaco de horta para legumes e tres reais diarios. A señora marquesa de Valadares contribúe cun real diario, e cada veciño (que son máis de 80) da un ferrado de millo, se o capelán pon escola de nenos. Os que aspiren á obter o cargo expresado poden dirixirse á secretaría de cámara [do arcebisado]”.



1891- Boletín Oficial do Arcebisado. Nº 1242

Será en 1892 cando opte á praza de capelán de Ons o coadxutor de Santa Eulalia de Castro, D. Ramón Guerra Azofre que sería o que máis tempo exerceu este cargo vivindo na illa, xa que o fixo por case 20 anos¹⁴³. En boca de Salustiano Portela era un capelán *“con moi estreito ‘pasar’*. Mesmo no 1896 o Secretario do concello, Nicolás M^a Seijo, manda un comunicado ao prelado de Santiago encomiando a súa actuación na illa. Para dar unha idea do espírito deste cura o temos coa súa actuación ante un naufraxio dunha lancha de Marín, o 3 de xuño de 1899 que contemplando como tres mariñeiros que non sabían nadar estaban agarrados á quilla da lancha achegouse cuns mariñeiros nunha dorna *“e con grande traballo, recolleunos e levounos a unha praia da illa onde foron embarcados nun vapor que acababa de prestar servizo no faro, o “Riotesa”, que os trasladou ata Marín”*¹⁴⁴.

¹⁴³ En 1913 pasou como coadxutor á parroquia de Mourente (Pontevedra).

¹⁴⁴ Entrada no blog *“O capelán de Ons, nunha dorna, rescata tres náufragos”*: <http://goo.gl/l6jRq1>

No ano 1921 a illa está en pé de guerra contra o seu propietario



1998-altar e sagrario.

1998-Pila bautismal.

Manuel Riobó Guimeráns. Despois duns intentos dos insulares de non acatar a autoridade do Dr. Riobó este ao través do xuíz municipal forza, como último recurso para non

baleirar a illa de persoas, asinar un acta de Conciliación (30-11-1921) entre el, como propietario, e os colonos de Ons. Este tiveron que recoñecer como “*dono absoluto de dita Illa ao Sr. Riobó*”. As cláusulas asinadas zumegan unha humillación terrible, propias dun réxime feudal. Mais en canto ao orde e moralidade no punto sexto de dito documento podemos ler:

”O Sr. Riobó acepta todas as anteriores estipulacións e lles outorga o perdón solicitado, condicionándoo ao cumprimento exacto dos deberes e obrigacións que ofrecen gardar no sucesivo; comprensivos non tan só na realización de canto concirna aos contratos de arrendamento, senón que moi principalmente, gardando obediencia, respecto e consideración ao Sr. Riobó e a quen lle represente, levando o orde e a moral nas respectivas familias, e en todos os actos públicos que na Illa executen, cumprindo así todos os deberes relixiosos, para o cal o Sr. Riobó porá da súa parte todo o posible, ao fin de conseguir o culto e a ensinanza¹⁴⁵ na Illa, para que nunca poida dicirse, que alí se deixan criar sen educar, xeracións de seres dexenerados.”



1989-Estado ruinoso da capela. Foto: Afonso Fernández

Había longas tempadas nas que a illa estaba sen capelán. E dos que houbo, poucos foron os que viviron de forma permanente nela polo que

¹⁴⁵ Por esas datas había una escola mixta rexentada por José Juan Piñón Mourinho que ao non vivir na illa provocaba un gran absentismo por culpa das inclemencias do tempo.

sería o reitor de Beluso, e logo o coadxutor, os que deron en desprazarse os días festivos ou en eventos como os enterros. Outro exemplo dos que nos consta que estiveron vivindo na illa como os Correa, Monravia e Ramón Guerra, xa mencionados, foi Manuel Fernández Cambeiro, irmán do mestre da illa Joaquín Fernández Cambeiro, que desde que é nomeado, principios do mes de xullo de 1930, pasa a vivir na mesma coa súa irmá Dulce. En agosto de 1934 sae da illa para tomar posesión como coadxutor en Ribeira.



1998-San Xaquín. O oficiante é D. Ramón Beiro Formoso, nese momento párroco de Bueu. Cando mozo estivera de coadxutor en Beluso e como capelán da Illa de Ons. Foto: Afonso Fernández

E así chegamos ao ano 1964 en que Ons pasa a depender do Instituto Nacional de Colonización. Esta institución acabou definitivamente coa vella capela ao construír unha nova dentro do conxunto de actuacións e arranxos de edificios públicos escolas, peirao, etc. Será a finais desta década cando se pasen a celebrar todos os oficios relixiosos á nova capela. O abandono

da vella implicou o seu deterioro acelerado por un incendio a causa dunhas velas colocadas co gallo da Semana Santa. E así chegamos ata finais dos anos noventa do século pasado onde é una vez máis restaurada o que motivou que a pesar de ter a igrexa nova algún ano volveu a celebrarse a festa de S. Xoaquín nela.



2007-Manifestación en Ons. Foto: Afonso Fernández

Que a igrexa vella de Ons aínda está no corazón e nas raíces das xentes de Ons o pon de manifesto a utilización, nalgún momento da historia recente, do seu recinto para expresar as súas reivindicacións relacionadas coa Illa.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Romero, Fernando. “*Los orígenes del mito de la Sta Compañía de las islas de Ons y Sálvora*”. “Cuadernos de Estudios Gallegos”. XXXII. nº. 96-97. CSIC. 1981. Páx. 285-306
- Arquivo Diocesano. Fondo Xeral. Serie Varia. Arciprestazgo do Morrazo . Parroquias A-B. Santiago de Compostela.
- Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobleza. Arquivo dos Marqueses de Mos.
- Arquivo Municipal de Bueu.
- Arquivo Provincial de Pontevedra (AHPP). Catastro de Ensenada.
- Aunios. Revista da Asociación Piñeiróns.
- Ayuso Marazuela, Teófilo. “*La Vetus Latina Hispana: Prolegómenos*”. Tomo I. Madrid. 1953
- Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago: Año XXX Número 1242 - 10 Marzo 1891
- Estévez Castro, José M^a. “*Reconocer Bueu*” (1996). Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Fariña Jamardo, Xosé. “*A adscripción municipal da Illa de Ons*”. Pontevedra nº 4 páx. 133-142. Revista de estudos provinciais. Deputación Provincial de Pontevedra, 1990.
- López Ferreiro, Antonio. “*Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*” Tomo I. (1898). Santiago de Compostela.
- Pazos Pérez, Lino. “*Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas*” (1999). Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Portela Pazos, Salustiano. “*Apuntes para la historia de la Isla de Ons*”. “Cuadernos de Estudios Gallegos”. XXVII.1954. P. 35-73. CSIC. Instituto Padre Sarmiento.

**« Santa María da Illa de
Ons,
igrexas e/ou mosteiros? »**

«Santa María da Illa de Ons, igreja e/ou mosteiro?»¹⁴⁶

Na Ruta Marítima Xacobeá os peregrinos do Sur ben se poden achegar a Illa de Ons para facer unha parada e observar pezas e estruturas que lles amosarán parte do pasado relixioso da comunidade illan.

Son as pedras agochadas nun hórreo de Canexol as que nos traen á memoria aquel artigo de Celestino Pardellas, director da revista Aunios, saído no xornal A Comarca do Morrazo¹⁴⁷ onde se pode ler: “... *Posiblemente, pertencentes a construcións monacais, son as pedras moi ben traballadas, e ata con algunha inscrición, que se atopan espalladas por piornos, cortellos, casas e polos muros dalgunhas leiras.*”

Isto, e o empeño de Celestino, é o que nos serve de desculpa para recompilar datos e hipóteses que esperamos que no futuro, máis ben próximo, se enriquezan coa aportación de novos documentos e evidencias incuestionables que axuden a resolver o seu misterio.

Os ingredientes xa están servidos e a estes poderíamos ir engadíndolles outros como a sepultura antropomórfica da Laxe do Crego e algún elemento que aparecese hogano.

Coñecedores de que as hipóteses a barallar sobre a procedencia (igreja, mosteiro,...), datación, etc. das mesmas poden ser moitas e polo que, sen esgotar unha mirada máis ampla e ata distinta, trataremos de acoutalas no espello da documentación.

Comezarei por aglutinar referencias sobre a igrexa de Santa María e/ou do posible mosteiro da illa de Ons para que axuden a esclarecer o que de escuro haxa ao respecto, pois moitas son as alusións ao que nesta illa houbo pero non tantas as certezaas. Para iso cabe preguntarse, desde cando sabemos que houbo igrexa en Ons? Baixo que advocación

¹⁴⁶ Publicado no nº 25 da revista Aunios en xuño 2020, páx 63-68

¹⁴⁷ Pardellas, Celestino, “*A Illa de Ons: arquitectura e destrución urbanística (I)*” “A Comarca do Morrazo 16-29 de novembro de 1996

estaba? E así unha morea de preguntas máis aínda que non teñamos unha resposta asegurada.

No século IV, o bispo San Hilario de Poitiers (315-367) dicía que os Apóstolos fundaran moitas igrexas por todos lados, ata nas illas do Océano: “*Apostoli plurima tabernacula condeidertunt, [...] quin etiam in Occani insulis, habitationes Deo plurimas paraverunt*”¹⁴⁸.



Alfonso II

Outra referencia indirecta da posibilidade de que houbera igrexa ou edificios relixiosos en Ons sería se se confirmase que fose alí onde vivira o bispo Consencio¹⁴⁹ a inicios do s. V.

O que pode dicirse con certeza é que unha das primeiras mencións directas da existencia dunha igrexa na illa de Ons a temos documentada no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela. Data do ano 835 cando o rei Alfonso II deixou aos monxes que xestionaban daquela o pequeno oratorio da Corticela¹⁵⁰ “*para o seu sustento e vestido, pro victu atque vestitu, lles fixo doazón das illas de Ons, Sálvora, Framio, Sinales e Arousa*”¹⁵¹. O motivo foi o de agradecerlles por encargarse estes da custodia do sepulcro de Santiago¹⁵² (cousa que realizaron ata o s. XII, cando pasou a facelo o Cabido).

Posteriormente o rei Alfonso III e o bispo Sisnando I amplían o oratorio creando a igrexa da Corticela¹⁵³ que, se nun principio estivo

¹⁴⁸ Reproducido no s. XI por Alfonso VI. Recollido por López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I páx. 327 e 328 Santiago. Coa mirada de hoxe en día a lista sería moi ampla en canto a illas oceánicas coñecidas, pero no s. IV o número delas era bastante reducido. Cies, Ons, Sálvora, etc. si o eran...

¹⁴⁹ López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I páx. 387 e 359 Santiago. 1898. Consencio, bispo da Sede por Caldas de Reis, e que “*habitaba nunhas illas, in illis in quibus habitamus, insulis, que ben poderían ser as de Ons ou a de Arousa e Grove*”, o que suporía unha estrutura eclesial da que, de ser certo, non quedou constancia algunha. Consencio ou Cosencio, como recolle Monseñor Teófilo Ayuso Marazuela no seu libro “La Vetus Latina Hispana: Prolegómenos, T.I, páxina 490, reflicte a súa correspondencia epistolar con San Agustín na que lle conta o de “*in illis in quibus habitamus...*”.

¹⁵⁰ Nun principio fóra do recinto catedralicio. A comunidade viviría no que logo sería S. Martiño Pinario.

¹⁵¹ López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo II páx. 59 Santiago. 1899

¹⁵² Tamén o facían a comunidade de monxes de Antealtares.

¹⁵³ Hoxe no interior da Catedral.

consagrada a tres santos¹⁵⁴, púxose ao pouco tempo baixo a advocación de Santa María (1ª igrexa dedicada á virxe en Santiago)¹⁵⁵. E sería o mesmo Alfonso III o Magno, no 899, o que confirmara¹⁵⁶ a doazón das illas da costa galega coas súas pertenzas, pero ao Cabido Compostelán¹⁵⁷. No caso da illa “Aones” ou Ons ven citada coa súa igrexa baixo a advocación de San Martiño.

Xa coñecemos unha igrexa e ao santo que a preside. San Martiño, como o mosteiro, logo Pinario, dos beneditinos da Corticela, propietarios da illa no primeiro momento documentado aquí. E igual que moitos outros mosteiros e igrexas galegas coa mesma advocación, con concomitancias argumentais para unha posible datación.

Mais imos a seguir acumulando referencias ou mencións documentais que suxiran algún elemento relixioso en Ons que nos axuden a desvelar algúns dos enigmas que ao respecto a illa posúe.

E así atopámonos que Alfonso VII, na primeira metade do s. XII, outorgou a favor do mosteiro de Ermelo “... *un privilexio concedéndolles a igrexa de San Martiño e os reguengos da illa de Ons [...] na praia das areas gordas [na parroquia de Coiro]. Non lonxe da mesma os eremitorios de Domaio, San Simón e o mesmo de Ons.*”¹⁵⁸. Hai que ter en conta que houbo anos deste século, como o 1115 en que as illas tiveron que estar despoboadas por mor das incursións sarracenas¹⁵⁹.

Como non, recorreremos ao estudoso Frei Martín Sarmiento que sen aportar data concreta di: “... *Débese coñecer se alí, igual que nas de Ons e nas de Tambo houbo de tempo antigo mosteiro; pois do mesmo*

¹⁵⁴ Con altares a San Estevo (o principal), a San Silvestre e a Santa Comba.

¹⁵⁵ Xacopedia. A capilla da Corticela: https://xacopedia.com/Corticela_capilla_de_A

¹⁵⁶ E posteriormente (20-4-911) tamén o confirmaría nun diploma o seu fillo Ordoño II

¹⁵⁷ Recollido tamén por López Ferreiro do Arquivo Catedralicio de Santiago no Tumbo A. folios 4 v. e 5 v. As confirmacións da doazón en reinados posteriores tamén no mesmo arquivo e documento pero folios 6 e 12.

¹⁵⁸ Sá Bravo, Hipólito de, “*El monje brujo*” en Faro de Vigo do 25 de abril de 1967

¹⁵⁹ A costa galega sufriu ataques, nestas datas, dunha flota (mestura de xentes diversas: hispaleses, sarracenos, lisboeses, etc.) ao mando de Aben-Maimun. Lopez Ferreiro no T. III pág.438 da “Historia dela Santa Iglesia...” pon unha cita da *Compostelana* na que reflicte estas incursión e as súas consecuencias: “*Nas costas de Galicia están apoderados das illas Flamia, de Ons, de Sálvora, de Arosa, de Quebra e do monte Louro, preto de Muros.*”

*testamento ('manadas') [...] consta que había relixiosos en Tambo, Dons e Sias, e serían da nosa orde [beneditina] ”.*¹⁶⁰

En Salustiano Portela Pazos, dentro da indefinición temporal, atopamos lindes da existencia dun pequeno cenobio: *“Tamén persiste alí a tradición dun cenobio, en pasados séculos, sen dúbida o que aínda existía no XV, con indicación de lugar de emprazamento e engadidos de lenda popular”*¹⁶¹.

Con respecto a isto Lino Pazos¹⁶² non dubida en absoluto da existencia dun mosteiro na illa de Ons e para referendalo achéganos mencións como as citadas de Sarmiento, Hipólito de Sá¹⁶³, Salustiano Portela e outros¹⁶⁴.

Máis a luz volta a acenderse por mor dunha causa xudicial, *contra un ermitán*, interposta o 27 de outubro de 1584 ante ou xuíz de Cangas por *“Juan Neira, xuíz de residencia da illa e freguesía de St^a María de Dons”* por *“ir a cazar á illa pequena [Onza] con lazo e esparrela”*¹⁶⁵. Isto evidencia documentalmente a existencia, a finais do s. XVI, de eremitas e igrexa na illa de Ons.

Tres anos máis tarde, 1587, a causa doutro preito ou *“... querela criminal dada por Jorje de Millara, Rector da parroquia de Sta M^a da Illa de Ons, contra Pedro González, Esteban e Domingo Fernández, seus fregueses, por telo tratado mal de obras e palabras, ante Antonio*

¹⁶⁰ Frei Martín Sarmiento en *“Viaxe a Galicia 1745”*, folio 106 r. No folio 120 v. vólvese a mencionar un testamento dado en Santa Clara no 1420.

¹⁶¹ Pazos Portela Salustiano. *“Apuntes para la Historia de la Isla de Ons”*. Cuadernos de estudios gallegos. Tomo XXVII de 1954. Páx.-36-37. Cita do Museo Pontevedra- Arquivo Sampedro facilitados polo Marqués de Maceda

¹⁶² Pazos Pérez, J. Lino. *“Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas”*. Deputación de Pontevedra. 1999. Páx. 64.

¹⁶³ *“Na illa de Ons viviron monxes beneditinos da Recolección e reuníanse na igrexa ás horas dos Divinos Oficios”*

¹⁶⁴ *“Tamén persiste a tradición, con engadidos de lenda, de que existiu no XV un Mosteiro situado no mesmo lugar que ocupa outro aínda existente {¿?} en estado ruinoso”*(Salustiano Portela).

“Estivo a súa igrexa vinculada ós monxes de Calogo e despois ós de Ermelo. Os fieis de Ons eran atendidos por un monxe ou sacerdote que eles mesmo designaban”.

“En Ons sempre houbo monxes que viviron coma ermitáns, só abandonaban a illa cando era asolada por piratas”

¹⁶⁵ Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. [No Arquivo dos Marqueses de Mos – nº 77 \(1584\)](#). Neste mesmo arquivo hai outra denuncia no ano 1605 contra outro ermitán, non residente en Ons, por pastar ilegalmente gando vacún e equino.

Sarmiento de Montenegro, Sor de ditas Illas...”¹⁶⁶. Ata coñecemos como se chamaba o párroco e, aínda que sexa pola omisión, este parece non ser monxe de ningún cenobio ou mosteiro. Sen embargo é a primeira vez que a illa aparece como parroquia (no 1584, freguesía), o que non quere dicir que o fose, ou polo menos así non consta en séculos posteriores. Sinalar que o que exercía de dono da illa por estas datas era Antonio Sarmiento, aínda en litixio pola propiedade co cabido da catedral de Santiago de Compostela.

En canto ao que supón para a propiedade futura da illa pero tamén do que non se di que haxa (mosteiro, igrexa, ...), é o ano 1562 no que “*Concluíndose con ilo as disputas e preito que sobre tales pertenzas mantiveron os prelados santiaguistas e a poderosa casa dos Montenegro*”[...] “*recibe do Arcebispo D. Gaspar de Zúñiga y Avellaneda a illa de Ons e as súas dúas (Centulo e Onceta) inmediatas en feudo perpetuo, previo o cerimonial de preito homenaxe protocolario*”¹⁶⁷ a consecuencia do cal asináronse poderes para que se actuaran na illa mantendo a orde, o que implica que nestas datas seguen a estar poboadas.

Uns anos despois, no 1594, o cura de Leiro (Rianxo), Amaro González, di que “*había moitos ladróns corsarios*¹⁶⁸ *e luteranos, que roubaban canto atopaban así de barco, como do demais... Neste tempo saqueouse a illa de Hons, e dicían queimaran a igrexa dela, mais non fixeron mal aos veciños senón levarlles seus gandos e bens...*”¹⁶⁹

O que ardeu non debeu ser moito pois no ano de 1598 seguía Ons a ter igrexa, con advocación de Santa María da Illa de Ons, no

¹⁶⁶ Portela Pazos, Salusiano, “Apuntes para la Historia de la Isla de Ons” en Revista Cuadernos de Estudios Gallegos XXVII – 1954. Páx. 53. Cita do Museo Pontevedra- Arquivo Sampedro facilitados polo Marqués de Maceda

¹⁶⁷ *Ayer de Pontevedra*. Efemérides. Modesto Rodríguez Figueiredo. Páx.149

¹⁶⁸ Especialmente activos neste último decenio do s. XVI. Lembradas nos libros de historia, pola fama das personaxes, serían as incursións pola costa galega (Cíes, Baiona, Vigo,...) de Francis Drake, Henry Norreys, etc..

¹⁶⁹ López Ferreiro, Antonio. “Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago”. Tomo VIII. Santiago 1905. Páx. 315.

Arcediagado do Salnés tal e como se reflicte documentalmente nunha visita arcebispal nese mesmo ano¹⁷⁰.

Anos despois, 1611, vemos a vinculación de Ons co mosteiro de Oseira cando menos no que respecta á administración de xustiza xa que houbo “*nomeamento de Juan Pardo, meiriño e xustiza no porto de Marín polo mosteiro de Oseira, para o cargo de alcalde maior e xuíz das illas...*”¹⁷¹

A festividade de San Martiño segue a aparecer relacionada coa Illa de Ons aínda que sexa como referente para o pago da metade do aforamento dese territorio a Baltasara de Montenegro¹⁷² a partires de 1685.

Para a seguinte referencia da igrexa temos que achegarnos aos inicios do s. XIX, para que “*Salvador López Gil, cura de Sanxenxo e Comisionado pola Xunta Superior do Reino para a fortificación das illas de Ons e Onza*”¹⁷³ ideou repoboar e alugar a illa para facer fronte aos gastos das obras. Tamén propuxo arranxar o que quedaba da antiga igrexa para que lle fose útil aos traballadores-colonos.

O 31 de xullo de 1837 adscribíse a Illa de Ons ao concello de Sanxenxo e non “*teñen igrexa nin ningunha crás de santuario*”¹⁷⁴.

A principios de 1838 cunha carta ao arcebispado de Santiago do monxe bieito exclaustroado Frei Manuel Mos “*solicitando o seu permiso para facer e bendicir unha capela na Illa de Ons para dicir o Stº sacrificio*

¹⁷⁰Arquivo da Catedral de Santiago (1598) Visitas do Arcebispo Libro III, 1598, IG-277, f. 186 vº Cita aportada por Paula Ballesteros Arias e Cristina Sánchez de «Ons: una illa habitada» Capítulo 4 (X) ‘Arco con gravado’

¹⁷¹ Diego Arias recibira en 1112, da raíña Urraca, “*Marín co Coto reguengo e as igrexa*” (Tumbo novo. Libro VII fol. 2. Arquivo Histórico de Ourense). Co posterior ingreso de Diego Arias no mosteiro de Oseira este fixo doazón a este convento de todos os seus bens co que ía incluído o Coto marítimo de Marín que alcanzaba o mar ata a Illas de Ons.

¹⁷² Rodríguez Figueiredo, Modesto. *Ayer de Pontevedra*. Efemérides. Páx. 264: Baltasara de Montenegro, casada co 1º conde de Maceda, Bernardino Lanzas, afora Ons a Juan García Torres e a Juan Padín de Torres, da Granxa da Arra e veciños da freguesía de Adina, por 800 reais de velón anuais a pagar 500 polo S. Martiño e o resto en cartos ou en especies (100 coellos en total) repartidos polo Nadal e polo S. Xoán...

¹⁷³ Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela (ACS). Mazo 423. Ano 1810.

¹⁷⁴ Fariña Jamardo, Xosé. “A adscripción municipal da Illa de Ons”. Pontevedra nº 4 páx. 136. Revista de Estudos Provinciais. Deputación Provincial de Pontevedra, 1990. A adscripción da Ons a Bueu faise por Real Orde do 20 de novembro de 1844.

da Misa”. provocou unha correspondencia epistolar¹⁷⁵, a petición do arcebispado, con párrocos de Noalla, Beluso e Bueu dalgún xeito implicados cos veciños da illa. O cura de Noalla, no que atinxe á igrexa e ao seu estado di: “..14 veciños con casas de vivir cuxo número de almas ascende a 83 [...] Esta illa pola súa proximidade pertence a San Estevo de Noalla, de quen foi sempre dependente; antigamente foi parroquia e aínda consérvase case medio edificio da igrexa co altar que a pouca costa lle pon corrente lle titulaba S. Martiño de Ons...” E o que si é importante, para seguirlle a pista ao de Sta María de Ons, son as palabras case iguais nas cartas do cura de Beluso e do de Bueu: “souben de suxeitos de moita idade que por tradición dicíase que unha pila de auga bendita que hoxe hai na parroquia de ST^a M^a de Beluso viñera da Pila de Ons, así tamén como a imaxe de Nosa Señora que se di que foi a Patroa de St^a M^a de Ons na illa, que está colocada ao lado do evanxeo, coa devoción da Virxe do Carme na referida igrexa de Beluso...”

E así chegamos ao ano 1848 que o Marqués de Valadares manda edificar unha igrexa¹⁷⁶ que no mes de outubro dese ano é bendicida, coa advocación de S. Xaquín na honra da súa muller Joaquina Montenegro.

Érase unha vez...

Postas as bases da documentación máis coñecida sobre o tema «igrexa e/ou mosteiro» na illa Ons só nos quedaría rematar aportando algo novidoso, ou sacando conclusións irrefutables, ou separando as lendas e historias repetidas sen fundamento, ou ..., ou cuestionándoo todo. Mais o espazo para o artigo ven limitado e as gañas de ser ‘politicamente correcto’ parece que prevalecen, aínda que non de todo... Estas serán as desculpas para, nun remuíño de ideas, facer que xurdan preguntas, respostas, afirmacións, dúbidas, etc. que nos permitan un

¹⁷⁵ Cartas ao arcebispo. Cartafol 60 (antes Mazo 1141). Serie Varia. Arquivo Diocesano.

¹⁷⁶ A actual Igrexa vella situada por riba de Canexol. Para ampliar os pormenores da igrexa de Ons ler artigo “A igrexa vella da illa de Ons” de Arturo Sánchez Cidrás, na revista Aunios, número 22. Ano 2017. Páx. 55-61.

enfoque creativo¹⁷⁷, estratexias novidosas e nos aclaren, ou todo o contrario, os coñecementos que temos da illa de Ons.

Comezaremos polo mosteiro da illa de Ons. Houbo ou non tal mosteiro? De habelo: cando? De que tipo? Como era? Onde estaba?

De haber existido o mosteiro ou algo semellante, cos datos que temos seríanos moi difícil datar a súa fundación e desaparición onde, entre outras cousas, parámetros de seguridade condicionaron no tempo a ocupación da illa¹⁷⁸. Mais antes de nada habería que diferenciar e definir o significado estrito das palabras eremitorio, cenobio, mosteiro, convento, abadía, priorado, etc. Con respecto a elas, nas referencias de Ons, destas palabras chegaría con cinguirnos ás tres primeiras e, a súa vez simplificalas ou acoutalas a un lugar, ou a un edificio, onde vive alguén unha vida relixiosa.

Tamén teríase que barallar a posibilidade de que ao longo dos séculos (VI ao XVI) houbera alternancia das distintas formulas de retiro persoal ou comunitario que se viron acompañadas coas épocas de poboamento e despoboamento dada polas distintas incursións xa mencionadas. Proba disto e a semellanza a outras illas, por exemplo as Cíes¹⁷⁹, temos eremitas en Ons documentados no s. XVI.

E se ampliamos o horizonte de visión e o estendemos a outras illas e terras próximas ao mar do litoral galego atopariámonos con moitísimas coincidencias non só de lendas, elementos atopados, advocacións relixiosas, etc. senón, e tamén, dun pasado reflectido na toponimia.

Moitos destes indicios comparativos poderían apuntar, polo menos no primeiro momento, a un pequeno cenobio da época altomedieval. Se



Furna do Buraco do Inferno

¹⁷⁷ Por moi '*sen pés nin cabeza*' que se nos antolle, a priori non hai que esgotar ningunha hipótese por pouca posibilidade que teña de ser certa.

¹⁷⁸ Esta estaría relacionada coas incursións marítimas de distinto tipo e procedencia: musulmáns, normandas, piratas, ... ou por non adaptarse á súa estrutura de comunidade aos preceptos ou regras novas.

¹⁷⁹ Dous eremitas na Illa Faro no s. X e un ermitán na de S. Martiño no s.XIII. Logo no s. XIV, mosteiros nas tres illas.

houbera que datar o século ideal sería o VII, pois aínda que foi S. Matíño de Dumio o que iniciou a cristianización do pobo suevo¹⁸⁰, dos seus ritos e ata dos mesmos lugares de culto pagan nos que estes se practicaban, sería o godo San Frutuoso, tamén bispo de Braga, o que continuaría o seu labor e o que máis influiría no acontecer relixioso da nosa contorna xeográfica; o verdadeiro artífice do agrupamento de ermitáns (para mellor subsistencia e acomodo) cós que fundou pequenos cenobios¹⁸¹, mosteiros¹⁸², igrexas, ermidas¹⁸³, etc.

Acceptariamos como premisa que o que puido haber en Ons era un pequeno espazo onde un reducido grupo compartía vida de xaxún e oración (cenobio→vida en común). Se isto foi así, por que non analizar se este agrupamento fora familiar¹⁸⁴, dúplice¹⁸⁵, mixto¹⁸⁶ ou de xénero (masculino ou feminino)?

O de que houbera monxas en Ons non sería algo estraño, xa que noutras illas da contorna hai indicios de que as houbo¹⁸⁷. Aparte do xa citado, vémolos afianzados ao utilizar esa arma chamada *toponimia* que nos serve para fundamentar aspectos da paisaxe, dos acontecementos, etc. que definen a un pobo e á súa xeografía.

¹⁸⁰ Que procedente de Centroeuropa estaba asentado no noroeste peninsular e no s. VI tiñan a Braga como capital.

¹⁸¹ Agochados entre montañas ou nas illas como a de Tambo e noutras como os que fundou na illa León, preto de Cádiz.

¹⁸² Uns vinte mosteiros por todo o occidente peninsular.

¹⁸³ Como a que había en Marín, a da Nosa Sra. da Guía. A pesar de ser pouco probable polas datas da súa fundación (s. VII) esta estivo atribuída a S. Martiño de Dumio.

¹⁸⁴ Con anterioridade ao s. XI era habitual comunidades “ascético familiares”. Moitas familias optaban por fundar mosteiros nas súas casas, fundar igrexas, etc.

¹⁸⁵ Mulleres e homes están separados pero comparten unha mesma autoridade e algúns lugares comúns como a igrexa. “En Galicia o fenómeno dúplice tivo especial arraigo, sendo a forma máis habitual de fundación monástica ata o século XII”. “As casas dúplices teñen a súa orixe nos primeiros estadios do monacato hispánico; un monacato de raíz suevo-visigoda, moi escasamente documentado...”. Blanco Brey, Iria. “O monacato dúplice na Galicia medieval: orixes, desenvolvemento e o caso da provincia de Pontevedra”. Malgures. Tomo XII – 2017. Asoc. Cultural de Estudos Históricos de Galicia. Páx. 81-106

¹⁸⁶ Mulleres e homes conviven sen separación algunha.

¹⁸⁷ Como é o caso da illa Norte de Cíes. No s. XIV é probable que houbera un mosteiro de monxas baixo a advocación de S. Paio. Hai na actualidade o topónimo “*Praia das Monxas*”, entre o peirao de Rodas e Punta Muxeiro, próxima ás ruínas da ermida da Virxe do Carme. En S. Martiño de Cíes tamén hai unha furna que se chama “Furna da Relixiosa”.

Fixándonos no mapa de Pontevedra que Francisco Coello¹⁸⁸ publicou en 1856 podemos decatarnos que o actual topónimo da furna *Buraco do Inferno* era coñecida como “*Caverna llamada el Convento de monjas*”. No mesmo mapa podemos ler o topónimo *Iglesia*¹⁸⁹, actual *Canexol*, e o de “*Cama do Crego*” que fai referencia á sepultura antropomórfica¹⁹⁰ que hai nunha laxe que está entre as praias de Canexol e dos Cans e á que se pode chegar na baixa mar. Os topónimos relixiosos nese lugar son abondosos aínda hoxe en día¹⁹¹. Xurxo Lorenzo a describe na visita no 1934 como: “*En troques vimos a «Illa do Crego», que é un penedo apartado uns 50 metros da costa, que ten esculpido no seu curuto un sepulcro antopoide de 1’80 ms. de lonxitude, rematado por una cruz de pedra*¹⁹², máis moderna, chantada na parte correspondente á testa¹⁹³”. Na mesma época, revista e tema da Laxe do Crego hai referencia á radicación do mosteiro por parte de Álvaro das Casas: “*A tradición dí que antigamente a terra adiantaba aínda*



Ons no mapa de Francisco Coello-1856

¹⁸⁸ “*Atlas de España y sus posesiones de Ultramar*” do Coronel, Tenente Coronel de Enxeñeiros, Francisco Coello (auxiliado nas notas estatísticas e históricas por Pascual Madoz). Madrid 1856.

¹⁸⁹ Topónimo que consideramos normal dado que era a zona que 8 anos antes fora construída unha capela baixo a advocación de S. Xoaquín

¹⁹⁰ Tres son os artigos que nesta mesma publicación se fixeron: no Aunios nº 12 páx. 38-42. *Ritos, Contos, Lendas e Historias da Illa de Ons: Sepulcro antropomorfo “Laxe do Crego”*...de Celestino Pardellas de Blas. No Aunios nº 18 páx. 16-18. *Do Sartego a Laxe do Crego* de Henrique Dacosta López. No Aunios nº 22 páx. 79-80 *A Laxe do crego: unha aproximación explicativa* / Fernando Cabeza Quiles.

¹⁹¹ Aparte dos que recolle Fernando Cabeza no artigo citado na nota anterior os que se recollen en “*O Buraco do Inferno: toponimia mariñeira do mar de Buen*” Coord. Alberto Garazo. Edit. Confraría San Mariño de Bueu. Os autores do traballo son Ramón Vilas, Juan Reiriz, Manuel Loira, Eliseo García, Francisco Rosas, Duarte Vidal e Antonio Piedras. Páx. 46.

¹⁹² Desaparecida hai décadas. Hoxe cun couce, resto do fuste.

¹⁹³ “Notas do meu diario arqueolóxico” por Xurxo Lorenzo na revista Nós. Nº 124 Abril-1934 páxina 87. Outra descrición da Laxe do Crego está no libro xa citado de Paula Ballesteros et al.: <https://cies.gal/a-laxe-do-crego-os-seus-lugares-ons-unha-illa-habitada-capitulo-4-vi/>

ben máis da laxe, e que neste lugar había un fermosísimo mosteiro que se esbarallou «cando os franceses»»¹⁹⁴.

En canto a existencia dunha igrexa¹⁹⁵ anterior á que na actualidade se coñece coma igrexa vella non hai dúbida polas citas aportadas. O difícil é indicar datas, que tipo construtivo tiña, se pertencía ou non á outra estrutura superior, etc. Polo de agora estamos condenados a seguir sen respostas. Ante a ausencia destas, imos tirar polos inicios eremíticos e preguntarnos se puido haber nalgún momento unha igrexa e/ou cenobio por escavación na illa de Ons. De habela, sería nunha furna antiga resgardada dos embates do mar ou nalgún burato grande ou cova. En Ons máis dun sinalaría ao burato do lugar coñecido coma Cova dos Mouros, que a xente describe, como experiencia persoal, antes de que unha chispa pechara parcialmente a entrada como: “*Era unha porta e ten dúas laxes ghrandísimas, unha por un lado e outra polo outro [...] pola parte de arriba tiña un buraco como un couso de cemento o pedra (como facendo marco) [...] Por aí hai escaleiras, por dentro, hai bancos de pedra [...] O burato é moi grande, baixas escalas para abaixo*



¹⁹⁴ “*A illa de Ons*” de Álvaro das Casas. Revista Nós. Nº 131-132-1934 páxina 169

¹⁹⁵ Quizais non única no tempo.

[...] *Por exemplo hai vinte escaleiras logo unha calzada para abaixo e despois máis escaleiras ...*”¹⁹⁶

Ao longo de toda a xeografía ibérica¹⁹⁷ danse estas ‘ermidas rupestres’ con máis frecuencia do que podería pensarse. Sobre todo no s. X. Así vemos que no Tumbo da Catedral de León (fol. 24v^o) pode lerse que un tal Pelagio doa “*illa penna intus cabata*” e dedicada ao bispo S. Martiño¹⁹⁸, aos monxes Crescenciao e Gamil, no ano 990¹⁹⁹.

E para ir rematando, amentar que “*xunto á antiga rectoral aparecen dous hórreos de pedra de boas proporcións situados sobre celeiros pechados por catro muros de cachotería*”²⁰⁰ que acubillan elementos pétreos que nos trasladan a un pasado que non acabamos de confirmar.

Por unha banda, na parte exterior dos celeiros poden observarse unhas serie de pedras



traballadas con perfíles e tamaños diversos. Algúns con rebaixes que denotan claramente a súa pertenza a unha estrutura arquitectónica diferente. A reutilización deste tipo de materiais non é de estrañar, sobre todo se pertenceu a unha construción derruída próxima; así como que estean radicados no lugar que no seu momento foi casa principal.

¹⁹⁶ Transcrición dunha entrevista que Paula Ballesteros fixo a una dona da illa. Aparece nun vídeo do libro dixital “Ons, una illa habitada”. Lendas


¹⁹⁷ Por poñer algún exemplo citaríamos do sur as Mesas de Villaverde-Málaga (Moi ven estudadas e documentadas na Memoria das escavacións que publicou en 1927 C. de Mergelina). Máis ao norte, unha morea delas estudadas na tese doutoral de Vanessa Jimenez Guerra e publicada co título “*Arquitectura excavada y aprovechamiento de cuevas naturales en la Edad Media en la provincia de León*”.

¹⁹⁸ Pero San Martiño de Tours, non de Dumio como cabería esperar. A miúdo nas haxiografías mesturan aspectos relevantes das súas biografías xa que ambos son nados, en séculos diferentes, na mesma rexión húngara, os dous foron bispos, etc. O esquecemento e a confusión de nomes que o paso do tempo dou lugar fixo que maioritariamente quedou o de Tours como santo en case todas as parroquias galegas. A isto tamén influíu que se celebrase en época de alegría na que os labores do campo xa está feitas, as artesas cheas de comida para poder afrontar o inverno.

¹⁹⁹ Gómez-Moreno, Manuel. “Iglesias mozárabes. Arte español de los s. IX a XI”. Centro de Estudios Históricos. Madrid, 1919. Páx. 95

²⁰⁰ Llano, Pedro del “*Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida*”. Edicións do Castro, 1981. Páx 61

A sorpresa maior podemos atopala cando accedemos a un dos celeiros e na súa parede contemplamos parte dun arco de pedra de factura pouco elaborada, dunha soa peza e aproximadamente de 1 m de diámetro no que está inscrito o lema ‘SANTA MA’ no que se intúe de estar completo a posibilidade de rematar a palabra en ‘RIA’. Paula Ballesteros e



Cristina Sánchez apuntan²⁰¹ a que *“A inscrición está realizada con punteiro metálico [...] Dende o punto de vista estilístico, trátase dunha letra humanística con cronoloxía entre o século XVI ata a actualidade, pero polo seu desenvolvemento estaría entre o século XVI e XVII.”*

O de equiparar a inscrición coa advocación antiga de Santa María é a intención case inmediata que habería que resolver situando a pedra nunha igrexa ou nun mosteiro formando unha arquivolta da portada ou algo similar.

A racionalidade dime que moitas das veces fanse concordar (consciente/inconsciente) as probas coas ideas previas que un ten, polo que hai que procurar ser rigoroso nas conclusións. Para evitalo, precisaríase un fondo traballo de campo centrado en prospeccións de fundamento nas zonas ben localizadas polos estudosos e coñecedores de Ons. Estudo que iría en paralelo a unha revisión dos coñecementos documentais e unha amplificación do abano arquivístico (público ou privado) onde aínda queda moito que cribar e relacionar.

Todo isto non chegaría a bo porto se non contara coa axuda dos veciños, na busca de máis restos pétreos (elementos soltos ou formando estrutura) que de seguro haberá soterrados ou reutilizados formando parte como elementos construtivos diversos.

²⁰¹ Paula Ballesteros Arias e Cristina Sánchez de «Ons: una illa habitada» Capítulo 4 (X) ‘Arco con gravado’. <https://cics.gal/arco-con-gravado-os-seus-lugares-ons-unha-illa-habitada-capitulo-4-x/>

« O cemiterio de Ons»

«O cemiterio de Ons»²⁰²



Ons en 1984. Foto de Afonso Fernández

A rosa dos ventos pola que se guiou a Illa de Ons ao longo da súa historia marca moitos rumbos nos que sobresaen como puntos relevantes no seu horizonte: a Dependencia, a Alternancia, a Supervivencia e o Sacrificio. Dependencia que oscila no rango da supeditación e vinculación tanto do territorio como das persoas; a Alternancia ligada a tempos de ocupación e abandono; a Supervivencia ante unha natureza e acontecementos moitas veces adversos que os seus moradores teñen que enfrontar cun cambio da dirección no cuadrante do Sacrificio.

Este vivir na illa tamén significa morrer nela. E isto para os habitantes de Ons nas distintas épocas de asentamento converteuse nun problema que se ía resolvendo segundo a época, a meteoroloxía e as circunstancias sociais do momento, así como as específicas do defunto.

²⁰² Publicado no n° 23 da revista Aunios en maio 2018, páx 63-67.

Do poboamento das épocas máis remotas dan constancia os petróglifos²⁰³, O Castrelo dos Mouros, Xacemento romano de Canexol, etc. Pero desde canto máis atrás no tempo menos información temos das formas e lugares de enterramentos. Case sempre xustificada esta falta de información pola ausencia de evidencias como na época que moitos chaman de forma xenérica castrexa, por mor de que a incineración foxe o habitual no tratamento dos cadáveres (Felipe Arias:1984, 19).

A partires da idade media hai indicios que fan pensar aos estudosos de Ons da posibilidade dunha pequena poboación relixiosa cun probable cenobio o que implicaría, de perdurar un tempo razoable, a existencia dun lugar de enterramento dos monxes e/ou ermitáns²⁰⁴. Mais ao non documentarse con certeza tales sucesos temos que deixalos no caixón do que “puido ter sucedido”.

Dende a repoboación das Ons do século XIX temos información máis fiable e documentada²⁰⁵ sobre o acontecer coas persoas falecidas. En canto ao lugar utilizado como enterramento o feito de que segundo os costumes culturais e relixiosos da sociedade da illa, e de grande parte da contorna, requiríase dar sepultura en “lugar sagrado”, faríanos pensar que o feito de construír²⁰⁶ a igrexa vella, esta sería un espazo arredor do cal poder ser utilizado como cemiterio. Máis non foi así, polo menos nos case 40 anos seguintes.


²⁰³ Idade de Bronce (algúns pode que anteriores) e de Ferro, respectivamente (Ballesteros e Sánchez: 2014).

²⁰⁴ Hai quen relaciona, entre outras posibilidades, a tumba antropomórfica da Laxe do Crego con este momento da historia de Ons.

²⁰⁵ Cos asentamentos nos libros de defuncións das parroquias que datan, os primeiros, de finais do s. XVII e o rexistros do xulgado municipal, no caso de Bueu dende pouco antes de mediados do s.XIX.

²⁰⁶ Mandouna facer o Marqués de Valadares en representación da súa muller Joaquina Montenegro, propietaria da illa. Iniciouse a construción no 1847 e foi inaugurada o 30 de outubro de 1848.

Nun principio²⁰⁷ eran levados aos cemiterios das parroquias orixinais dos falecidos²⁰⁸ coas excepcións dos dous que, por culpa do temporal, un foi soterrado no areal de Curro (1857) e outro no lado “*norte da capela*” (1863). Será a partires dos falecidos en 1887 cando comezaron os enterramentos, de forma habitual, no atrio da capela a pesar de que a profundidade da terra non superaba o medio metro en moitos lugares da súa superficie (Salustiano Portela: 1954, 59).



Asentamento dun falecemento en Ons.
Enterrado en Beluso

Curiosamente será este o lugar, á beira da capela, no que a tradición oral sitúa o final do percorrido da Santa Compañía: “*onde desaparece baixo terra*” (Fernando Alonso: 1996,289).

Así temos a finais dese mesmo ano de 1887 correspondencia cruzada



Capela Vella de Ons. Foto de Afonso Fernández

entre o Gobernador Civil e o Arcebispo solicitándolle aquel que crease unha parroquia na illa de Ons xustificándoa pola distancia á costa, pola grande cantidade de veciños, a incomunicación “*imposible algunhas veces pola exposición da travesía especialmente no inverno [...]*

Estes obstáculos invencibles motivaron que repetidas veces tivese que

²⁰⁷ Como recollen os libros parroquiais de Beluso, Noalla, etc. e ben resume Salustiano Portela na páx. 59 de «*Apuntes para la historia de la Isla de Ons*».

²⁰⁸ Hai constancia da opinión dos moradores de Ons nos que (1847) “*protestaron que non consentirían que se fundase alí parroquia porque non queren desprenderse das freguesías á que pertencen fóra da illa, nas que recibiron o bautismo, compren co precepto pascual e se casaron, teñen enterrados os restos mortais dos seus maiores*” (Carta ao arcebispo do párroco de Vilaboa en outubro de 1847)

darse sepultura na praia aos que morren naquela localidade, dándose un espectáculo pouco edificante e moralizadores, ademais das consecuencias lóxicas de quedar expostos os cadáveres aos perigos do mar e dos animais; a parte da exposición polos habitantes da Illa polas emanacións pútridas que poidan producir, e non é aventurado atribuír a isto unha das causas das febres epidémicas que este verán se desenvolveron alí”.

En todas as épocas os poboadores da illa viron a necesidade dun cemiterio que non fora o mar nin que os desapegara da súa terra. Este desexo foi medrando e fíxose explícito sobre todo a partires do inicios do século XX debido a que unha grande parte da poboación xa non estaba ligada coas parroquias de procedencia dos seus pais e avós, pois naceran e medraran na illa e o seu horizonte era o que se divisaba desde a mesma.

Pero non será ata o ano 1945, no que a Corporación do concello de Bueu, a petición destes veciños, se decida a solicitar un Cemiterio para Ons. Fíxérono por escrito ás autoridades militares propietarias da administración da illa. A partires dese momento comeza un intercambio de cartas entre administracións distintas que pasan o problema dun lado ao outro pero sen resolvelo ningunha nuns cantos anos.

O 3 de agosto dese ano de 1945 no concello recíbese unha carta do Xefe de Propiedades Militares de Vigo na que se indica que informara á superioridade da petición do Concello para un Cemiterio na Illa de Ons pero antes deberase concretar por parte da Corporación: Quen verificará as obras do Cemiterio, metros de terreo necesarios e quen será o Administrador que se fará cargo do citado cemiterio.

O alcalde resposta uns días despois nos seguintes termos: Que as obras deben correr a cargo do Ramo de Guerra propietario da illa²⁰⁹. Que o lugar de emprazamento xa está demarcado; que é onde, ata esta

²⁰⁹ Isto fora acordado pola Xestora do Concello o 26 de xuño de 1945.

data, se producen as inhumacións (na contorna da igrexa) e que o encargado, de forma provisional, poderá ser o alcalde de barrio.

Os militares seguen a dubidar das intencións do concello en canto á responsabilidade da edificación proposta e, un mes despois, pídenlle ao alcalde que precise detalladamente das ordes e disposicións polas que estaría obrigado o “Ramo da Guerra” a realizar ao seu cargo as obras necesarias para o peche de dito cemiterio.

A resposta do concello foi que por parte deste en ningún momento se invocou disposición algunha que obrigue ao Ramo de Guerra á construción dun Cemiterio na Illa de Ons. O que lle indican é que xa que a zona nese momento se dedicaba a enterramento, *“para evitar o espectáculo pouco decoroso de que nel siga apacentándose gando”* sería conveniente pechalo. E, pasado un mes sen resposta, o alcalde decídese a solicitar directamente, a Propiedades Militares, autorización para a construción por parte municipal do cemiterio.

Neste caso a resposta foi rápida, xa que dous días despois (24-10-1945) recíbese na alcaldía de Bueu un oficio do Xefe de propiedades Militares de A Coruña, dicindo que ante o escrito presentado polo concello de Bueu para a construción dun cemiterio en Ons recibiu comunicados dos seus superiores (Coronel Xefe de Intendencia Militar, do Capitán Xeneral desta Rexión, do Coronel Xefe da Comandancia de Fortificacións e Obras desta Rexión Militar) na que lle indicaban *“que dada a pequena importancia da obra, entende que non habería inconveniente en autorizar a dito Concello para que pola súa conta se constrúa, sen que iso implique diminución nos dereitos de propiedade do Exército sobre os terreos da citada Illa”*.

O 19 de novembro de 1945 o alcalde de Bueu envía un oficio ao Xefe de Propiedades Militares dicíndolle que dera conta, á Xestora que el preside, da comunicación recibida por parte das distintas autoridades militares polo que se lles autoriza a construír o Cemiterio de Ons, por *“non ser procedente que o Exército sufrague este gasto, nin propor-*

cione materiais; resólvese que a Comisión Municipal de Facenda, informe respecto ao particular”.


A pesares da disposición do concello de facerse cargo da obra os atranco burocráticos, a busca de subvencións, etc. fan que cheguemos a marzo de 1950 onde o arquitecto Enrique Álvarez-sala y Moria presente a Memoria e planos da obra do Cemiterio de Ons. Na súa Memoria conséntase a existencia dun cemiterio previo²¹⁰ e, á vez, evidenciase o descoñecemento da realidade da localización do mesmo pois non ten en conta a existencia da igrexa e deseña un novo cemiterio pechado ao redor da figura central dun cruceiro:

“O obxecto da presente memoria é a descrición das obras a executar para o arranxo do Cemiterio da Illa de Ons, pertencentes ao Concello de Bueu.

O cemiterio existente ten derruídas parte das súas paredes o que fai que dentro do mesmo entren toda clase de animais, profanado o lugar e dando orixe a que os veciños das 80 familias que dedicadas á pesca moran en ditas illas, se dirixiran ao concello en rogo de que solicitase axuda ao Ministerio da Gobernación para conseguir o peche total do mesmo.

Este peche proxéctase coa mamposteiría formigonada en cimentos, zócalos e paredes de cantería hidráulica con xuntas de morteiro de portland e remate da parede con cabaleta a dúas augas para a chuvia.

Ase mesmo tamén se prevé o arranxo da porta de entrada, encaixando as fixas na pedra e colocando unha lousa de pedra que ao mesmo tempo que serva de limiar, facilite o xiro”.



²¹⁰ De feito hai unhas cantas lápidas que dan testemuña del como, entre outras, as de José D. O. en 1923 ou de José L. G., Josefa R. R., Francisco O. V. e Jacobo M. B. nos anos trinta ou Antonia G., Rosa P. C., Emilio P. C., Perfecto V. S., José V. P. nos anos corenta do século pasado.

*Pontevedra 20 de Marzo
de 1950*

Na Memoria de
*“Medicións e Presuposto
para o arranxo dos muros de
peche do cemiterio
actualmente existente na
Illa de Ons – Concello de
Bueu”* o arquitecto o



Cemiterio de Ons. Foto de Afonso Fernández

cuantifica cun Total de execución material de 16.666,66 pesetas.

Durante os meses seguintes o alcalde segue a solicitar subvencións para este fin. E o 25 de maio dese ano de 1950 o Gobernador Civil, na súa calidade de Presidente da Xunta de Axuda a Municipios e Institucións, lle comunica ao alcalde de Bueu que a dita Xunta aprobou subvencionar con 10.000 pesetas a obra do Cemiterio de Ons solicitada polo concello de Bueu²¹¹. Ponlle un prazo de inicio de 10 días execución de 2 meses coas seguintes condicións engadidas: Deberá axustarse o máis posible aos planos da Xunta de Axuda a Municipios, a data de inauguración a fixaría o Goberno Civil e deberían levar *“en lugar claro e visible, o XUGO e as FRECHAS, emblema do Movemento e as iniciais J.A.M. (Junta Ayuda a Municipios), co data do ano en execución”*.

Os datos deste informe e a Financiación infórmanse na Comisión Municipal Permanente do Concello (21-6-1950) e de aquí pídese un informe da Secretaría para que pase todo a Pleno. Entregándose un informe favorable e aclaratorio da forma a proceder (neste caso concurso de urxencia) e nas que da subvención de 10.000 pesetas hai que quitarlle o 11,30% de gravame para Rexións Devastadas (1.130 pts) polo quedarían 8.870 pesetas²¹².

²¹¹ Dun Total presupostado de 16.666,66 pesetas quedaría cunha aportación do 60% do Ministerio da Gobernación e do 40% do Concello (prestación e material).

²¹² 28-6-1950

A pesar de todo, as cautelas, cruce de permisos, burocracia, etc. van alongando pouco a pouco o proxecto: Notificacións do Pleno Municipal (30-6-1950), logo da Permanente (1-7-1950), novo permiso para as obras²¹³ aos Militares (8-7-1950), comunicación ao cura párroco de Beluso (e da Illa de Ons), etc.

Interesante é coñecer a contestación do cura de Beluso, José M^a Blanco Clemente, ao alcalde de Bueu indicándolle *“que na Illa de Ons hai unha media de tres ou catro defuncións anuais e que o cemiterio terá capacidade para unhas trinta sepulturas, levándoas debidamente ordenadas.*

Que, como nos é perfectamente sabido, tan pronto o permitan as circunstancias económicas do propietario da mesma, esta Illa de Ons será artillada e evacuada dela a xente civil polo que nin sequera miro a conveniencia

*das ditas obras. Que polo que respecta ao párroco, non hai inconveniente a que se realicen as obras que a alcaldía crea necesarias no referido cemiterio.”*²¹⁴



Durante uns meses seguen os enmarañados trámites, solicitudes de autorización, exposición e publicación no Boletín Oficial da Provincia para finalmente chegar a adxudicación²¹⁵ das obras ao único contratista que se presentou ao concurso: Domingo Álvarez Gómez. O presuposto e condicións para o cemiterio xa estaban diminuídos con respecto ao proxecto inicial: *“CEMITERIO.- Muro de mampostería ordinaria revestida con mestura de cemento polas dúas caras. A súa coroación en forma de cabaleta e cimentación mínima de cincuenta centímetros, en total 146 metros, a 60 ptas, 8.760 pesetas. Colocación do portal de ferro*

²¹³ Indícaselle que o terreo a ocupar polo cemiterio sería dun 300 m².

²¹⁴ Oficio manuscrito asinado o 21 de xullo de 1950. Arquivo M. de Bueu C. 499/5

²¹⁵ Na sesión da Permanente do 22 de novembro de 1950. No encargo, co peche do cemiterio, ía tamén a execución de dúas fontes cos seus lavadoiros por 13.324,50 pesetas.

que facilitará gratuitamente o Concello e dintel da porta cunha cruz, 123 pesetas”.

Transcorrido case seis meses, o contratista da por concluídas as obras (11-7-1951) e uns días despois “*A Comisión de Obras que subscribe, en cumprimento do precedente acordo, ten a honra de informar: Que examinou con detemento as obras de construción de dúas fontes e o peche do Cemiterio da Illa de Ons, adxudicadas a Domingo Álvarez Gómez por acordo da Permanente de 22 de novembro de 1950, podendo apreciar que están executadas con arranxo ás condicións contidas no presuposto respectivo, sen que se atope reparo que opoñer, e que están rematadas con amaño ás instrucións da Xunta de Axuda a Municipios, procedendo á súa recepción e pago. Non obstante a Permanente acordará o que mellor proceda. Asinan José Juncal e Agustín Freire”.*

Relación e medidas das “obras realizadas na Illa de Ons coas subvencións da Xunta de Axuda a Municipios:

CEMITERIO: Muros de mampostería, lado Sur, largo de 17,56 metros; lado Oeste de 15,55 m.; Norte de 17,75 m. e lado Leste de 15,77 metros de largo. Altura dos muros na parte máis alta, 2,07 m. e na parte máis baixa 1,35 metros. Total: (158 metros cadrados)”



Decatados da finalización das obras o gobernador civil envíalle (14-8-1951) ao alcalde de Bueu un oficio polo que lle comunica que fixo a transferencia de 13.324 pts, o 50% correspondente ás subvencións concedidas pola Xunta de Axuda a Municipios, polas obras de peche do cemiterio e dúas fontes, bebedoiros e lavadoiros de 5 prazas na illa de Ons. Tamén lle adxunta os recibos para unha vez cobradas as subvención sexan asinados e remitidos con catro

fotografías de cada obra. Dúas semanas despois o alcalde devolve os recibos correspondentes á subvención do cemiterio e dúas fontes na Illa de Ons pero non así das fotografías porque as das fontes saíron borrosas e hai que facelas de novo...

Por fin xa temos cemiterio pechado pero para que sexa “Campo Santo” hai que bendicilo e na Noitevella de 1951 hai unha Comunicación do alcalde ao Arcebispo de Santiago: *“Executadas e aprobadas as obras dun cemiterio de 16 x 16 metros na illa de Ons deste Municipio, previo informe favorable da Xunta Municipal de Sanidade e sendo o propósito que nel se practiquen as inhumacións, que actualmente se verifican en terreo aberto ao arredor da capela, permítome dirixirme respectuosamente a V. E. e R. co fin de se o ten a ben, se digne dispoñer a bendición de dito cemiterio”*. Pero pasan oito meses sen contestación do arcebispado polo que o alcalde envía unha nova solicitude lembrándolle a petición anterior *“bendición, se procede, do mencionado Cemiterio xa que podería presentarse dun momento a outro a necesidade de levar a cabo algún enterramento contiguo á capela, habendo un terreo acoutado a tal fin”*.

Descoñecemos se houbo resposta de Santiago pero de seguro que o cura de Beluso bendiciu persoalmente ou ao través do coadxutor encargado de Ons para poder enterrar “cristiamente” aos seus fregueses na illa como se fixo o 16 de xullo de 1952 coa meniña, dun ano, Josefa D. O.

E así parece que queda definitivamente resolto o problema do cemiterio de Ons.

Pero resulta que, en decembro de 1957, unha das moitas peticións de axuda que para realizar obras na Illa fixeran a alcaldía de Bueu saíu dun caixón do Comisario Nacional Director Xeral do Paro. E aprobouse unha subvención, cunha contía de 30.000 pesetas, para a construción de nichos no Cemiterio de Ons.

O Gobernador Civil, Rafael Fernández Martínez, na súa calidade de Presidente da Obra Social do Movemento lle comunica (19-12-1957) ao alcalde de Bueu que a dita xunta aprobou financiar con 29.400 pesetas a obra do Cemiterio da Illa de Ons solicitada polo concello de Bueu. Ponlle un pazo de inicio de 10 días execución de 3 meses coas seguintes condicións engadidas: A data de inauguración a fixaría o Goberno Civil e deberían levar *“en lugar claro e visible, o XUGO e as FRECHAS, emblema do Movemento e a inscrición “Obras Social del Movimiento” ou “Bajo la égida del Caudillo Francisco Franco”, coa data do ano en execución”*.

Pero ao pasar máis dun ano do prazo dado para a execución das obras o Gobernador civil, como presidente da Obras Social do Movemento, comunica (5-5-1959) que: *“Estimando que transcorrerá o tempo suficiente para rematar a execución destas obras, estableceuse de prazo ata o día 20 do actual mes de maio para a remisión da documentación interesada, transcorrido o cal e no caso de non recibirse esta entenderase que o concello renuncia á súa construción, procedendo en consecuencia a inmediata anulación das mesmas”*.

E así pasa o tempo sen obra algunha ata que a finais de xaneiro de 1960 temos que o Mestre Albanel encargado de executalas escribe ao alcalde de Bueu dicíndolle que a pesar de ter case todos os materiais a pé de obra desde fai algún tempo, a causa do temporal de inverno non lle foi posible dar comezo aos traballos, os que non poderá empezalos ata principios da primavera, en atención a que mentres persista o mal tempo de vento e choiva, non se atoparán obreiros que queiran desprazarse a dita Illa.



Cemiterio de Ons. Foto de Afonso

O Gobernador Civil escribe (6-4-1960) ao alcalde: *“Fago referencia ás obras de construción do Cemiterio na Illa de Ons, as cales foron aprobadas en data de 19 de decembro de 1957, coa subvención de 29.400 pesetas.*

Dado o longo tempo transcorrido sen que tivera lugar a xustificación de terminación das mesmas, e ante a manifesta imposibilidade de levalas a cabo esa Alcaldía, con data 8 de marzo último dispuxen o reintegro de dita cantidade ao Tesouro, polo que se entenderá definitivamente anulada a obra expresada.

O que comunico para coñecemento e efectos, debendo dar conta do presente escrito ao pleno da Corporación Municipal”.

Na sesión do Pleno Municipal do 29 de abril de 1960 dáse conta e esta Corporación queda informada *“do escrito do Goberno Civil do día 6 de abril último no que se manifesta que se dispuxo o reintegro de 29.400 pesetas ao Tesouro que foran concedidas coma subvención para o Cemiterio da Illa de Ons, ante a imposibilidade de realizar os traballos no prazo previsto, entendéndose definitivamente anulada a obra de que se trata”.*

Pouco a pouco o cemiterio foi esmorecendo e recibindo poucos ‘invitados’²¹⁶ a esa simbioses coa terra pois as súas xentes víronse forzadas a tomar outros rumbos aínda que, polo menos unha vez ao ano, se achegan a reivindicar aos que alí moran protexidos polas paredes dun cemiterio que tanto esforzo precisou.

²¹⁶ O último que se enterrou no cemiterio da illa foi Eduardo P. O. (18-11-1976)

BIBLIOGRAFÍA

Arias Vilas, Felipe. 1984. «*La cultura castrexa en Galicia*» na revista *Memorias de historia antigua*, Nº 6, pp. 15-34

Arquivo Diocesano

Arquivo do Concello de Bueu *Carpetas* 418/17, 451/3, 451/8, 499/5 e 2898/23

Alonso Romero, Fernando. 1981. «*Los orígenes del mito de la Sta Compañía de las islas de Ons y Sálvora*». *Cuadernos de Estudios Gallegos*. T-32 nº 96-97. Pp. 285-306.

Ballesteros-Arias, Paula e Sánchez-Carretero, Cristina. 2014. «Ons: unha illa habitada».

Ballesteros-Arias, Paula e Seoane-Veiga, Yolanda. 2012. “*Gravados rupestres na Illa de Ons*”. *Revista Aunios* nº 17. pp. 57-60

Ballesteros-Arias, Paula. 2008. “*O Xacemento romano do cantil de Canexol (Illa de Ons, Buen). O esquecemento do recurso mariño*”. *Revista Aunios* nº 13. Pp. 45-54

Ballesteros-Arias, Paula. 2009. “*Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das illas Ons (Buen, Pontevedra)*”. *Actuacións arqueolóxicas ano 2009*. Xunta de Galicia. Pp. 341-344

Sánchez Cidrás, Arturo 2017. “*A igrexa vella da Illa de Ons*”. *Revista Aunios* nº 22. pp. 55-61

Web: <http://www.cies.gal/tag/paula-ballestreros/>

AGRADECEMENTOS:

- Julita Rodríguez Galup e familia pola valiosa información aportada e polas facilidades dadas para acceder a ela.
- A miña filla Elena Sánchez López por ser a primeira lectora-correctora dos meus traballos.
- A Astrid Filgueira pola súa xenerosidade coa lingua.
- A Belarmino Barreiro Rosales como arquivista e como persoa sempre disposta a compartir e aclarar información.
- A Luís Pereira Alvarado que dende a Peroxa tivo tempo para revisar.
- A Celestino Pardellas de Blas (Tinón) por levar a Ons no sangue e conseguir que o mundo da cultura pouse a súa mirada na illa a través das revistas Aunios e Onstopus que dirixe.
- Ao Museo Massó de Bueu como institución e ao persoal do mesmo polas facilidades dadas para a divulgación da Historia de Bueu.
- Á familia Riobó (recordando especialmente a Lola Riobó).
- Ao equipo de *O Mar por diante* : Loli Docampo, Francisco Rodríguez e Xaime Toxo.
- A Xosé Leal , responsable da Concellaría de Cultura do concello de Bueu, e a toda a Corporación pola súa aposta pola Cultura.
- A todos os que levades a Ons no Corazón.



**Organizado polo
Concello de Bueu**